

**ACTA NÚM. 14 - DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA VINTE E UN DE OUTUBRO DE 2014.**

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **nove horas** do día **vinde e un de outubro de 2014**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión extraordinaria.

**ASISTEN:**

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas, Alcalde-Presidente.

**CONCELLEIROS/AS:**

**Grupo Municipal do PP:**

Don Ángel Benito Currás Fernández.  
Dona María de los Reyes Leis Rodríguez.  
Don Luís Mejjide Rodríguez.  
Don José María Rosende Rico.  
Dona Marta González Vázquez.  
Don Ramón Quiroga Limia.  
Don Manuel Martínez Varela.  
Dona María José Corral López.  
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.  
Dona María Jesús Amparo Sáinz García.  
Dona Teresa María Gutiérrez López.  
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.

**Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:**

Dona Mar Martín García.  
Don Benardino Higinio Rama Seoane.  
Dona Mercedes Rosón Ferreiro.  
Dona Marta Álvarez-Santullano Fernández-Trigales.  
Don Francisco Reyes Santiás.  
Don Gonzalo Muiños Sánchez.  
Don José A. Baqueiro Canabal.  
Dona M<sup>a</sup> de los Ángeles Gómez Bugallo.

Dona Rosario Valledor Puente.

**Grupo Municipal do BNG:**

Don Rubén Cela Díaz.

Dona Elvira Cienfuegos López.

Don Rafael Xesús Vilar González.

Don Vicente Calvo del Castillo, Interventor do Concello.

Juan Manuel Salguero del Valle, Secretario Xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

Non asiste a concelleira Dona Marta Álvarez-Santullano Fernández-Trigales.

**ORDE DO DÍA:**

**Punto único: Aprobación inicial da modificación de ordenanzas fiscais para o ano 2015.**

Cumpriméntase así:

O **Sr. Alcalde-Presidente** dá comezo á sesión correspondente á Aprobación Inicial da Modificación de Ordenanzas Fiscais para o ano 2015, punto único da orde do día.

**PUNTO ÚNICO: APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DE ORDENANZAS FISCAIS PARA O ANO 2015.**

As modificacións propostas polo **Concelleiro delegado de Facenda** afectan ás seguintes ordenanzas:

*1) Ordenanza fiscal 0.00: ordenanza xeral de xestión recadación e inspección dos tributos e doutros ingresos de dereito público, da que se modifican os artigos 25.1 b), novo apartado 2 do artigo 25, artigo 26.4, disposición transitoria e anexo de clasificación das vías públicas.*

*2) Ordenanza fiscal 1.01: imposto sobre bens inmobles, da que se propón a modificación dos artigos 1, 3.1, 3. 2 e nova disposición transitoria, 3.3, 3.4, 3.6, 3.7, reenumeración dos actuais apartados 6 e 7 do artigo 3, que pasan a ser os apartados 8 e 9.*

3) Ordenanza fiscal 1.02: imposto sobre vehículos de tracción mecánica, modificación do artigo 6.2.

4) Ordenanza fiscal 1.03: imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, da que se propoñen as seguintes modificacións: novo apartado d) no artigo 2.2, novo apartado c) no artigo 3.1, modificación do artigo 4, derogación do artigo 5.3 e modificación do artigo 7.

5) Ordenanza fiscal 1.04: imposto sobre construcións, instalacións e obras, modificación dos artigos 8.1, 8.2, 8.4, 8.6 e nova disposición transitoria.

6) Ordenanza fiscal 1.05: imposto sobre actividades económicas, modificación do artigo 3.2.

A Tesourería municipal de cara á tramitación do expediente 2014/01, de modificación de Ordenanzas de ingresos públicos para o ano 2015, informou o 10 de outubro de 2014, o seguinte:

“A Tesourería municipal, de cara á tramitación do expediente 2014/01 de modificación de Ordenanzas de ingresos públicos para o ano 2015, INFORMA:

#### **A) INTRODUCCIÓN**

O expediente 2014/01 de tramitación de ordenanzas reguladoras de ingresos públicos para 2015 iniciouse en data 15/9/2014 coa providencia de inicio da Concelleiro delegado de Facenda.

A Tesourería elaborou o 17/9/2014 o informe- proposta das modificacións das ordenanzas reguladoras dos ingresos públicos para o ano 2015.

O 9/10/2014 o Concelleiro delegado de Facenda remite unha proposta previa de modificacións das ordenanzas reguladoras dos ingresos públicos para o ano 2015 para a súa valoración pola Tesourería.

#### **B) INFORME SOBRE A PROPOSTA PREVIA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE FACENDA DE MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS REGULADORAS DOS INGRESOS PÚBLICOS PARA O ANO 2015**

Como consideracións xenéricas, compre indicar que:

1.- a ordenación dos tributos locais regúlase nos artigos 15 e seguintes do Texto refundido das facendas locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRFL). Máis concretamente, o artigo 16 regula o contido das ordenanzas fiscais, que é o instrumento normativo que habilita ao Concello a regular os seus ingresos públicos no marco dos límites establecidos pola lei. Todas as propostas presentadas cumpren os requisitos establecidos na normativa vixente.

2.- o informe analiza a legalidade das modificacións propostas e, no seu caso, as implicacións na xestión dos ingresos públicos que poderían producirse.

Como consideración global ás propostas, infórmase que os cambios suporán a necesidade de adaptación dos programas de xestión de ingresos e de xestión de expedientes, modificación da información en web e, no seu caso, na carpeta cidadá; e formación do persoal. Cuestións todas elas que deben estar rematadas antes de que entren en vigor polo que, no caso de que se aproben, será necesario dotar os medios económicos e persoais para a súa implantación.

3.- No apartado C) deste informe inclúese a normativa reguladora da modificación das ordenanzas reguladoras de ingresos públicos e os trámites esixidos pola normativa vixente.

Analízase cada unha das modificacións propostas:

#### **I) MODIFICACIÓN DA ORDENANZA 0.00: ORDENANZA XERAL E XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN DOS TRIBUTOS E DOUTROS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO**

1.- Modificación do período voluntario de pago do imposto sobre bens inmobles xestionado mediante recibo, que pasará a ser do 5 de xullo ao 5 de setembro (artigo 25.1).

2.- Modificación das datas de abono mediante domiciliación do primeiro e segundo prazo do sistema especial de pago, que pasarán a ser o 5 de xullo e o 5 de setembro respectivamente. Mantense a data do terceiro prazo no 5 de novembro (artigo 26.4)

O artigo 62.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, aplicable ás entidades locais en base ao previsto no artigo 12 do TRFL, establece a posibilidade de que a administración tributaria fixe o período voluntario de pago das débedas de notificación colectiva e periódica, como é o imposto sobre bens inmobles, sempre que o prazo non sexa inferior a dous meses. A proposta axústase á normativa aplicable.

*Esta modificación supón o cambio do calendario fiscal acordado con efectos de 1/1/2013, data na que tamén se implantou o sistema especial de pago, con datas de abono que neste momento tamén se modifican.*

*Non se analiza neste informe a oportunidade ou conveniencia da medida, pero desde a Tesourería infórmase que se está a fixar o período voluntario de cobro do padrón co maior número de recibos (90.000) coincidindo co período vacacional do persoal municipal e, por conseguinte, tamén da Tesourería. É notoria a escasez de persoal coa que conta o Servizo de Tesourería para a realización das xestión e tarefas que ten atribuídas, e medidas como as propostas poden agravar a situación se simultaneamente non se adoptan as medidas correctoras necesarias que garantan unha correcta prestación dos servizos aos cidadáns.*

*3.- Modificación do prazo xeral para solicitar a adhesión ao sistema especial de pago, que se amplía ao 28 de febreiro de 2015 (supón manter a ampliación do prazo na disposición transitoria un ano mais): é unha mera disposición de xestión dos ingresos públicos amparada nos artigos 15 e 16 do TRFL.*

## **II) MODIFICACIÓN DA ORDENANZA 1.01: IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES**

*1.- Redución dos tipos impositivos aplicables ao imposto sobre bens inmobles de natureza urbana e rústica quedando fixado no 0,54% (artigo 1): o artigo 72.1 do TRFL regula os tipos impositivos no imposto sobre bens inmobles, fixando límites máximos e mínimos. O tipo proposto enmárcase nesos límites legais.*

*2.- Modificación das porcentaxes ou dos exercicios de aplicación dos beneficios fiscais xa regulados:*

*2.1.- incremento da porcentaxe de bonificación dos inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, que pasará a ser do 70% (artigo 3.1): o artigo 73.1 do TRFL regula esta bonificación obrigatoria e determina que a porcentaxe de bonificación estará entre os límites do 50% e o 90%, tal como acontece na proposta do Concelleiro.*

*2.2.- incremento do número de anos de beneficio das vivendas de protección autonómica no segundo tramo, que pasará a ser de 5 (artigo 3.2). Rehabilitaranse de oficio os beneficios que perderon a súa vixencia en aplicación da anterior normativa nos anos 2012, 2013 e 2014: o artigo 73.2 do TRFL regula esta bonificación potestativa*

*no segundo tramo e non regula o número de anos aos que pode aplicarse, atribuíndo esa competencia aos municipios a través das ordenanzas fiscais, como fai a proposta*

*2.3.- incremento da porcentaxe de bonificación dos inmobles de uso residencial que constitúan a residencia habitual dos suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares das familias numerosas (artigo 3.3), que pasarán a ser:*

*Familia numerosa xeral: 45%-30%-15%*

*Familia numerosa especial: 60%-45%-30%*

*O artigo 74.4 do TRFL regula esta bonificación potestativa e determina que a porcentaxe de bonificación pode ser de ata o 90%, tal como acontece na proposta.*

*2.4.- incremento da porcentaxe de bonificación dos bens inmobles situados nos núcleos rurais que dispoñan dun insuficiente nivel de servizos (artigo 3.4), que pasarán a ser 60%-40%-20%: O artigo 74.1 do TRFL regula esta bonificación potestativa e determina que a porcentaxe de bonificación pode ser de ata o 90%, tal como acontece na proposta.*

*3.- Regulación de novos beneficios fiscais:*

*3.1 beneficio fiscal do 75% a favor dos inmobles de organismos públicos de investigación e de ensinanza universitaria, nos seguintes termos:*

*Gozarán dunha bonificación do 75% da cota os inmobles de organismos públicos de investigación e os de ensinanza universitaria sempre que:*

*a) o solicitante acredite que están directamente afectos a esas finalidades*

*b) os inmobles teñan uso catastral cultural, deportivo ou de oficina*

*O cambio de uso dun inmovible só terá efectos na bonificación a partires do exercicio seguinte á data da resolución catastral correspondente.*

*Terán efectos no padrón do imposto as solicitudes presentadas antes do un de marzo de cada ano que reunan os requisitos esixidos para o seu disfrute o día un de xaneiro.*

*O artigo 74.2 bis) do TRFL prevé esta bonificación potestativa, atribuíndo aos Concellos a posibilidade de regular mediante ordenanza un beneficio a favor dos organismos públicos de investigación e os de ensinanza universitaria de ata o 95%. Na proposta inclúese este novo beneficio coa regulación dos aspectos materiais e formais necesarios para a súa aplicación, en exercicio das atribucións reguladas no artigo 16.2 do TRFL.*

*3.2 beneficio fiscal do 50% a favor dos inmobles aos que non se lles aplica a exención do artigo 62.2 b) do TRFL por estar afectos a unha actividade económica, nos seguintes termos:*

*Gozarán dunha bonificación do 50% da cota os inmobles aos que non se lles aplica a exención do artigo 62.2 b) do Texto refundido da lei de facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por estar afectos a unha actividade económica.*

*O artigo 74.2 ter) do TRFL prevé esta bonificación potestativa, atribuíndo aos Concellos a posibilidade de regular mediante ordenanza un beneficio a favor dos inmobles aos que non se lles aplica a exención do artigo 62.2 b) do TRFL por estar afectos a unha actividade económica de ata o 95%. Na proposta inclúese este novo beneficio que poderá xestionarse de oficio considerando que o Concello está en disposición de ter a información necesaria para a súa tramitación.*

### **III) MODIFICACIÓN DA ORDENANZA 1.03: IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA**

*1.- Redución do tipo impositivo aplicado que quedará fixado no 22% (artigo 7): o artigo 108.1 do TRFL establece que o tipo impositivo máximo no imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana é o 30%, polo que o tipo proposto enmárcase nese límite legal.*

### **IV) MODIFICACIÓN DA ORDENANZA 1.04: IMPOSTO SOBRE INSTALACIÓNS, CONSTRUCIÓNS E OBRAS**

*1.- Redución do tipo impositivo aplicado que quedará fixado no 1,9% nos exercicios 2015 e 2016 (nova disposición transitoria): o artigo 102.3 do TRFL establece que o tipo impositivo máximo no imposto sobre construcións, instalacións e obras é o 4%, polo que o tipo proposto enmárcase nese límite legal.*

*2.- Incremento da porcentaxe de bonificación das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico – artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración a xuízo do Pleno da Corporación, que pasará a ser de ata o 95% (artigo 8.1); asignación ao Pleno da competencia para determinar a porcentaxe a aplicar dentro do limite sinalado, nos seguintes termos:*

*Artigo 8.1 Establécese unha bonificación de ata o 95% a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico–artísticas ou de fomento do*

*emprego que xustifiquen tal declaración a xuízo do Pleno da Corporación, co voto da maioría simple dos seus membros*

*O acordo plenario de declaración de especial interese ou utilidade municipal fixará a porcentaxe a aplicar e se producirá mediante solicitude do interesado acompañando informe ou memoria motivadora do especial interese ou utilidade municipal*

*O artigo 103.2 a) do TRFL regula esta bonificación potestativa e determina que a porcentaxe de bonificación pode ser de ata o 95%, tal como acontece na proposta*

### *3.- Cambio de redacción:*

*3.1. corrección do erro do órgano competente no artigo 8.4, nos seguintes termos:*

*Artigo 8.4 As bonificacións previstas nos apartados 2 e 3 deste artigo, ademais dos informes que en cada paragrafo se sinalan, esixirán:*

- a) Solicitude do interesado*
- b) Informe da Tesourería do Concello*
- c) Acordo da Xunta de Goberno Local*

*Esta proposta trátase dunha corrección dun mero erro da ordenanza posto que anteriormente o artigo 8.4 regulaba a tramitación do beneficio do artigo 8.1 en dous apartados, no artigo 8.1 e 8.4, que atribúen competencias a órganos municipais distintos.*

*3.2.- axuste da compatibilidade e límite da porcentaxe acumulada do beneficio no artigo 8.6, nos seguintes termos:*

*Artigo 8.6 As bonificacións dos apartados 1, 2 e 3 deste artigo son incompatibles*

*O artigo 103.2 do TRFL, no último parágrafo, atribúe a competencia aos municipios de regular a compatibilidade das distintas bonificacións previstas no artigo 103.2 a través das ordenanzas; tal como acontece na proposta.*

### *V) MODIFICACIÓN DA ORDENANZA 1.05: IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS*

*1.- incremento da porcentaxe de bonificación por incremento do nº de empregados (artigo 3.2) que pasarán a ser 15%-30%-45%: O artigo 88.2 a) do TRFL regula esta bonificación potestativa e determina que a porcentaxe de bonificación pode ser de ata o 50%, tal como acontece na proposta.*



### **C) TRAMITACIÓN DAS MODIFICACIÓNS DAS ORDENANZAS REGULADORAS DOS INGRESOS PÚBLICOS PARA O ANO 2015**

*A.- A normativa aplicable para a modificación das ordenanzas reguladoras de ingresos públicos, recollida na proposta previa do Concelleiro delegado de Facenda e no informe-proposta da Tesorería, é a seguinte:*

- 1. Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL, en diante) artigos 49; 70.2; 106, 107, 111, 123.1 e 127.1 a).*
- 2. Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRFL) artigos 12, 15 a 19; 60 a 110, e 214.*
- 3. Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e normativa de desenvolvemento*
- 4. Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Santiago de Compostela, Título VI.*

*B.- Desde o punto de vista da tramitación do expediente, en base á normativa aplicable, requírese:*

- 1. proposta da Concelleiro delegado de Facenda*
- 2. informe da Asesoría Xurídica*
- 3. informe de Intervención*
- 4. aprobación do proxecto de modificación das Ordenanzas de ingresos públicos pola Xunta de Goberno Local*
- 5. ditame da Comisión Informativa*
- 6. aprobación polo Pleno*
- 7. exposición ao público do acordo no taboleiro de edictos, no BOP e nun diario dos de maior difusión da provincia, para presentación de reclamacións durante un prazo de 30 días hábiles*
- 8. acordo de aprobación definitiva se hai reclamacións e, no caso contrario, entenderase elevado a definitivo o acordo inicial*
- 9. publicación no BOP, e entrada en vigor a partir desa publicación”*

*Tamén figuran no expediente os seguintes informes:*

*Do Sr. Interventor de fondos municipais, do día 13 de outubro de 2014.*

*Do Sr. Director da Asesoría Xurídica, tamén do día 13 de outubro de 2014.*

*Por último cómpre indicar que o proxecto de modificación foi aprobado pola Xunta de Goberno na sesión que tivo lugar o 14 de outubro de 2014.*

*Co fin de iniciar os turnos de intervención, o Sr. Alcalde cédelle a palabra a Don Ramón Quiroga, concelleiro do grupo municipal popular e Delegado da Área de Facenda quen en primeiro lugar agradece aos seus compañeiros Francisco Reyes e Rubén Cela, voceiros do PSdeG-PSOE e BNG respectivamente, a vontade de consenso para sacar adiante o plan de medidas fiscais e de orde social para o 2015. Tralas negociacións previas, agarda chegar cando menos a un principio de acordo no presente pleno.*

*Entrando en materia, indica que hoxe trae o expediente de modificación de ordenanzas fiscais, do plan de medidas fiscais e do orde social para o ano 2015.*

*O plan contempla 14 medidas e realizouse nos primeiros cen días de goberno. Afirma que supón unha conxelación de taxas, unha baixada de impostos, un establecemento de novas bonificacións e un aumento doutras de carácter social. Di que é a primeira vez en case dez anos, a excepción do anterior, que se realiza un plan deste calado xa que a última baixada de impostos data do ano 2005. Indica que se trata de catorce medidas beneficiosas tanto para os cidadáns como para a cidade, pois trata de relanzala e contempla unha rebaixa fiscal. É importante sinalar que a situación de superávit do Concello propicia que o plan se poida realizar neste momento.*

*Indica que o primeiro bloque está adicado a medidas de baixada de impostos. A diminución do imposto de bens inmobles do 0,57 ao 0,54 é unha baixada de 6 puntos xa acumulada dende o ano 2014, que estaba no 0,6 e agora pasa ao 0,54, o imposto de construcións durante dous anos que pasa do 2% ao 1,9%; e a baixada do imposto de plusvalías diminúe 4 puntos, do 26% ao 22%.*

*Tendo en conta o anterior, afirma que o goberno acomete esta redución do IVI para que, na maior parte dos casos, o recibo baixe lixeira e ponderamente para os contribuíntes. Clarexa que, de non facelo, o importe aumentaría.*

*Ó mesmo tempo apunta que a revalorización dos inmobles efectuada na última ponencia catastral supuxo unha subida considerable do importe do recibo do IBI, o que se traduce nun promedio dun aumento do 60% distribuído durante dez anos, de 2009 a 2019.*

*En canto á segunda medida, a baixada do imposto de construción, di que o obxectivo é reactivar un sector que rebaixou enormemente a súa actividade, e incentivar a economía da cidade intentando xerar emprego. Polo tanto, o tipo actualmente do 2%*

*baixará ao 1,9 durante dous anos. Nese sentido sinala que aqueles anos nos que se orzmentaban seis, cinco e catro millóns de ingresos en ICIO e taxas, quedaron atrás.*

*No tocante ao imposto de plusvalías indica que baixa catro puntos, pasando do 26% ao 22%, para reactivar un sector e favorecer a creación de emprego.*

*Ata aí, sinala, está todo o relativo ao primeiro bloque adicado á rebaixa xeral de impostos.*

*Focalizando no segundo bloque, destaca que inclúe medidas de impulso dos sectores estratéxicos. Di que se crean dúas novas bonificacións no imposto de bens inmobles. A primeira adicouse aos inmobles con actividade económica, monumentos ou xardíns históricos que, dende o seu punto de vista, son sectores estratéxicos da cidade. Neste caso, manifesta que a bonificación pode chegar ata o 50%.*

*A segunda nova bonificación, tamén no imposto de bens inmobles, podería cegar ata o 75%. Di que está adicado aos inmobles de organismos públicos de investigación e de ensino universitario, tamén considerados estratéxicos na cidade.*

*En canto ao terceiro bloque, incorpora medidas de impulso da economía e do emprego. Sinala que se está a producir un aumento das bonificacións de maneira significativa en sectores que xa estiveron en crise e que intentan recuperar para que xeren emprego. Así, aumentarase a bonificación ata o 70% para as empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria que realicen unha obra ou a rehabilitación dunha obra.*

*Afirma que tamén se produce un incremento ata o 95% do imposto de contrucións naqueles supostos de especial interese para a cidade e que creen emprego. Deste xeito, considera que a cidade podería competir con outras que teñen esta bonificación fiscal.*

*Á súa vez, manifesta que tamén se produce un aumento da bonificación no imposto de actividades económicas para aquelas empresas que creen emprego estable, onde se establecen tres tramos: entre o 5 e o 10% de creación de emprego estable a bonificación será do 15%; entre o tramo do 10 ao 20% de creación de emprego estable a bonificación será do 30%; e cando se cree máis do 20% de emprego estable, a bonificación será do 45%.*

*Polo tanto neste bloque de medidas de impulso da economía e do emprego, considera que se está tanto reactivando sectores estratéxicos como revitalizando a economía e o emprego.*

*O cuarto bloque, apunta, está adicado a medidas de orde social como poden ser as vivendas de protección autonómica. Considera que é de xustiza social e agarda que se beneficien 1400 vivendas e familias. Polo tanto, indica que se aumenta a bonificación a oito anos e o aumento da bonificación será do 25% cada ano. Ademáis anuncia que recuperarán a bonificación os que a perderon nos anos 2008, 2009, 2010 2012, 2013 e 2014.*

*En base á medida dez, para as familias numerosas, esperan que se poidan beneficiar máis de duascenas familias. Di que a bonificación aumenta segundo o valor catastral do inmovible no que residan de xeito que as familias numerosas catalogadas de carácter xeral e as familias numerosas de carácter especial poderán ter unha bonificación de ata o 45% e o 60% respectivamente.*

*Polo tanto, manifesta que é de xustiza social que o goberno faga este recoñecemento.*

*A medida nove está dedicada aos núcleos rurais. O obxectivo é que se poidan beneficiar unhas catro mil vivendas e inmoables no rural. Indica que para poder beneficiarse un total de 110 núcleos, é necesario rebaixarlles máis o recibo do IBI e aumentar a bonificación ata o 60%. Deste xeito, cando a carencia dos tres servizos sexa deste calado, a bonificación será do 60%, cando careza de dous servizos do 40, e cando careza dun só servizo do 20%.*

*Di que este é o bloque adicado a medidas fiscais e de orde social, pero tamén teñen outro un bloque baseado en medidas administrativas.*

*Clarexa que se continuará co fraccionamento como medida de carácter social no ano 2014 e indica que xa un total de 5000 persoas puideron beneficiarse fraccionando o pagamento do IBI en tres prazos.*

*Ademáis, informa sobre as modificacións nos prazos, que pasan a ser o 5 de xullo, o 5 de setembro e o 5 de novembro. Di que se trata dunha nova aposta por separar máis o pagamento do imposto de vehículos e por unificar o calendario de voluntaria. O feito de escoller eses meses responde a criterios de capacidade económica xa que se fai entre os meses de xullo e preto de decembro, ademáis non coincide nin en agosto, nin co pago do imposto da renda das persoas físicas.*

*En canto ao calendario do IBI para o 2015, sinala que tamén se cambia o calendario de período voluntario para facelo coincidir co do fraccionado. Consecuentemente, será do 5 de xullo ao 5 de setembro. Tendo en conta as ventaxas da unificación de calendarios,*

*sinala que deste xeito non coincide co pago de vehículos, o mes de maiores capacidades económicas co pagamento da paga extra en xullo, e ademais tampouco coincide co IRPF, que se pode pagar ata o 25 de xullo.*

*Apunta, tamén, a outra medida de carácter administrativo que trata de fomentar a domiciliación. Di que para aqueles que teñan o recibo domiciliado, o pagamento será o último día do período voluntario. Considera que así haberá unha maior planificación económica para o contribuínte, un maior prazo para o pago do imposto, e poderíanse evitar desprazamentos, maiores xuros bancarios para o contribuínte, e recargos e xuros, en moitas ocasións, por mero despiste.*

*En conclusión, afirma que este plan favorecerá tanto aos contribuíntes como á cidade, relanzando a economía. Pensa que é de xustiza social, neste momento no que as finanzas o permiten, fomentar un aforro para todos os veciños. Polo tanto, propón aprobar en bloque o plan de medidas fiscais para o ano 2015.*

*A continuación, o Sr. Alcalde cédelle a palabra a Don Rubén Cela, portavoz do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego.*

*Expresa a súa intención de empregar esta primeira quenda de intervención para explicar o sentido do voto do seu grupo que, tal e como adianta, será de abstención.*

*Isto débese, afirma, ao momento no que se está a plantexar e ao texto que se plantexa. Expresa o seu desexo por que no proceso que segue a esta aprobación inicial, o período de alegacións, se puideran recoller outras propostas que ao seu modo de ver mellorarían substancialmente as ordenanzas. Di que serían positivas tanto para o conxunto da veciñanza como para os sectores de poboación máis vulnerabeis, máis desprotexidos, e que máis están a pagar as consecuencias da actual situación económica.*

*Asegura que de haber motivos sólidos durante este período de alegacións, o BNG podería mudar o seu voto favorablemente na aprobación definitiva destas ordenanzas.*

*Nese sentido di que non é un mal punto de partida algúns dos cambios recollidos na actual proposta pero sobre todo, non é un mal comezo a predisposición por parte do Sr. Quiroga a achegar puntos de encontros sobre algunha das cuestións esenciais para o Bloque Nacionalista Galego.*

*Pensa que a partires de aí comezará a fase de comprobar como se verifican esas propostas no plano concreto.*

*Para o grupo municipal do BNG esta proposta que hoxe se somete a votación contén cambios positivos e outros moito máis cuestionables.*

*Di que baixar de xeito lineal os impostos non ten que ser, por definición, algo positivo. Evidentemente, manifesta, trátase dunha diferenza ideolóxica de fondo que distingue claramente ao BNG e ao Partido Popular. Considera que os impostos son necesarios, pero existe un claro problema cando os pagan ou defraudan sempre os mesmos, cando son inxustos, ou cando se fai un mal uso deles.*

*Nese sentido, apunta que a actual situación de extrema gravidade social é o único motivo polo que pode estar de acordo cunha baixada puntual do tramo municipal do imposto de bens inmobles do 0,57 ao 0,54.*

*Cando nun concello de menos de 100.000 habitantes como é o de Santiago, hai máis de vinte e dúas mil persoas en risco de exclusión social das cales máis de catro mil se atopan nunha situación de pobreza extrema, e onde máis de sete mil persoas poden e queren traballar pero non atopan un posto de traballo, está claro que unha baixada lineal do IBI beneficiará a algunhas persoas que non teñen necesidade ningunha de que se baixen os impostos, máis ben o contrario. Sen embargo, di que estará a aliviar, aínda que sexa moi levemente, a unha inmensa maioría de veciños e veciñas que pasan momentos difíciles. En consecuencia apunta que o BNG, nesta ocasión, apoia a medida.*

*Di que tamén lle parecen positivas outro tipo de modificacións xa recollidas, algunhas propostas en reiteradas ocasións aínda que con pouco éxito para o grupo nacionalista. Un exemplo son as novas datas para o fraccionamento do pagamento, referidas con anterioridade polo señor concelleiro, as bonificacións do 75% a inmobles de organismos públicos de investigación e ensino universitario, o aumento da bonificación do IAE a aquelas empresas que teñan incrementado o seu cadro de persoal con contratos indefinidos, ou o aumento de tres anos máis de bonificación do 25% de IBI para vivendas de protección autonómica. Manifesta que esas son, entre outras, medidas coas que o Bloque Nacionalista Galego está de acordo.*

*Outras das medidas propostas parécenlle moito máis discutibles, como a baixada en determinados casos do ICIO, ou do imposto de plusvalías por venda de inmobles que pasa do 26 ao 22%. Di que hai que ter en conta que este imposto grava o incremento de valor dun inmovle froito da actividade urbanística levada a cabo polo concello, polo tanto, o espírito último deste imposto é o de recuperar para o conxunto da veciñanza parte do esforzo inversor do concello do que se beneficiou un particular.*

*Tal e como expuxo con anterioridade, pensa que é positiva a predisposición do goberno a incorporar no período de alegacións propostas dos grupos da oposición, como a bonificación de taxas por licenzas de apertura, bonificacións no IBI e no ICIO para vivendas nas que se instalen sistemas de aproveitamentos térmicos ou eléctricos de enerxía solar, ou bonificacións de ben inmobles urbanos adscritos a explotacións agrarias, gandeiras e forestais.*

*Ao mesmo tempo, clarexa que eran e seguen sendo tres os aspectos que dende o BNG máis botan en falta nesta proposta de ordenanza: as bonificacións no IBI para os sectores sociais máis desfavorecidos, a posibilidade de establecer un recargo sobre os inmobles desocupados e o aumento das facilidades de pagamento ao contribuínte mediante un verdadeiro sistema de impostos á carta.*

*Con respecto ás bonificacións de tipo social no IBI, considera que é o aspecto máis importante para o seu grupo.*

*Apunta que o IBI o único que ten en conta, son as características da vivenda. Deste xeito, con vivendas en similares condicións paga o mesmo IBI un multimillonario que unha pensionista. Por este motivo, considera que se o obxectivo do concello é axudar máis a quen máis o precisa, a baixada lineal do tipo impositivo do tramo municipal do IBI é unha medida que fica coxa se non vai acompañada doutras que sexan bonificacións moito máis intensas e centradas exclusivamente naqueles sectores de poboación que realmente precisan máis axuda, como poden ser os parados e paradas de longa duración ou os xubilados con pensións mínimas.*

*Por outra banda, recoñece que unha lectura restrictiva da normativa actual podería levar a pensar que ditas bonificacións non se poden realizar porque non veñen reollidas específica e nominalmente no artigo 74 da Lei de Facendas Locais, onde se recollen as bonificacións potestativas.*

*Di que dende o BNG consideran que é unha interpretación errada da lei entender a enumeración recollida neste artigo como números clausus. Pensan que non se trata dunha lista pechada e que calquera proposta de bonificación que non estea expresamente prohibida que non atente contra o espírito da norma, como é o caso da que nos plantexamos, ten perfecta cabida. Así o consideran, segundo apunta, multitude de concellos de todo o estado español. A modo de exemplo, Torrejón de Ardoz, maioría absoluta do Partido Popular, ten até un 90% de bonificación no IBI para as familias con todos os seus membros desempregados; Motril maioría do Partido Popular ten recollida unha rebaixa do 50% do IBI para parados de longa duración e ademais ata un 100% en función da renda. Béjar, Partido Popular, ata un 50% para*

*quen leve máis de doce meses en paro. Sinceramente resúltalle difícil de crer que todos estes concellos e moitos outros se estean a saltar a lei, e se o fan, dende logo, dende o seu punto de vista, ben feito esta.*

*En segundo lugar, fala da posibilidade de establecer un recargo sobre inmobles desocupados. Afirma que neste caso a medida non ten ningún problema respecto da súa legalidade, porque ven recollida expresamente na lei de facendas locais, concretamente no seu artigo 72. Recorda que foi o BNG o grupo que o propuxo nos dous últimos exercicios, que dende o goberno se comprometeron a estudalo en dúas ocasións, pero novamente non se inclúe.*

*Afirma que a medida sería boa por tres razóns: porque permitiría recadar máis e con iso sufragar parte das novas bonificacións de tipo social que estamos a propor, porque introduciría certa progresividade que pague máis quen máis ten a un imposto que como xa dixemos grava a vivenda con independencia da situación socio-económica de quen a habita, e porque posibilitaría unha maior dinamización do mercado de vivenda, que tal e como teñen cifrado dende o goberno neste mesmo pleno en varios ocasións, é de máis de oito mil vivendas baleiras hoxe en día en Santiago de Compostela, é posible facelo, e fundamentalmente é unha cuestión de vontade política.*

*Di que concellos como Eibar, Oviedo así o veñen demostrando fai tempo, ou Móstoles, gobernado polo Partido Popular, máis recentemente.*

*Por último, é partidario de avanzar cara un verdadeiro sistema de impostos á carta. Resulta evidente que foi un paso positivo que no seu día se aprobase a posibilidade de fraccionar o pagamento do IBI en tres prazos, tamén é certo que a proposta de ordenanzas presentada inclúe varias demandas plantexadas polo BNG nos pasados anos. Polo tanto considera positivo que se modificara o calendario de cobro fraccionado, tendo en conta as pagas extras, e a non coincidencia con outras obrigas tributarias, como o imposto de vehículos, ou o IRPF, como aconteceu en anos anteriores. Tamén considera favorable que a data de cargo en conta dos recibos domiciliados sexa o último día do período voluntario. Recoñece que houbo avances nese sentido, pero pensa que é insuficiente. Dende o seu punto de vista, faltan cando menos dúas cousas: unha bonificación por domiciliación, que ven recollida expresamente na lei, polo tanto, non tería problema, e a posibilidade de escoller, non só para o IBI senón para o conxunto dos impostos, que modalidade de pagamento (anual, cuatrimestral, mensual) é máis acaída para quen.*

*Concellos moi importantes en poboación como pode ser o Concello de Bilbao, levan anos ofrecendo con total normalidade ese servizo.*



*En definitiva, di que a abstención do BNG reflexa a posición dun grupo que entende que a proposta de ordenanzas que hoxe se somete a consideración deste pleno inclúe medidas positivas, pero ao mesmo tempo pensan que aínda faltan por recoller as máis importantes, e as máis urxentes. Nese sentido, agarda que se poidan ter en conta no período de alegacións.*

*Toma a palabra Don Francisco Reyes Santiás, portavoz do grupo municipal do PSdeG-PSOE.*

*Primeiramente clarexa que a proposta do grupo popular difire en determinados aspectos das dos anos anteriores. Tamén, a colación dunhas declaracións do delegado de facenda, quere agradecerlle que asumise verdades que o Partido Socialista leva expresando dende fai tempo.*

*Efectivamente, di que nunha rolda de prensa que deron conxuntamente o concelleiro de facenda e o alcalde actual, terceiro do Partido Popular neste mandato, os datos económicos dan a razón ao Partido Socialista porque recoñeceron que a débeda do Concello non era a quen teñen dito durante toda a lexislatura anterior mentres estiveron na oposición, de que o Concello estaba nunha situación de quebra, e que herdaron unha débeda de cen millóns de euros, o que por fín, recoñecen que non é certo.*

*Sostén que a situación que herdou o Partido Popular foi de solvencia económica tal e como quedou evidenciado nestes meses.*

*Do mesmo xeito valora que recoñezan un superávit de 5,5 millóns de euros de forma que non é necesario endebedar o concello aínda máis en seis millóns de euros, cun tipo de xuro altísimo, dos máis altos dos últimos quince anos.*

*Por último, amosa a súa sorpresa por mor do informe da intervención, xa que non fai ningunha referencia ao contexto que esta proposta da afectación vai ter no plan de axuste. É dicir, aprobando estas propostas de ordenanzas fiscais, non se vai cumprir o plan de axuste. Isto, segundo di, tamén lle dá a razón ao partido socialista, pois afirmaron que o Plan de Axuste non era necesario para este concello porque existía unha situación de solvencia económica e, polo tanto, o único que tiña sentido era xustificar un endebedamento de case trece millóns de euros máis. Ademais, apunta que contaba co xuro máis alto dos últimos quince anos, e que o único que facía era darlle negocio á banca e non resolver ningún problema económico que tivera o concello.*

*Indica que as propostas das ordenanzas presentadas polo goberno son necesarias, de feito recollen propostas plantexadas polo seu grupo nos anos 2013 e 2014. Ó mesmo tempo considera que son tardías e pregúntase por que hoxe o grupo popular aproba o que negaron e votaron en contra nos anos 2012, 2013 e 2014.*

*Entende que son insuficientes, pois non recollen as cuestións sociais que deberían e que coñecen perfectamente. Di que cabe plantexar a posibilidade de establecer un beneficio no IBI ás familias en paro ou con escasos recursos. Isto, dende o punto de vista técnico e dende lecturas estrictas e restritivas da normativa da lei de facendas locais, entende que non se pode axudar a esta xente en base aos ingresos pero si dende o punto de vista dos gastos. Deste xeito considera que se deben establecer subvencións que terían que estar aprobadas e executadas nos orzamentos deste concello no 2015.*

*Respecto ao IBI, recoñece que se trata dunha baixada lineal, pero apunta que afectará do mesmo xeito a quen non está a padecer unha situación económica difícil e aos que si a estan a padecer. Recorda que o Partido Socialista aposta por avanzar nun conxunto de medidas para acadar un sistema impositivo local que sexa progresivo aplicando o artigo 24.4 para as taxas e o artigo 72.4 para o IBI. Tamén apunta que unha baixada lineal neste momento, coa situación difícil na que se atopa esta cidade, con preto de oito mil persoas que buscan un emprego e non o atopan en Santiago de Compostela, segundo datos oficiais do servizo público de emprego, e coa xente, fundamentalmente os menores de trinta anos, que segundo os datos de afiliación á Seguridade Social están a marchar da nosa cidade, porque non atopan futuro en Compostela e teñen que buscalo fora, evidentemente, vai ser unha axuda á economía destas familias.*

*Con respecto á baixada do imposto da plusvalía, aclara que a súa crítica atemperase con respecto ao que supoñen as plusvalías, porque o que se pretende é que o imposto revista á sociedade o que a cidade ten feito e os beneficios que ten xenerado para as propiedades. En base ó anterior di que para compensar o término de redución de base, habería que baixar ata o 17% e non ao 22% .*

*Con respecto aos inmobles de organismos públicos, de investigación e de ensino universitario, di que é un resultado que remata o vigor do convenio que se tiña asinado polo concello e a Universidade de Santiago. Entende que ese 75% é positivo, pero que sería mellor o 95% que permite a lei.*

*Do mesmo xeito valora positivamente as bonificacións por fomento de ocupación, por xeración de emprego e por promoción da actividade económica que a súa vez ten que xerar emprego, pero pide que se inclúa na ordenanza que esa xeración de emprego*

*sexa nos centros de traballo que estean radicados en Compostela, porque senón a empresa pode xerar postos de traballo fora do concello.*

*Bota en falta dúas cousas fundamentalmente, unha delas sociais, xa que non se pode ir pola vía de ingresos hai que ir pola vía de gastos, é dicir, as subvencións.*

*Entende que hai que facer unha bonificación das taxas pola licenza de apertura, para aquelas persoas que sexan demandantes de emprego, beneficiarios do subsidio de desemprego ou parados de longa duración.*

*Diante do plantexamento di que falta unha memoria económico-financeira para poder aprobar esa taxa, ou esa modificación da taxa, que xa tería que estar feita. Lembra que o ano pasado se fixo unha modificación da taxa de utilización de espazo público para actividades cinematográficas, plantexada polo Partido Socialista porque non existía esa memoria económico-financeira tan necesaria, e que, naquel entón, díxose que non. Polo tanto plantexa que se o artigo 20 do Real Decreto que regula a reformas das taxas, se aplica exactamente igual independentemente de se a proposta é do goberno ou da oposición, está de acordo e di que se debería recorrer a ese estudo económico para poder resolver.*

*Considera que faltan propostas de política medio ambiental, e propón a bonificación no IBI para vivendas e edificios con sistemas de aproveitamento de enerxía solar, e tamén bonificacións no icio nos mesmos termos.*

*Entende que existe unha realidade rústica no concello, relacionada e adscrita a explotacións agrarias, gandeiras e forestais. Así, di que hai que buscarlle unha solución de bonificación do IBI a estas empresas.*

*Por outra banda, entende que é necesario devolverlle á sociedade o que a sociedade lle ten dado, neste caso, ás entidades financeiras, de xeito que se debe incrementar no 100% a taxa de ocupación da vía pública pola instalación de caixeiros automáticos de entidades financieras. Clarexa que a posición do seu grupo con respecto á aprobación ou non da proposta de ordenanzas fiscais que fai o goberno, vai depender da resposta do pleno a todas estas cuestións plantexadas.*

*O Sr. Alcalde, de novo, dálle a palabra a Don Ramón Quiroga, concelleiro do grupo municipal popular e Delegado da Área de Facenda.*

*En canto ás alegacións realizadas polo Bloque Nacionalista Galego, resposta que o IBI tal e como está estipulado na Lei de Facendas Locais, contempla esa equidistribución*

*social de xeito que non paga o mesmo unha persoa que ten un valor de inmovible, que a que ten outro valor de inmovible. Polo tanto, di que o pagamento do recibo é en función do valor do inmovible.*

*Indica que dito valor ten aínda unha serie de correccións, como as bonificacións que existen nas vivendas de protección autonómica, nos núcleos rurais, nas familias numerosas, etc. Do mesmo xeito, informa de que non paga o mesmo o que ten unha vivenda que o que ten dúas ou tres.*

*En canto o que é o establecemento do beneficio para os inmobles, apunta que o feito de establecer unha situación de bonificación entorno á capacidade económica, alegación presentada no ano 2012 e informada polos técnicos como que non era posible debido ao establecido na Lei de Facendas Locais, non é un empecinamento do Partido Popular.*

*Por último, en base ao mencionado no tema de vivendas desocupadas, di que existen sentenzas que establecen que tampouco é posible ese tipo de gravame nas vivendas desocupadas. En concreto, a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña do ano 2011, e no mesmo sentido, o propio Consello Consultivo de Andalucía nun ditame efectuado no ano 2008.*

*Por outra parte, en canto ao que son outras propostas de facer un estudo sobre a posibilidade de un maior fraccionamento para o pagamento do IBI, recorda que tamén foi o Partido Popular o que introduciu o sistema de pagamento fraccionado, do que xa se benefician 5000 persoas. Ó mesmo tempo di que que están abertos a esa situación de estudar a posibilidade de ampliar eses prazos fraccionados, pero é posible neste momento polas datas nas que estamos. Tamén se amosa disposto a establecer un sistema de pagamento á carta. Na bonificación por domiciliación, di que este ano levan a proposta de que os recibos domiciliados se paguen o último día, co cal ten unhas ventaxas importantes para o contribuínte, e non obstante tamén está aberto a estudar esa posibilidade de establecer unha bonificación nos recibos domiciliados para, ao mellor, introducilos o próximo ano.*

*En suma, reitera a súa disposición para proceder a calquera tipo de negociación, e chegar aos acordos necesarios.*

*No referente ás alegacións realizadas polo voceiro socialista, retruca que as débedas aínda non están pagadas, aínda se deben 48 millóns de euros, e máis de 6 millóns de devolucións de participacións nos ingresos do estado. Di que unha cousa é que neste momento haxa unha situación financeira saneada, derivada do superávit do ano 2013,*

*que permite acometer estas medidas fiscais, e outra cousa distinta, é que as débedas estean pagadas, porque non o están.*

*Polo tanto insiste no mesmo, di que a propia lei establece os sistemas de equidistribución que permite a lexislación actual, evidentemente o IBI se paga en función da capacidade económica de cada persoa, porque está vinculado ao valor catastral de cada vivenda e ás correccións das bonificacións que se establecen na lei e nas propias ordenanzas como as vivendas de promoción autonómica, os núcleos rurais, etc.*

*En base ás outras propostas formuladas, insiste en que o Partido Popular está aberto a ese consenso, e que se creará esa comisión no período de alegacións para establecer as propostas formuladas no día de onte, como estudar a renovación da taxa de licenza de aperturas, a bonificación do IBI en materia de vivendas que teñan instalada a enerxía solar ou o aproveitamento térmico, no que se incluírá a posibilidade da biomasa e a posibilidade de establecer no marco dos orzamentos unha subvención de carácter social para aquelas familias que teñan os seus membros en paro. Polo tanto, parécelle que están todas as propostas que formula o partido socialista. Insiste que no período de alegacións establecerán unha comisión coa representatividade dos grupos do pleno para poder chegar a un acordo beneficioso para toda a cidade.*

*A continuación, o Sr. Alcalde otórgalle a palabra a Don Rubén Cela, portavoz do Bloque Nacionalista Galego*

*Comeza reiterando a súa disposición de falar absolutamente todo para buscar puntos de encontro, porque considera que están a falar de cousas moi importantes que condicionan o día a día da vida de moitos veciños e veciñas.*

*Agora ben, di que a expresión “estamos abertos a estudar”, non é a primeira vez que a escoita neste pleno polo que lle concede o beneficio da dúbida á vez que agarda que neste período de alegacións, se poidan por en común medidas que, dende o seu punto de vista, son razoables e razoadas.*

*Nese sentido, quere matizar, tres cuestións comentadas polo Sr. Quiroga anteriormente.*

*A primeira, a imposibilidade material legal de poder establecer bonificacións de tipo social no imposto de bens inmobles. Pensa que se trata dun criterio cando menos discutible, porque non considera que intencionadamente o Partido Popular neses concellos referidos na súa intervención anterior ademáis doutros se estea a saltar*

*intencionadamente e a sabendas a lexislación vixente. Di que se trata dunha cuestión interpretativa en base á Lei de Facendas Locais que non contempla ningún impedimento expreso a unha medida dese tipo.*

*Apunta a que algo parecido acontece co tema de recargo en vivendas baleiras de carácter permanente, retrúcalle ao concelleiro do grupo popular que non é que non se poida facer xa que se fai e en moitísimos sitios. Por exemplo na provincia de Guipuzcoa hai 55 concellos que xa aplican ese recargo, e de focalizar sobre outros ámbitos xeográficos, é posible nomear concellos de certa magnitude como pode ser o Concello de Oviedo. O Sr. Cela considera que se trata dunha de vontade política que se poida facer. Ó mesmo tempo recoñece que isto non está exento de problemas e contradicións á hora da súa aplicación practica pero di de aprobarse unha ordenanza nese sentido, sería posible atoparse con moitas casuísticas particulares que habría que analizar porque non é lóxico, por exemplo, que a unha persoa que se vexa obrigada a emigrar porque non atopa un posto de traballo na súa terra, se lle recargue o IBI da súa vivenda porque non está ocupada. Di que tampouco é lóxico que se maña unha persoa maior, por problemas de mobilidade, se ten que desprazar da súa vivenda habitual a unha residencia de persoas maiores, aínda se lle recargue aínda máis a vivenda porque non está ocupada. Tampouco ten sentido, apunta, que a alguén que pon a súa vivenda nunha axencia para intentar alugalo e non o consegue tamén se lle recargue no imposto de bens inmobles.*

*En calquera caso, di que ese non é o impedimento, e esa non debe ser a excusa para non avanzar en procesos deste tipo, porque tería varias cuestións positivas.*

*En terceiro lugar, recorda que o Sr. Quiroga amosou a súa dispoñibilidade a falar diso, pero certamente a súa antecesora, a señora Cecilia Sierra, xa lle manifestou na sesión do ano pasado e na de fai dous anos que a vontade dende logo sería aceptar unha proposta do BNG encamiñada a ese fraccionamento en doceavas partes para aquelas persoas que o necesitaran. Di que no seu día recoñeceu que foi un acerto incluír a posibilidade de fraccionar o imposto de bens inmobles en tres prazos, pois non é o mesmo pagar 500 euros de golpe que pagalo en tres prazos, e para determinado tipo de persoas non é o mesmo pagalo en tres prazos que poder pagalo mes a mes, e quen fala do imposto de bens inmobles, fala do imposto de vehículos ou doutro tipo de impostos e taxas, polo tanto, técnicamente di que é posible. Entende que iso require modificacións dos sistemas informáticos ou dos protocolos de actuación do concello, pero iso non pode ser excusa para non poñelo en marcha nunca. Recoñece que posiblemente de aprobarse hoxe, habería dificultades para aplicarse o día 1 de xaneiro de 2015, pero iso non pode ser excusa para que non se tome a decisión política de camiñar nesa dirección, e se tomen as medidas oportunas para que iso se poida*

*efectivizar, e se non pode ser, certamente, a comezos de 2015 será máis adiante, o importante di que é tomar a decisión política.*

*Polo tanto, anuncia de novo a abstención do seu grupo na votación do día de hoxe e agarda que no período de negociacións desas alegacións, poidan plantexar por escrito unha vez máis as súas propostas para atopar puntos de encontro polo ben da cidade.*

*Seguidamente, está no uso da palabra Don Francisco Reyes, portavoz do grupo municipal do PSdeG-PSOE.*

*Con respecto ao tema da débeda, di que o PP era coñecedor de que estaba dentro dos marxes legais e que se podía pagar perfectamente por mor dun plan de saneamento financeiro aprobado polo goberno anterior. A situación situación real afirma que é perfectamente coñecida porque ten que estar nunha auditoría contratada polo actual goberno e pola que todos os veciños e veciñas pagaron catrocentos mil euros. Sen embargo, ningún a ten visto, agás o grupo popular.*

*No tema das ordenanzas, agradece que na proposta actual, que recolle algunhas das alegacións do PSdeG-PSOE dos últimos anos, e o que ten manifestado o Sr. Quiroga no presente pleno, se incorpore o 80% das súas alegacións e asumen o compromiso de levar unha comisión técnica na que participen os grupos para debater as solucións técnicas e resolver o outro 20% das nosas alegacións.*

*De feito, valora moi positivamente que entendan que se tecnicamente se poñen problemas para resolver o tema das familias que están nunha situación difícil economicamente porque teñen todos os membros en paro e esgotaron calquera tipo de prestación, ou familias monoparentais que non superan o Iprem, o goberno asuma a necesidade dunha subvención para esas familias nos próximos orzamentos de 2015. En consecuencia, considera que é positivo, porque os orzamentos deste ano son de carácter social tal e como o grupo socialista leva reivindicando todo este mandato.*

*Di que vai existir unha clara diferenza entre o grupo popular e o grupo socialista no caso de aprobar conxuntamente estas propostas de ordenanzas. Mentres o PSOE a fai porque sempre mantiveron que había que levar unha política socialdemócrata para sacar adiante esta cidade e axudar dende o concello, a superar unha situación de crise económica na que estamos, o PP o fai por motivos electoralistas. Con todo, o importante é que beneficiará aos veciños e veciñas de Santiago de Compostela.*

*Por outra banda, anuncia que o seu grupo plantexará diante da asunción por parte do goberno do Partido Popular as propostas que levan facendo dende o principio do*

*presente mandato. Di que o Partido Socialista votará a favor da aprobación inicial destas ordenanzas, entendendo que aínda falta moito para ter unhas ordenanzas fiscais progresivas, pero ten a clara convición de que hoxe se ten dado un paso aínda que sexa pequeno. Así, reitera o voto a favor do seu grupo en base á aprobación inicial das ordenanzas fiscais para o 2015.*

*O Sr. Alcalde cédelle a palabra a Don Ramón Quiroga, concelleiro do grupo municipal do Partido Popular e Delegado da Área de Facenda, para peche.*

*Comeza agradecendo tanto o voto de confianza do voceiro do grupo socialista como a súa vontade de consenso. Tamén a do voceiro do BNG aínda que se absteñan, por recoñecer a disposición do goberno de poder chegar a acordos. Di que dende o goberno continuarán traballando na posibilidade de aumentar o fraccionamento do pagamento dos impostos. Afirma que o ideal sería poder chegar a un pagamento á carta, pero neste momento resulta totalmente imposible. Sen embargo, apunta que continuarán traballando no vindeiro ano. En canto ás propostas principais recoñece que teñen problemas e contradicións e por seguridade xurídica non se poden adoptar polo de agora.*

*Aludindo á última manifestación do Sr. Francisco Reyes, insiste no seu agradecemento polo seu voto a favor das ordenanzas municipais e apunta que se neste momento resulta posible acometer estas medidas é grazas ao superávit que no ano 2013 tivo o concello. En suma, anuncia que se fará unha votación en bloque de aprobación do plan fiscal para o ano 2015.*

*Rematados os turnos de intervención e sometido o punto da orde do día a votación e ten lugar o seguinte resultado:*

*Votos a favor: 21 (13 PP, 8 PSdeG-PSOE)*

*Votos en contra: 0*

*Abstencións: 3 (BNG)*

*Polo que o Pleno da Corporación por maioría absoluta dos presentes (21 votos a favor correspondentes aos membros do grupo municipal do Partido Popular e aos membros do grupo municipal do PSdeG-PSOE), e 3 abstencións correspondentes aos membros do grupo municipal do BNG, acorda aprobar provisionalmente a modificación das seguintes ordenanzas de ingresos públicos:*

*\* Ordenanza fiscal 0.00: ordenanza xeral de xestión recadación e inspección dos tributos e doutros ingresos de dereito público, da que se modifican os artigos 25.1 b),*



*novo apartado 2 do artigo 25, artigo 26.4, disposición transitoria e anexo de clasificación das vías públicas.*

*\* Ordenanza fiscal 1.01: imposto sobre bens inmobles, da que se modifican os artigos 1, 3.1, 3. 2 e nova disposición transitoria, 3.3, 3.4, 3.6, 3.7, renumeración dos actuais apartados 6 e 7 do artigo 3, que pasan a ser os apartados 8 e 9.*

*\* Ordenanza fiscal 1.02: imposto sobre vehículos de tracción mecánica, da que se modifica o artigo 6.2.*

*\* Ordenanza fiscal 1.03: imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, coas seguintes modificacións: novo apartado d) no artigo 2.2, novo apartado c) no artigo 3.1, modificación do artigo 4, derogación do artigo 5.3 e modificación do artigo 7.*

*\* Ordenanza fiscal 1.04: imposto sobre construcións, instalacións e obras, modificación dos artigos 8.1, 8.2, 8.4, 8.6 e nova disposición transitoria.*

*\* Ordenanza fiscal 1.05: imposto sobre actividades económicas coa modificación do artigo 3.2.*

*O contido íntegro das ordenanzas que inclúe as modificacións que veñen de aprobarse provisionalmente, é o que de seguido se transcribe:*

## **ORDENANZA 0.00. ORDENANZA XERAL DE XESTIÓN RECAUDACIÓN E INSPECCIÓN DOS TRIBUTOS E DOUTROS INGRESOS DE DERECHO PÚBLICO**

### **TÍTULO I. NORMAS TRIBUTARIAS DE CARÁCTER XERAL**

#### **CAPÍTULO I. Principios xerais**

*Artigo 1. Obxecto da ordenanza.*

*Artigo 2. Ámbito de aplicación.*

*Artigo 3. Potestade regulamentaria*

*Artigo 4. A Administración tributaria municipal.*

#### **CAPÍTULO II. Normas xerais**

*Artigo 5. Ámbito temporal das normas tributarias.*

### **TÍTULO II. OS TRIBUTOS**

*CAPÍTULO I. Os tributos municipais. A relación xurídico tributaria. Beneficios fiscais*

*Artigo 6. Concepto, fins e clases dos tributos.*

*Artigo 7. Taxas.*

*Artigo 8. Contribucións especiais.*

*Artigo 9. Impostos.*

*Artigo 10. Imposto sobre Bens Inmóbeles*

*Artigo 11. Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica*

*Artigo 12. Imposto sobre Actividades Económicas*

*CAPÍTULO II. A relación xurídico tributaria*

*Artigo 13. A relación xurídico - tributaria.*

*CAPÍTULO III. Beneficios fiscais*

*Artigo 14. Beneficios fiscais.*

*CAPÍTULO IV. Obrigados tributarios*

*Artigo 15. Domicilio*

*Artigo 16. Rueiro Municipal: Categoría das vías.*

*CAPÍTULO V. A débeda tributaria*

*Artigo 17. Importe mínimo de liquidación*

*Artigo 18. Documento único*

*Artigo 19. Presentación de declaracións de alta, baixa e modificación*

*Artigo 20. Tributos obxecto de padróns ou matrícula.*

*Artigo 21. Variacións das circunstancias determinantes da contía ou da esixencia da débeda*

*Artigo 22. Extinción da débeda.*

*Artigo 23. Lexitimación, lugar e medios de pago*

*Artigo 24. Pago mediante domiciliación bancaria.*

*Artigo 25. Calendario fiscal.*

*Artigo 26. Sistema Especial de Pago (S.E.P.)*

*Artigo 27. Aprazamento e fraccionamento do pago: solicitude e tramitación*

*Artigo 28. Aprazamento e fraccionamento do pago: garantías.*

*Artigo 29. Situación de insolvencia.*

*Artigo 30. Medios de xustificación das actuacións para a declaración de créditos incobrables.*

*Artigo 31. Criterios de aplicación ás propostas de declaración de créditos incobrables*

**TÍTULO III. A APLICACIÓN DOS TRIBUTOS**

*CAPÍTULO I. Principios xerais.*

*Artigo 32. Regulación das actuacións e procedementos tributarios.*

*Artigo 33. Comunicaci3ns informativas e consultas tributarias.*

*Artigo 34. Relaci3ns coa Axencia Estatal de Administraci3n Tributaria*

*Artigo 35. Relaci3ns con Tráfico*

*Artigo 36. Relaci3ns coa Xerencia Territorial do Catastro*

*Artigo 37. Colaboraci3n cos Notarios*

*Artigo 38. Colaboraci3n cos Xestores Administrativos*

*Artigo 39. Uso de medios electr3nico para realizaci3n de consultas e trámites*

*CAPÍTULO II. Normas sobre actuacións e procedementos.*

*Artigo 40. Regulaci3n das actuacións e procedementos tributarios.*

*Artigo 41. Obriga de resolver e efectos do silencio administrativo*

*Artigo 42. Concepto e clases de liquidaci3ns tributarias.*

*Artigo 43. Liquidaci3ns definitivas.*

*Artigo 44. Liquidaci3ns provisionais.*

*Artigo 45. As notifi3caci3ns en materia tributaria.*

*CAPÍTULO III. Actuaci3ns e procedementos de xesti3n tributaria.*

*Artigo 46. A xesti3n tributaria.*

*CAPÍTULO IV. Actuaci3ns e procedementos de inspecci3n.*

*Artigo 47. A Inspecci3n dos tributos*

*CAPÍTULO V. Actuaci3ns e procedementos de recadaci3n.*

*Artigo 48. Órganos de xesti3n recadatoria.*

*Artigo 49. Recadaci3n das débedas. Prazos de ingreso*

*Artigo 50. Execuci3n forzosa*

*Artigo 51. Custas do procedemento*

*Artigo 52. Anuncios e mesa de poxa. Particularidades*

*TÍTULO IV. A REVISI3N EN VÍA ADMINISTRATIVA.*

*CAPÍTULO I. A revisi3n en vía administrativa.*

*Artigo 53. Recurso de reposici3n e reclamaci3n económico - administrativa*

*Artigo 54. Suspensi3n del acto impugnado.*

*DISPOSICI3N ADICIONAL*

*Única. Recadaci3n doutros ingresos de dereito público.*

#### *DISPOSICIÓN TRANSITORIA*

*Única. Sistema Especial de Pago (S.E.P.)*

#### *DISPOSICIÓN DERROGATORIA*

*Única. Derrogación da Ordenanza Fiscal Xeral anterior.*

#### *DISPOSICIÓN FINAL*

*Única. Entrada en vigor.*

### *TÍTULO I. NORMAS TRIBUTARIAS DE CARÁCTER XERAL*

#### *CAPÍTULO I. Principios xerais*

##### *Artigo 1. Obxecto da ordenanza.*

*1.- Dítase esta Ordenanza xeral de conformidade co disposto no artigo 106.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e en desenvolvemento do establecido no texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e igualmente en desenvolvemento do apartado e) do artigo 7 e disposición adicional cuarta da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e das demais normas concordantes.*

##### *2.- Esta Ordenanza contén:*

*.- as normas comúns, tanto substantivas como de procedemento, que en materia de xestión, liquidación, inspección, recadación, revisión dos actos tributarios municipais, e réxime sancionador, complementan ao texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, á Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e demais normas de desenvolvemento das mesmas e, ás Ordenanzas e resolucións especificamente reguladoras de cada un dos distintos ingresos; de esta normativa serán supletorias a Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria e a Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.*

*.- a adaptación das normas citadas no apartado anterior ao réxime de organización e funcionamento propio do Concello de Santiago de Compostela*

*3.- As normas contidas nesta Ordenanza xeral aplícanse ao exercicio das competencias do Concello no relativo á xestión, liquidación, recadación, inspección e revisión dos actos tributarios municipais, na medida en que ditas funcións se exerzan directamente pola Administración tributaria municipal.*

##### *Artigo 2. Ámbito de aplicación.*

*Esta ordenanza será de aplicación en todo o termo municipal de Santiago de Compostela.*

#### *Artigo 3. Potestade regulamentaria*

*1.- Corresponde ao Pleno a potestade regulamentaria do Concello de Santiago de Compostela en materia de ingresos de dereito público, que a exerce a través das ordenanzas e resolucións citadas no artigo 1.º desta ordenanza; isto sen prexuízo das súas facultades de delegación en materia de prezos públicos, conforme prevé o artigo 47 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.*

*2.- En relación coas ordenanzas fiscais e demais normas reguladoras de ingresos de dereito público corresponderá á Concellería delegada de Facenda ditar as instrucións e circulares que conteñan as disposicións interpretativas e aclaratorias das Ordenanzas fiscais e demais normas reguladoras de ingresos de dereito público.*

#### *Artigo 4. A Administración tributaria municipal.*

*Corresponde á Administración tributaria municipal, integrada na Concellería delegada de Facenda, a aplicación dos tributos e o exercicio da potestade sancionadora en materia tributaria, en tanto non se encomenden expresamente a outro órgano ou entidade de dereito público e sen prexuízo das competencias atribuídas ao Alcalde nas letras b), c) y k) do artigo 124.4 de la Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.*

### *CAPÍTULO II. Normas xerais*

#### *Artigo 5. Ámbito temporal das normas tributarias.*

*Agás que expresamente se dispoña o contrario, as normas tributarias non terán efecto retroactivo e serán aplicadas aos tributos sen período impositivo que se devenguen a partir da súa entrada en vigor, e aos demais tributos para o período impositivo que se inicie desde ese momento.*

*Non obstante, as normas que regulen o réxime de infraccións e sancións tributarias e o das recargas terán efectos retroactivos respecto dos actos que non sexan firmes cando a súa aplicación resulte mais favorable para o interesado.*

## *TÍTULO II. OS TRIBUTOS*

### *CAPÍTULO I. Os tributos municipais*

#### *Artigo 6. Concepto, fins e clases dos tributos.*

1.- Os tributos propios municipais son os ingresos públicos que consisten en prestacións pecuniarias esixibles polo Concello de Santiago de Compostela como consecuencia da realización do suposto de feito ao que a lei vincula o deber de contribuír, coa finalidade primordial de obter os ingresos necesarios para o sostemento dos gastos públicos.

2.- Os tributos, calquera que sexa a súa denominación, clasifícanse en taxas, contribucións especiais e impostos.

#### *Artigo 7. Taxas.*

*O Concello de Santiago de Compostela poderá establecer e esixir taxas pola prestación de servizos ou a realización de actividades da súa competencia e pola utilización privativa ou o aproveitamento especial dos bens del dominio público municipal, segundo as normas contidas no texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.*

#### *Artigo 8. Contribucións especiais.*

*O Concello de Santiago de Compostela poderá establecer e esixir contribucións especiais pola realización de obras ou polo establecemento ou ampliación de servizos municipais, segundo as normas contidas no texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.*

#### *Artigo 9. Impostos.*

1.- *O Concello de Santiago de Compostela esixirá de acordo co texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, as disposicións que a desenvolven e as correspondentes ordenanzas fiscais, os seguintes impostos:*

*a) Imposto sobre Bens Inmóbles.*

*b) Imposto sobre Actividades Económicas.*

*c) Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.*

2.- *Así mesmo, o Concello de Santiago de Compostela poderá establecer e esixir o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras e o Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana, de acordo co texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, as disposicións que a desenvolvan e as respectivas ordenanzas fiscais.*

#### *Artigo 10. Imposto sobre Bens Inmóbles*

1.- *Os padróns fiscais do Imposto sobre Bens Inmóbles (IBI) elabóraos a Administración tributaria municipal a partir do padrón do exercicio anterior, ao que se incorporarán as alteracións de carácter físico, económico e xurídico aprobadas pola Xerencia Territorial do Catastro e aquelas que sexan consecuencia de feitos ou actos coñecidos pola*

*Administración tributaria municipal, todo isto nos termos establecidos no convenio coa Dirección Xeral do Catastro.*

*2.- As variacións de carácter físico, económico ou xurídico que se produzan nos bens gravados terán efectividade desde o día primeiro do ano seguinte, e poden incorporarse directamente ao padrón correspondente a dito período se non se produciu modificación da base imponible.*

*3.- Cando a Administración tributaria municipal coñeza as variacións de titularidade que consten en documento público, actualizará o padrón do IBI e comunicará as correspondentes variacións á Xerencia Territorial do Catastro.*

*4.- Na xestión do IBI, observaranse as seguintes prescricións:*

*a) Con carácter xeral a Administración tributaria municipal emitirá os recibos e as liquidacións tributarias a nome do titular do dereito constitutivo do feito imponible.*

*b) Cando un ben inmovible ou un dereito sobre o mesmo pertenza a dous ou mais titulares:*

*b.1.- Procederá a división da cota tributaria, previa solicitude do cotitular, cando se acheguen os datos persoais e os domicilios do resto dos obrigados ao pago, así como os documentos públicos acreditativos da proporción en que cada un participa no dominio ou dereito sobre o inmovible.*

*Unha vez aceptada pola Administración a solicitude de división, os datos incorporaranse no padrón do imposto do exercicio inmediato posterior e se manterá nos sucesivos mentres non se solicite a modificación.*

*Se algunha das cotas non se paga no período voluntario esixirase o pago da débeda a calquera dos responsables solidarios.*

*b.2.- Non procederá a división da cota do tributo nos supostos de réxime económico matrimonial de sociedade legal de gananciais. De se presentar solicitude archivarase sen máis tramite.*

*b.3.- Non procederá a división da cota, por razóns de custe e eficacia, nos supostos en que, como consecuencia da división, resulten cotas de importe inferior a 6 euros.*

*c) Nos supostos de separación matrimonial xudicial ou de divorcio, con atribución do uso da vivenda a un dos cotitulares, pódese solicitar a alteración da orde dos suxeitos pasivos para facer constar, en primeiro lugar, a quen é o beneficiario do uso. Neste caso se esixe o acordo expreso dos interesados.*

*Artigo 11. Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica*

*1.- O padrón fiscal do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica formarao a Administración tributaria municipal a partir do padrón do ano anterior, incorporando*

*as altas e o resto de modificacións (transferencias, cambios de domicilio e baixas) producidas no exercicio inmediatamente anterior.*

*2.- Será suxeito pasivo do imposto a persoa física ou xurídica que figure como titular do vehículo no Rexistro Central de Tráfico, excepto cando se acredite debidamente que o día primeiro do exercicio o vehículo non era propiedade da persoa que figuraba como titular no Rexistro Central de Tráfico. Neste caso, se o vendedor acredita o cumprimento das obrigas impostas polo Regulamento Xeral de Vehículos ao que transmite e solicita a anulación da liquidación, estimarase a solicitude.*

*3.- Para determinar a débeda tributaria, que constará no padrón, aplicarase o coeficiente de incremento aprobado na Ordenanza fiscal correspondente sobre as tarifas do artigo 95 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.*

*4.- Nas primeiras adquisicións de vehículos o imposto esixirase en réxime de autoliquidación, que se acreditará diante da Xefatura Provincial de Tráfico con carácter previo á matriculación do vehículo. Tamén se esixirá o imposto neste réxime de exacción no suposto de rehabilitación dun vehículo realizada en exercicios posteriores ao de tramitación da correspondente baixa.*

*A autoliquidación do imposto no caso de primeiras adquisicións ou rehabilitacións de vehículos realizarase telematicamente. Se algún interesado o require, nas oficinas de Atención ao Contribuínte darase asistencia para o trámite.*

*5.- A Administración tributaria municipal comunicará á Xefatura Provincial de Tráfico os recibos que están impagados para o efecto de que non se autoricen cambios de titularidade dos vehículos cando conste no seu historial que está pendente de pago o imposto sobre vehículos de tracción mecánica correspondente ao ano inmediatamente anterior á realización do trámite. Non obstante poderase efectuar o cambio de titularidade cando se presente diante da Xefatura Provincial de Tráfico o xustificante acreditativo do pago da débeda.*

#### *Artigo 12. Imposto sobre Actividades Económicas*

*1.- A matrícula formarase anualmente e comprenderá os datos que determine a normativa que resulte aplicable e as instrucións que, no seu desenvolvemento, dite a Axencia Estatal de Administración Tributaria.*

*2.- A Administración tributaria municipal intercambiará coa Axencia estatal de Administración tributaria (AEAT) os datos con transcendencia para a xestión deste imposto coñecidos en base a declaracións presentadas, ou resultantes das actuacións de xestión e de inspección tributarias que se desenvolvan.*



## *CAPÍTULO II. A relación xurídico tributaria.*

### *Artigo 13. A relación xurídico - tributaria.*

*Os elementos da obriga tributaria non poderán ser alterados por actos o convenios dos particulares, que non producirán efectos diante da Administración, sen prexuízo das súas consecuencias xurídico - privadas.*

## *CAPÍTULO III. Beneficios fiscais*

### *Artigo 14. Beneficios fiscais.*

*1.- Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais nos tributos locais que os expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación dos tratados internacionais.*

*2.- Non obstante, tamén poderán recoñecerse os beneficios fiscais establecidos nas respectivas ordenanzas fiscais, que incluírán, na súa regulación os aspectos substantivos e formais, cos límites e nos supostos expresamente previstos pola lei.*

*3.- Sen prexuízo do establecido na normativa reguladora de cada tributo, que terá carácter preferente, nos casos en que o beneficio fiscal se conceda a instancia de parte, a solicitude deberá presentarse:*

*a) Cando se trate de tributos periódicos xestionados mediante padrón ou matrícula, no prazo establecido na respectiva ordenanza para a presentación das preceptivas declaracións de alta ou modificación.*

*b) Cando se trate de tributos nos que se ten establecido o réxime de autoliquidación, no prazo de presentación da correspondente autoliquidación.*

*c) Nos restantes casos, nos prazos de presentación da correspondente declaración tributaria ou ao tempo da presentación da solicitude do permiso ou autorización que determine o nacemento da obriga tributaria, segundo proceda.*

*4.- Unha vez outorgado, o beneficio fiscal aplicarase nas sucesivas liquidacións en tanto non se alteren as circunstancias de feito ou de dereito que determinaron o seu outorgamento, neste caso estarase ao establecido no apartado seguinte deste artigo.*

*5.- Terán carácter provisional os actos de concesión ou recoñecemento de beneficios fiscais, que estean condicionados ao cumprimento de certas condicións futuras ou á efectiva concorrencia de determinados requisitos non comprobados no procedemento en que se ditaron. A Administración tributaria municipal poderá comprobar, nun posterior procedemento de aplicación dos tributos, a concorrencia de ditas condicións*

*ou requisitos e, no seu caso, regularizar a situación tributaria do obrigado, sen necesidade de proceder á previa revisión de ditos actos nos termos previstos no título V da Lei Xeral Tributaria.*

#### *CAPÍTULO IV. Obrigados tributarios*

##### *Artigo 15. Domicilio*

*1.- Os obrigados tributarios e as persoas ou entidades obrigadas ao pago deben declarar no modelo normalizado a Administración tributaria municipal o seu domicilio fiscal.*

*2.- Os obrigados tributarios e as persoas ou entidades obrigadas ao pago deben comunicar no modelo normalizado a Administración tributaria municipal calquera modificación relativa ao domicilio fiscal mediante declaración expresa para este efecto. En tanto no sexa efectuada a declaración ou comunicación prevista neste precepto, ten a consideración de domicilio fiscal de cada obrigado tributario ou persoa ou entidade obrigada ao pago o que conste nos correspondentes rexistros fiscais municipais. Para os efectos da eficacia das notificacións estimarase valido o último domicilio declarado.*

*3.- O incumprimento das obrigas establecidas nos parágrafos anteriores será constitutivo de infracción tributaria.*

*4.- A Administración tributaria municipal poderá comprobar e rectificar o domicilio fiscal declarado. Con dita finalidade poderá, entre outras, efectuar as seguintes actuacións:*

*a) Consultar os datos con transcendencia tributaria do padrón de habitantes, coa finalidade de mellorar a información sobre os domicilios fiscais dos obrigados tributarios.*

*b) Consultar o dato do domicilio na AEAT, e ,se o domicilio declarado polo suxeito pasivo diante da AEAT é diferente do que obra na base de datos da Administración tributaria municipal, poderá rectificar este último, incorporando o da AEAT como elemento de xestión asociado ao obrigado tributario, podendo constituír a dirección a onde remitir todas as notificacións derivadas das actuacións da Administración tributaria municipal.*

*5.- Os obrigados tributarios que non residan en España deberán designar un representante con domicilio no territorio español e comunicalo a Administración tributaria municipal.*

##### *Artigo 16. Rueiro Municipal: Categoría das vías.*

1.- O Concello establece unha dobre clasificación das vías municipais: 1.- zonas de valor, aos efectos de determinar o valor do solo; 2.- coeficientes de situación, aos efectos de determinar o índice de situación.

a) A codificación das zonas de valor e os valores asignados son:

<i>código zona</i>	<i>valor</i>
R24	1200
R28	933
R31	750
R35	550
R39	397
R45	237
R51	118
R54	80
U00	55
Z00	55

b) A codificación dos coeficientes de situación e os valores asignados son:

<i>código zona</i>	<i>valor</i>
Z1	1,60
Z2	1,45
Z3	1,35
Z4	1,20
Z5	1,10

2.- Sen prexuízo das especificacións que sobre asignación de categoría puideran conter as distintas ordenanzas dos diferentes tributos ou as disposicións e normas particulares que puideran ditarse para a regulación e aprobación, por vía regulamentaria, das correspondentes clasificacións viarias, serán de aplicación as seguintes regras:

a) No suposto de existencia real dunha vía que especificamente non estea incluída no ruego anexo a presente Ordenanza, entenderase clasificada na última categoría ata que se acorde a súa inclusión no ruego e se lle asignen as categorías, sendo obriga da Administración tributaria municipal modificar o anexo da presente ordenanza antes do seguinte exercicio.

b) Se o número de policía da finca obxecto do tributo ou prezo non aparece contemplado no ruego anexo a presente Ordenanza, aplicaráselle a categoría correspondente ao tramo inmediatamente inferior contemplado para o lateral afectado, sendo obriga da Administración tributaria municipal modificar o anexo da presente ordenanza antes do seguinte exercicio.

*c) En aqueles supostos en que o nome dunha vía xa incluída no rueiro se vexa afectado por calquera tipo de alteración ou modificación na súa denominación, seguirá conservando a categoría que tiña asignada, sendo obriga da Administración tributaria municipal modificar o anexo da presente ordenanza antes do seguinte exercicio.*

*d) No caso de fincas obxecto de tributo ou prezo, nas que existan accesos desde vías de distinta categoría, aplicaráselle a categoría correspondente ao tramo de vía pola que se lle teña asignado o número de policía.*

*3.- A clasificación das vías públicas que aparece como anexo será considerada, a todos os efectos, parte integrante desta Ordenanza Xeral.*

#### *CAPÍTULO V. A débeda tributaria*

##### *Artigo 17. Importe mínimo de liquidación*

*1.- De conformidade co disposto polo artigo 16 Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, establécese a non liquidación, ou no seu caso a anulación de todas aquelas liquidacións de impostos municipais e de sancións tributarias das que resulten débedas inferiores a 6 euros por considerarse que por debaixo desta contía o ingreso non cubre os custes de xestión e recadación.*

*2.- De conformidade co previsto polo artigo 72.5 do Regulamento Xeral de Recadación, non se practicará liquidación separada por xuros de mora no procedemento de constrinximento, cando a cantidade resultante por este concepto sexa inferior a 6 euros.*

*3.- Esta limitación non afecta aos xuros de mora devengados e xestionados xunto co principal no procedemento de constrinximento, e nos aprazamentos ou fraccionamentos de pago.*

##### *Artigo 18. Documento único*

*Poderán refundirse nun documento único de declaración, liquidación e recadación as exaccións que recaian sobre o mesmo obrigado tributario ou persoa ou entidade obrigada ao pago. Neste caso será obrigatorio:*

*a) Que na liquidación consten as bases, tipos e cotas de cada concepto, co que quedarán determinadas ou individualizadas cada unha das liquidacións que se refunden.*

*b) Que na recadación consten por separado as cotas relativas a cada concepto, de maneira que a suma determinará a cota refundida que se xestiona mediante documento único.*

*Artigo 19. Presentación de declaracións de alta, baixa e modificación*

*1.- Sempre que as normas legais ou regulamentarias reguladoras de cada tributo ou ingreso non establezan normas específicas de xestión, as declaracións de altas, baixas ou modificacións presentaranse con carácter xeral no prazo máximo dun mes desde que se produzan as circunstancias que as motiven.*

*2.- As declaracións de baixas e de modificación producirán efecto para o exercicio inmediato seguinte a aquel no que se presenten. Non obstante o anterior, cando a data que se consigne na declaración como de efectividade da baixa ou da modificación sexa dun exercicio anterior á de presentación da declaración, aquela data deberá ser probada por quen a declare. Neste caso son de aplicación as normas que sobre medios e valoración de probas contén o Código civil e a Lei de Axuizamento Civil, agás o disposto nos artigos 105 a 108 da Lei Xeral Tributaria.*

*Artigo 20. Tributos obxecto de padróns ou matrícula.*

*1.- Nos tributos de cobro periódico de xestión íntegra pola Administración tributaria municipal o padrón para cada período elaborárase tendo en conta as declaracións dos interesados, e os demais datos que se coñezan como consecuencia das actuacións de comprobación e investigación.*

*2.- Os padróns someteranse á aprobación da Concellería delegada de Facenda e, unha vez aprobados, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, os correspondentes Edictos expóñense ao público no taboleiro de edictos municipal habilitado a dito efecto para exame e recurso por parte dos lexitimamente interesados durante o prazo de trinta días.*

*4.- Esta exposición pública efectuarase mediante atención personalizada nas dependencias municipais de información ao contribuínte ou naquelas outras que se designen expresamente, no horario establecido de atención ao público, debendo os interesados acreditar tal condición para poder acceder á información tributaria correspondente, xa se efectúe mediante acceso restrinxido ao documento que conteña o padrón ou matrícula, visualización dos datos de pantalla, copia dos mesmos ou comunicación verbal da información. Será igualmente necesario acreditar a condición de interesado en calquera outro momento distinto ao de exposición ao público para que a consulta sexa autorizada.*

*5.- Cando a Administración tributaria municipal teña coñecemento da existencia, modificación ou desaparición dos elementos configuradores do feito impositivo, e estes non foran declarados polo obrigado tributario ou persoa ou entidade obrigada al pago, notificarase este feito á persoa interesada concedéndolle un prazo de dez días para que*

*formule as alegacións que estime convenientes ao seu dereito. Transcorrido dito prazo e á vista das alegacións que no seu caso se formularan, procederase, de oficio, á inclusión, variación ou exclusión que proceda, notificándoselle así, sen prexuízo das sancións que, no seu caso, resultaran de aplicación.*

*As inclusións, variacións ou exclusións realizadas de oficio producirán efecto na matrícula ou padrón do período impositivo inmediato seguinte, sen prexuízo de que a Administración tributaria municipal practique as liquidacións que fosen procedentes en función das modificacións advertidas para os períodos tributarios non prescritos.*

*No obstante o anterior, cando a Administración tributaria municipal teña coñecemento do falecemento de quen figure nos padróns fiscais como obrigado tributario, procederá a efectuar, de oficio, a correspondente exclusión, unha vez constatado o falecemento, retrotraéndose os efectos da variación ao momento do mesmo, anulando as liquidacións que desde tal momento se xiraran a nome do causante e practicando aos herdeiros as novas liquidacións que procedan. Nos tributos de xestión compartida con outras Administracións Públicas, cando a Administración tributaria municipal teña coñecemento da defunción de quen figure nos padróns fiscais como obrigado tributario, procederá a efectuar, de oficio, a correspondente comunicación ao órgano encargado da xestión catastral ou censual.*

*Artigo 21. Variacións das circunstancias determinantes da contía ou esixencia da débeda*

*1.- Nos termos establecidos no artigo 102.3 de la Lei Xeral Tributaria, e agás disposición en contrario, non será preciso notificar de xeito individualizado aos obrigados tributarios as variacións que experimenten as bases tributarias como consecuencia de:*

*a) modificacións dispostas polas Leis de Presupostos, de Medidas Financeiras e Tributarias, e outras normas de aplicación xeral e obrigatoria no ámbito territorial do Concello de Santiago de Compostela;*

*b) variacións do coeficiente de incremento, do cadro de tarifas, dos coeficientes de situación, das zonas de valor, e outras análogas como o tipo de recargo provincial do IAE;*

*c) as establecidas por Ordenanzas Fiscais Municipais,.*

*2.- Os obrigados tributarios e as persoas ou entidades obrigadas ao pago declarararán, ademais da súa alta e baixa nos correspondentes padróns fiscais e de prezos públicos, calquera modificación na súa situación xurídica ou material da que poida derivarse unha alteración con respecto á suxeición a un tributo ou ingreso de dereito público.*

*Non obstante o disposto no parágrafo precedente non se esixirá o pago da correspondente débeda cando, aínda non cumprida dita obriga, se demostre que non concorrían as condicións xurídicas ou supostos de feito determinantes da súa*

*esixibilidade. Isto sen prexuízo da imposición da correspondente sanción por incumprimento da obriga establecida anteriormente.*

*Artigo 22. Extinción da débeda.*

*1.- As débedas tributarias poderán extinguirse por pago, prescrición, compensación ou condonación, e polos demais medios previstos nas leis.*

*2.- O pago, a compensación ou a condonación da débeda tributaria ten efectos liberatorios exclusivamente polo importe pagado, compensado ou condonado.*

*3.- O pago ou extinción, por calquera das formas citadas, das débedas co Concello de Santiago de Compostela non terá outros efectos que os sinalados no parágrafo anterior, sen que en ningún caso faga proba ou implique de ningunha forma a concesión de permisos, autorizacións ou licencias que corresponda emitir a este Concello.*

*Artigo 23. Lexitimación, lugar e medios de pago*

*1.- Pode realizar o pago calquera persoa, teña ou non interese no cumprimento da obriga, xa o coñeza e o aprobe o debedor, xa o descoñeza o obrigado ao pago. O terceiro que pague a débeda non estará lexitimado para exercitar diante da Administración tributaria municipal os dereitos que corresponden ao obrigado ao pago.*

*2.- Os pagos das débedas e sancións xestionadas pola Administración tributaria municipal realizaranse nas entidades colaboradoras:*

*a.- directamente;*

*b.- por vía telemática, sexa a través das pasarelas de pagos das propias entidades financeiras ou a través da páxina web municipal;*

*c.- nos caixeiros das entidades que así o admitan.*

*3.- O pago das débedas e sancións que teñan que realizarse en efectivo poderanse facer sempre en diñeiro de curso legal. Tamén poderán realizarse mediante cheque e domiciliación bancaria.*

*4.- O emprego de calquera medio de pago alternativo á entrega de diñeiro de curso legal non poderá implicar gasto algún para o Concello pola súa tramitación. En caso contrario o gasto cargado ao Concello será automaticamente resarcido do importe abonado, continuándose o procedemento recadador polo resto da cantidade adebedada pendente de cobro.*

*Artigo 24. Pago mediante domiciliación bancaria.*

1.- O pago mediante domiciliación bancaria realizarase nos supostos e cos requisitos regulados neste artigo.

2.- No suposto de aprazamentos, fraccionamentos e outros ingresos distintos dos de vencemento periódico e notificación colectiva, a domiciliación bancaria deberá axustarse aos seguintes requisitos:

a) Que o obrigado ao pago sexa titular da conta en que domicilie o pago e que dita conta estea aberta nunha entidade financeira.

b) Que o obrigado ao pago comunique a súa orde de domiciliación a Administración tributaria municipal.

3.- No suposto dos tributos periódicos que son obxecto de notificación colectiva a domiciliación bancaria deberá axustarse ás condicións que se detallan de seguido:

a) Comunicación á Administración tributaria municipal ben directamente, ben a través das entidades financeiras, neste caso as entidades comunicaran formalmente a Administración tributaria municipal para a eficacia da domiciliación. Poderá trasladarse a domiciliación a outra entidade de depósito coa comunicación á Administración tributaria municipal

b) As comunicacións para que teñan efecto no recibo do exercicio deberán realizarse dous meses antes do comezo do período de recadación establecido para o tributo ou ingreso de dereito público que se domicilia o pago. As efectuadas con posterioridade producirán efecto para o exercicio seguinte

c) As domiciliacións de pago terán validez por tempo indefinido, podéndose anular en calquera momento pola persoa ou entidade obrigada. Poderán ser rexeitadas pola entidade de crédito. Perderá vixencia a domiciliación nos supostos de devolución cando así o determine a Administración tributaria municipal sen comunicación aos interesados.

d) O pago poderá domiciliarse nunha conta que non sexa de titularidade da persoa ou entidade obrigada ao pago, sempre que o titular da conta autorice a domiciliación.

4.- Os pagos efectuados mediante domiciliación bancaria entenderanse realizados na data de cargo en conta de ditas domiciliacións, considerándose xustificante do ingreso o que para dito efecto expide a entidade de depósito onde está domiciliado o pago. Este comprobante de cargo en conta deberá recoller, como mínimo, os datos que se establezan pola Administración tributaria municipal.

*Artigo 25. Calendario fiscal.*

1.- Os períodos para pagar os tributos e outros ingresos públicos de carácter periódico que se xestionan por recibo serán os seguintes:



- a) *Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica: desde o 5 de marzo ata o 5 de maio, ambos incluídos (ou día hábil inmediato posterior).*
- b) *Imposto sobre Bens Inmóbles -Urbana, Rústica, e de características especiais-: desde o 5 de xullo ata o 5 de setembro, ambos incluídos (ou día hábil inmediato posterior).*
- c) *Taxas por ocupación de vía pública (vados) (mesas e cadeiras) e calquera outra taxa por ocupación de vía pública que se xestione por padrón: desde o 5 de maio ata o 5 de xullo ambos incluídos (ou día hábil inmediato posterior).*
- d) *Imposto sobre Actividades Económicas: desde o 20 de setembro ata o 20 de novembro, ambos incluídos (ou día hábil inmediato posterior).*

**2.- A data de cargo en conta dos recibos domiciliados será o último día do período voluntario**

*Artigo 26. Sistema Especial de Pago (S.E.P.)*

*1.- Os obrigados ao pago que así o soliciten poderán pagar de forma fraccionada e mediante domiciliación bancaria as débedas polo imposto sobre bens inmóbles devengadas a 1 de xaneiro do exercicio, sen que lles sexa esixible o pago de xuros de mora nin a prestación de garantías.*

*2.- Para acceder a esta modalidade de pago, os obrigados ao pago deberán cumprir os requisitos que de seguido se recollen:*

- a) *Non ter á data de aprobación do padrón do tributo correspondente ningunha débeda en vía executiva co Concello.*
- b) *Domiciliar os seus recibos en calquera entidade financeira.*
- c) *Notificar formalmente á Administración tributaria municipal a adhesión a este Sistema antes do día 1 de xaneiro do exercicio no que se pretende a súa aplicación.*
- e) *Incluír todos os seus recibos polo tipo de ingreso no que se acollen a este sistema*

*3.- O sistema especial de pagos entenderase automaticamente concedido desde o mesmo día da solicitude sempre que se cumpran todos os requisitos establecidos no parágrafo anterior.*

*No suposto de que a solicitude se presente despois da data indicada, a concesión terá efectos tributarios no exercicio seguinte.*

*De non se cumprir os requisitos establecidos a Administración tributaria municipal comunicará, antes del inicio del período de pago establecido e en todo caso antes do primeiro prazo, a denegación o a exclusión deste sistema especial de pago ao obrigado ao pago.*

*Unha vez incluídos os recibos neste sistema de pago entenderase prorrogado tacitamente agás desistimento expreso presentado antes do día 1 de xaneiro do exercicio no que se pretende a exclusión do sistema especial de pago, ou incumprimento de calquera dos prazos.*

4.- O obrigado ao pago abonará mediante domiciliación as cotas tributarias fraccionadas, sen xuros de mora e sen obriga de prestar garantías, mediante ol Sistema Especial de Pago nas seguintes datas: \_ Primeiro Prazo: 5 de **xullo**; \_ Segundo Prazo: 5 de **setembro**; \_ Terceiro Prazo: 5 de novembro.

5.- O importe de cada fracción será el resultado de dividir o importe do recibo polo número de fraccións.

6.- Cando por causas imputables ao obrigado ao pago a débeda non se faga efectiva no seu vencemento, isto é cando non se pague calquera dos prazos, perderase de maneira automática o dereito a beneficiarse deste sistema de pago, pasando a rexerse polo sistema xeral e, polo tanto:

a) se o período voluntario de ingreso non tivera finalizado, terase que proceder ao pago integro da débeda dentro do período voluntario de ingreso establecido para o tributo ou ingreso de dereito público;

b) se o período voluntario de ingreso tivera finalizado, iniciarase a vía de constrinximento pola contía pendente de pago.

7.- Se o obrigado ao pago decidira adiantar o pago de calquera das fracciones á data de vencemento sinalada, deberá abonar o importe total do recibo para o que terá que dirixirse a Administración tributaria municipal que lle entregará o documento de pago sen que isto supoña a perda do sistema para exercicios posteriores, agás que o interesado así o manifeste.

8.- Calquera modificación na conta de domiciliación deberá de comunicarse con 2 meses de antelación as datas establecidas para o cobro de cada fracción. No suposto de que se presente despois das fechas indicadas, as modificacións terán efecto para a fracción seguinte.

9.- Cando o sistema especial de pago remate anticipadamente sen que o importe abonado permita cancelar o importe das débedas incluídas no sistema, o Concello aplicará os cobros realizados a débeda máis antiga, e se as débedas tiveran a mesma antigüidade a Administración tributaria municipal poderá aplicalas do xeito que estime máis conveniente. A antigüidade determinarase de acordo coa data en que cada unha fose esixible.

Artigo 27. Aprazamento e fraccionamento do pago: solicitude e tramitación.

1.- O pago das débedas tributarias e demais de dereito público tanto en período voluntario como executivo poderá aprazarse ou fraccionarse cando a situación

*económico – financeira do obrigado tributario lle impida, de forma transitoria, efectuar o pago nos prazos establecidos, nos termos previstos nos artigos 65 e 82 da Lei xeral tributaria, no Regulamento Xeral de Recadación, e coas precisións que se detallan neste artigo.*

*2.- Correspóndelle a/o xefa da unidade de Recadación a apreciación da situación económica financeira do obrigado ao pago en relación coa posibilidade de pagar as débedas. Cando a valoración da solvencia presente gran complexidade económica ou xurídica, a/o xefe da unidade remitirá a solicitude á Asesoría Xurídica, que poderá solicitar para dita valoración o apoio da unidade municipal que estime oportuno.*

*3.- As persoas ou entidades interesadas presentarán a solicitude no modelo normalizado que facilitará a Administración tributaria municipal. A solicitude debe comprender:*

*a) Para as débedas en período executivo: todas as débedas tributarias e demais de dereito público das que sexa suxeito pasivo ou obrigado ao pago a persoa ou entidade solicitante.*

*b) Para as débedas en período voluntario: as débedas que se solicite aprazar ou fraccionar.*

*4.- Xunto coa solicitude no modelo normalizado, que recollerá todos os datos previstos no artigo 46.2 do regulamento xeral de recadación, deberanse achegar os seguintes documentos:*

*a) Os datos bancarios (código conta cliente) dunha conta aberta en oficina de entidade financeira en onde se deba efectuar o cargo en conta, xa que con carácter xeral a concesión require que o solicitante domicilie o pago da débeda ou das sucesivas fraccións. A entidade financeira onde se domicilia o cargo debe ter sucursal aberta no termo municipal.*

*b) Ademais:*

*b.1.- Débedas de persoas físicas: fotocopia da última nómina e da declaración do IRPF, ou certificado da AEAT de non presentar declaración; nos caso de desemprego certificado do organismo competente que acredite dita situación; no caso de pensionistas, certificado da Seguridade Social ou organismo competente que acredite o importe.*

*b.2.- Débedas de persoas xurídicas: copia da última declaración do imposto de sociedades e da escritura de constitución da sociedade.*

*c) Tamén é preciso:*

*c.1.- Detallar a garantía que se ofrece cando sexa preceptiva, ou, no seu caso, a imposibilidade de constituíla;*

*c.2.- Fundamentar as dificultades de tesourería*

5.- Non se concederán aprazamentos ou fraccionamentos:

a) En período voluntario nos seguintes supostos:

a.1.- Para autoliquidacións ou liquidacións que foran fraccionadas conforme ao disposto na ordenanza reguladora do tributo ou ingreso público en cuestión, ou cando se tivera concedido un aprazamento ou fraccionamento previo dos previstos con carácter xenérico pola Administración Municipal.

a.2.- Para recibos acollidos ao sistema de pago especial.

a.3.- Para débedas de importe inferior a 300 euros.

a.4.- Para débedas de vencemento periódico e notificación colectiva de importe superior a 300 euros para as que non este habilitado o sistema especial de pago.

a.5.- Para débedas suspendidas cando recaera sentenza firme en contra.

a.6.- Para débedas por sancións derivadas de infraccións en materia de tráfico.

b) En período executivo nos seguintes supostos:

b.1.- Cando o conxunto das débedas incluídas no expediente executivo teñan un importe inferior a 300 euros.

b.2.- Para débedas suspendidas cando recaera sentenza firme en contra.

b.3.- Cando no procedemento executivo se teña notificado o acto administrativo polo que se acorda a enaxenación dos bens embargados

6.- A vista da situación financeira do obrigado ao pago e atendidas as circunstancias sociais, económicas e financeiras de cada momento, corresponde acordar á Concellería delegada de Facenda a determinación do prazo máximo en aprazamentos e o número de prazos máximos en fraccionamentos que poidan ser concedidos en función do importe da débeda afectada.

Con carácter xeral o aprazamento ou o fraccionamento concederáse por un período máximo de 12, 18, ou 24 meses, a contar desde a data na que se aprobe a súa concesión, conforme as cantidades, períodos e vencementos seguintes:

a.- Débedas superiores a 300,00 euros ata 3.000,00 euros: fraccionaranse liquidándose un 25% ao contado e seis períodos bimensuais por un 12,5% mais os intereses. O aprazamento concederáse por un máximo de 12 meses.

b.- Débedas superiores a 3.000,00 euros ata 6.000,00 euros: fraccionaranse liquidándose un 25% ao contado e seis períodos trimestrais por un 12,5% mais os intereses. O aprazamento concederáse por un máximo de 18 meses.

c.- Débedas superiores a 6.000,00 euros, e casos cualificados e excepcionais: á Concellería delegada de Facenda poderá fixar períodos de concesión distintos dos anteriores en razón da contía, sen que o período poida exceder de dous anos.

7.- As cantidades aprazadas, excluído, no seu caso, o recargo de constrinximento, devengarán xuros de mora polo tempo que dure o aprazamento e ao tipo fixado na Lei

*de orzamentos xerais do Estado. Para o caso de que o fraccionamento ou aprazamento sexa superior ao ano e, polo tanto, se descoñeza o tipo de xuro aplicable, calcularase en base ao tipo vixente e posteriormente, se houbera modificacións do tipo, regularizarase. O cargo polo importe da débeda ou de cada fracción, segundo o sistema de domiciliación recollido no parágrafo 4.a) deste artigo, efectuarase polo importe exacto, resultante de aplicar o tipo de xuro vixente no exercicio de vencemento da fracción.*

*Artigo 28. Aprazamento e fraccionamento do pago: garantías.*

*1.- A existencia de garantías estará en función do obrigado ao pago é do importe das débedas para as que se pide o aprazamento ou fraccionamento segundo as seguintes regras:*

*a) Para as Administracións públicas calquera que sexa a contía e para o resto dos obrigados cando as débedas sexan inferiores a 2.500 euros non se esixirá garantía*

*b) Para as débedas superiores a 2.500 euros e ata 5.000 euros, o obrigado tributario poderá solicitar a exención total ou parcial da achega de garantía, mediante a achega de: declaración responsable; xustificación documental da imposibilidade de obter aval de polo menos tres entidades financeiras; xustificación de carecer de bens o non posuír outros distintos aos ofrecidos.*

*c) Para as débedas superiores a 5.000 euros, será necesaria a prestación de garantía suficiente que avale o fraccionamento ou aprazamento solicitado.*

*2.- Aceptaranse con carácter xeral as seguintes garantías:*

*a) Aval solidario de entidades de depósito.*

*b) Calquera outra que se considere suficiente, cando se acredite a imposibilidade de obter o aval.*

*3.- Con carácter excepcional admitiranse as seguintes garantías:*

*a) Tratándose de débedas en período executivo, a garantía poderá consistir na anotación de embargo preventivo de bens do debedor nos rexistros públicos correspondentes.*

*b) O Obrigado ao pago poderá solicitar a adopción dunha medida cautelar para constituír a garantía, a medida cautelar poderá consistir na retención de devolucións ou outros pagos en trámite, anotación preventiva de embargo de bens que lle pertencan, ou calquera outra que estime oportuna.*

*4.- O acordo de concesión especificará a garantía que o solicitante deberá achegar ou, de se lo caso, a dispensa desta obriga.*

5.- A garantía deberá achegarse no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación do acordo de concesión. Transcorrido este prazo sen formalizar a garantía, esixirase inmediatamente pola vía de constrinximento a débeda cos xuros e recargas correspondentes do período executivo, sempre que rematara o período regulamentario de ingreso.

*Artigo 29. Situación de insolvencia.*

1.- Son créditos incobrables aqueles que non poden facerse efectivos no procedemento de recadación por resultar falidos os obrigados ao pago, ou por concorrer nos bens coñecidos do debedor circunstancias que os fan inembargables.

2.- Cando se declararan falidos os obrigados ao pago e os responsables, declararanse provisionalmente extinguidas as débedas, podendo ser rehabilitadas no prazo de prescrición. A débeda quedará definitivamente extinguida se non se rehabilita nese prazo.

3.- Aos efectos de rehabilitación dos créditos, cando se coñeza a súa procedencia a/o xefe da unidade de Recadación, comunicarao a/ao xefe da unidade de Xestión tributaria para a súa incorporación ao sistema informático, entendéndose aprobados desde ese momento. A unidade de recadación vixiará a posible solvencia sobrevida dos obrigados e responsables declarados falidos.

4.- Declarado falido un debedor, se non existen outros obrigados ou responsables, os créditos contra o mesmo de vencemento posterior serán dados de baixa por referencia a dita declaración, unha vez transcorrido o prazo de pago en voluntaria e efectuadas as pertinentes consultas nas bases de datos ás que ten acceso a Administración tributaria municipal.

*Artigo 30. Medios de xustificación das actuacións para a declaración de crédito incobrable.*

A/O xefe da unidade de Recadación documentará debidamente os expedientes formulando, con base aos criterios de economía e eficacia na xestión recadatoria, proposta de crédito incobrable que se someterá a aprobación da Concellería delegada de Facenda.

*Artigo 31. Criterios de aplicación ás propostas de declaración de créditos incobrables.*

1.- Coa finalidade de conxugar o respecto ao principio de legalidade do procedemento co de eficacia administrativa, establécense os requisitos e condicións que deben verificarse con carácter previo á proposta de declaración de créditos incobrables.

2.- A documentación xustificativa será diferente en función dos importes e características da débeda. Se distinguirán os seguintes supostos:

a). Expedientes por débedas acumuladas de importe ata 300 EUR. Formularase proposta de declaración de crédito incobrable cos seguintes requisitos:

a.1 Acreditarase no expediente que o debedor non figura como suxeito pasivo no padrón do Imposto sobre bens inmobles, nin no Imposto sobre actividades económicas.

a.2 Acreditarase no expediente que se realizaron dous intentos en períodos diferentes, mediando entre eles cando menos 12 meses, de embargo de fondos en diferentes entidades bancarias así como dous intentos de embargo, con resultado negativo, de soldos, salarios e pensións.

a.3 Acreditarase no expediente o intento de embargo de devolucións tributarias, a practicar pola AEAT.

b). Expedientes por débedas acumuladas de importe superior a 300 EUR que figuren a nome de persoas físicas. Formularase proposta de declaración de crédito incobrable cos seguintes requisitos:

b.1 Acreditarase no expediente que o debedor non figura como suxeito pasivo no padrón do Imposto sobre bens inmobles, no Imposto sobre actividades económicas, e no imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

b.2 Acreditarase no expediente que se realizaron dous intentos en períodos diferentes, mediando entre eles cando menos 12 meses, de embargo de fondos en diferentes entidades bancarias así como dous intentos de embargo, con resultado negativo, de soldos, salarios e pensións.

b.3 Acreditarase no expediente o intento de embargo de devolucións tributarias, a practicar pola AEAT.

b.4 Acreditarase que non figuran bens inscritos a nome do debedor no Servizo de Índice Central dos Rexistros da Propiedade, así como noutros Rexistros públicos.

c). Expedientes por débedas acumuladas de importe superior a 300 EUR que figuren a nome de entidades xurídicas. Formularase proposta de declaración de crédito incobrable cos seguintes requisitos:

c.1 Acreditarase no expediente que o debedor non figura como suxeito pasivo no padrón do Imposto sobre bens inmobles, no Imposto sobre actividades económicas, e no imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

c.2 Acreditarase no expediente que se realizaron dous intentos en períodos diferentes, mediando entre eles cando menos 12 meses, de embargo de fondos en diferentes entidades bancarias así como dous intentos de embargo, con resultado negativo, de soldos, salarios e pensións.

c.3 Acreditarase no expediente o intento de embargo de devolucións tributarias, a practicar pola AEAT.

c.4 Acreditarase que non figuran bens inscritos a nome do debedor no Servizo de Índice Central dos Rexistros da Propiedade, así como noutros Rexistros públicos.

*c.5 Constatarase as actuacións realizadas mediante a información facilitada polo Rexistro Mercantil.*

*3.- Para determinar a contía a que se refiren os apartados anteriores, computaranse todas as débedas dun contribuínte que queden pendentes de pago e sempre que se ditara xa a providencia de constrinximento. Posporase a proposta de crédito incobrable dentro do prazo de prescrición, nos casos en que o incremento da contía pola posible acumulación de débedas de vencemento periódico, poida permitir unha tramitación posterior do expediente.*

### **TÍTULO III. A APLICACIÓN DOS TRIBUTOS**

#### **CAPÍTULO I. Principios xerais.**

*Artigo 32. Regulación das actuacións e procedementos tributarios.*

*As actuacións e procedementos de aplicación dos tributos, no ámbito da Administración tributaria municipal, regularanse:*

*a) Polas normas especiais establecidas na Lei Xeral Tributaria e no texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, por esta ordenanza e as ordenanzas fiscais específicas de cada tributo, así como polas normas de procedemento recollidas noutras leis tributarias e na súa normativa regulamentaria de desenvolvemento.*

*b) Supletoriamente, polas disposicións xerais dos procedementos administrativos.*

*Artigo 33. Comunicacions informativas e consultas tributarias.*

*1.- A Administración tributaria municipal informará aos contribuíntes que o soliciten dos criterios administrativos existentes para a aplicación da normativa tributaria.*

*2.- Os interesados poden dirixirse á web do Concello para acceder á información de interese xeral e realizar os trámites e xestións que se regulan no artigo 39 desta Ordenanza.*

*3.- Se a solicitude de información se refire a unha cuestión regulamentada na Ordenanza xeral ou en circulares da Administración tributaria municipal, ou ben se trata dunha cuestión na que a resposta se deduce claramente da normativa vixente, a unidade receptora da consulta poderá formular a resposta. Se no fose así, responderase desde a Concellaría de Facenda, previo informe da xefatura da Administración tributaria municipal. A resposta deberá entregarse nun prazo máximo de tres meses, con unha referencia á normativa aplicable á cuestión que se presenta.*



3.- *As consultas tributarias escritas referiranse, necesariamente, ao réxime, clasificación ou cualificación tributarios que se atopen dentro do ámbito de competencias da Administración tributaria municipal.*

*As consultas tributarias escritas que se presenten antes do remate do prazo establecido para a presentación de declaracións, autoliquidacións ou o cumprimento doutras obrigas tributarias, deberanse contestar no prazo de seis meses desde a presentación. No escrito de presentación manifestarase expresamente se no momento de presentalo se está tramitando ou non un procedemento, recurso ou reclamación relacionado co réxime, clasificación ou cualificación tributaria do tema presentado á consulta. De se considerar necesario para formar o criterio, poderase solicitar aos interesados que amplíen os antecedentes ou as circunstancias do caso.*

*A contestación ás consultas tributarias escritas terá efectos vinculantes para a Administración tributaria municipal, excepto cando as cuestións que se presentan están relacionadas co obxecto ou a tramitación dun procedemento, recurso ou reclamación iniciado antes de formulalas. Os criterios expresados na contestación aplicaranse ao interesado que consulta e a outros obrigados tributarios, sempre que exista identidade entre os feitos e circunstancias reais e aqueles obxecto da consulta.*

*Non se admitirá ningunha consulta que se presente despois de rematar os prazos establecidos para o exercicio do dereito, para a presentación da declaración ou autoliquidación ou para o cumprimento da obriga tributaria de que se trate.*

4.- *Para garantir a confidencialidade da información:*

*Cando se trata de comparecencia persoal, requirirase do contribuínte a súa debida identificación mediante presentación do NIF.*

*Cando o interesado se relacione coa Administración por medios telemáticos, poderá identificarse utilizando o certificado dixital ou o medio que teña establecido o Concello para acreditar a súa identidade.*

*Cando o interesado actúe por medio de representante, este deberá acreditar a súa condición nos termos previstos no artigo 46 da Lei Xeral Tributaria, sen prexuízo do previsto nesta Ordenanza para os colaboradores sociais. En todo caso, presumirase concedida a representación cando se trate de acto de mero trámite.*

*Artigo 34. Relacións coa Axencia Estatal de Administración Tributaria*

1.- *A Administración tributaria municipal intercambiará coa AEAT información con transcendencia tributaria nas condicións que resulten dos convenios firmados pola Federación Española de Municipios e Provincias aos que se teña adherido o Concello de Santiago de Compostela, ou doutros convenios que se poidan subscribir.*

2.- *Sen prexuízo do intercambio de información periódico, a que se refire o apartado anterior, a Administración tributaria municipal solicitará a colaboración da AEAT cando resulte imprescindible para a efectividade da recadación dos ingresos municipais.*

*A colaboración solicitada poderá referirse á obtención de datos con transcendencia tributaria e a calquera actuación recadatoria que teña que realizarse nun ámbito territorial diferente ao do termo municipal de Santiago de Compostela.*

3.- *A Administración tributaria municipal poderá solicitar a colaboración da AEAT para proseguir a realización de actuacións de recadación executiva cando o debedor non teña bens embargables coñecidos no ámbito do termo municipal de Santiago de Compostela.*

#### *Artigo 35. Relacións con Tráfico*

1.- *Coa fin de xestionar eficazmente o Imposto sobre vehículos de tracción mecánica, a Dirección Xeral de Tráfico facilita que a Administración tributaria municipal consulte por vía telemática aqueles datos do Rexistro de Tráfico con transcendencia tributaria, e para a xestión das denuncias por infraccións de circulación.*

2.- *A Administración tributaria municipal poderá substituír, a petición da Xefatura Provincial de Tráfico, a transmisión en soporte papel dos datos relativos a autoliquidacións por IVTM polo envío dun ficheiro informático.*

3.- *Respecto ás comunicacións de cambios de domicilio declarados polos obrigados tributarios, o Concello as remitirá telematicamente a dirección Provincial de Tráfico, mediante un ficheiro.*

#### *Artigo 36. Relacións coa Xerencia Territorial do Catastro*

1.- *O intercambio de datos sobre bens inmobles e suxeitos pasivos do Imposto sobre bens inmobles con transcendencia para a xestión deste tributo, farase por medios informáticos cando a Xerencia Territorial do Catastro o solicite ou o autorice.*

2.- *A gravación de datos relativos a alteracións xurídicas faise directamente na base de datos da Dirección Xeral do Catastro, ao abeiro do que prevé o Real Decreto 417/2006 e o Convenio suscrito.*

#### *Artigo 37. Colaboración cos Notarios*

1.- *Desde o Índice Notarial Centralizado, transmitiranse á Administración tributaria municipal información sobre transmisións de inmobles, a efectos da liquidación do IVTNU.*

2.- Con consentimento do interesado, os Notarios poderán consultar a existencia de débedas polo Imposto sobre bens inmobles asociadas á referencia catastral dun inmoble que se transmite, para poder formular a advertencia prevista no artigo 64 do TRHL.

3.- Outros intercambios de información de datos con transcendencia tributaria poderanse realizar por medios telemáticos que garantan a identidade de quen transmite a información, así como a integridade e a confidencialidade da transmisión.

4.- Cando estean desenvolvendo as aplicacións informáticas necesarias para executar o que prevé o Convenio suscrito entre a FEMP e o Consello Xeral do Notariado, ao que esta adherido o Concello de Santiago de Compostela, os Notarios poderán efectuar desde os seus despachos liquidacións do IVTNU.

#### *Artigo 38. Colaboración cos Xestores Administrativos*

1.- Para cumprir o convenio cos xestores administrativos, estes poderán realizar as seguintes funcións:

a) Autoliquidar o Imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no caso de novas adquisicións de vehículos, por conta do suxeito pasivo. A autoliquidación farase mediante conexión a web do Concello de Santiago de Compostela. As persoas que poderán conectarse e realizar a tramitación serán as autorizadas e deberán identificarse a través dos medios que o Concello ten establecido.

b) Pagar a cota mediante a pasarela telemática de pagos.

c) Presentar autoliquidacións polo Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

d) Calquera outra función que fora acordada mediante o correspondente convenio de colaboración social.

2.- Os xestores, actuando como representantes de terceiro, debidamente identificados, ou mediante a adhesión aos acordos de colaboración firmados co Concello de Santiago de Compostela, poderán realizar trámites e xestións coa Administración tributaria municipal por vía telemática ou presencial.

#### *Artigo 39. Uso de medios electrónico para realización de consultas e trámites*

1.- A Administración tributaria municipal impulsará a tramitación por medios electrónicos, informáticos e telemáticos dos procedementos de xestión, liquidación, inspección e recadación dos ingresos de dereito público que lle corresponde xestionar, consonte co disposto no artigo 45 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento Administrativo Común,

*artigo 96 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e artigo 1 e seguintes da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos.*

*2.- Mediante o impulso do emprego dos medios electrónicos, a Administración tributaria municipal pretende promover una administración pública mais eficaz, eficiente, accesible e transparente*

*3- Con carácter xeral, a Administración tributaria municipal procurará e porá ao alcance dos cidadáns todos os medios posibles co obxectivo de que o interesado, para realizar calquera xestión en relación cos ingresos de dereito público, non teña que desprazarse persoalmente ás oficinas, senón que poida resolver, de se lo caso, ou atopar unha primeira información por internet, por correo electrónico ou telefonicamente.*

*4.- Na páxina web do Concello informase polo miúdo dos servizos aos que por medios electrónicos, poden acceder os interesados.*

*5.- As persoas provistas de certificado dixital acreditativo da súa identidade, poderán realizar na web do concello, consultas e trámites vinculados aos datos de carácter persoal que lles afecten; entre outras, as seguintes:*

- a) Autoliquidar ingresos.*
- b) Débedas pendentes de pago.*
- c) Domiciliacións de tributos vixentes.*
- d) Corrección de datos persoais.*
- e) Obtención de certificados.*

## *CAPÍTULO II. Normas sobre actuacións e procedementos.*

*Artigo 40. Regulación das actuacións e procedementos tributarios.*

*As actuacións e procedementos de aplicación dos tributos, no ámbito da Administración tributaria municipal, regularanse:*

- a) Polas normas especiais establecidas na Lei Xeral Tributaria e no texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, por esta ordenanza e as ordenanzas fiscais específicas de cada tributo, así como polas normas de procedemento recollidas noutras leis tributarias e na súa normativa regulamentaria de desenvolvemento.*
- b) No seu defecto, polas disposicións xerais dos procedementos administrativos.*

*Artigo 41. Obriga de resolver e efectos do silencio administrativo*

1.- A Administración tributaria municipal está obrigada a resolver todas as cuestións que se presenten nos procedementos tributarios. Exceptúase expresamente este deber de resolver nos seguintes casos:

a) Nos procedementos relativos ao exercicio de deberes que só deben ser obxecto de comunicación polo obrigado tributario.

b) Cando se produza a caducidade, a perda sobrevida do obxecto do procedemento, a renuncia ou o desistimento dos interesados.

2.- Cando o interesado solicite expresamente que se declare a caducidade, a perda sobrevida do obxecto do procedemento, a renuncia ou o desistimento, a Administración tributaria municipal deberá resolver sobre a petición.

3.- O prazo máximo de duración dos procedementos será de seis meses, excepto que a normativa que os regula indique outro.

4.- A Administración tributaria municipal adoptará as medidas necesarias para cumprir os deberes de motivar os actos administrativos e resolver os recursos presentados no prazo fixado na normativa de aplicación.

5.- Nos procedementos iniciados por solicitude do interesado, o vencemento do prazo máximo fixado para a súa resolución sen ditarse e notificarse o acordo expreso, lexítima ao interesado para entender estimada ou desestimada a solicitude por silencio administrativo, segundo proceda, e sen prexuízo da resolución que a Administración debe ditar.

6.- Cando non recaera resolución dentro do prazo, entenderase desestimada a solicitude nos seguintes supostos:

a) Resolución do recurso de reposición previo ao contencioso - administrativo, ou ao económico - administrativo, fronte aos actos ditados en materia de xestión de ingresos de dereito público local.

b) Procedemento para a concesión de beneficios fiscais.

c) Resolución doutros recursos administrativos diferentes dos establecidos no apartado a) que puideran interpoñerse.

d) Suspensión do procedemento de xestión e/ou recadación dos ingresos de dereito público cando non se achegue garantía suficiente.

e) Outros supostos previstos legalmente.

7.- Tamén se entenderá desestimada a devolución de ingresos indebidos no prazo de seis meses sempre que con anterioridade non fora anulada a liquidación que motivou o ingreso.

8.- Entenderanse estimadas as solicitudes presentadas polos interesados nos casos previstos na normativa de aplicación

*Artigo 42. Concepto e clases de liquidacións tributarias.*

1.- A liquidación tributaria é o acto resolutorio mediante o que o órgano competente da Administración tributaria municipal realiza as operacións de cuantificación necesarias e determina o importe da débeda tributaria ou da cantidade que, no seu caso, resulte a devolver ou a compensar, de acordo coa normativa tributaria.

A Administración tributaria municipal non estará obrigada a axustar as liquidacións aos datos consignados polos obrigados tributarios nas autoliquidacións, declaracións, comunicacións, solicitudes ou calquera outro documento.

2.- As liquidacións tributarias ditadas pola Administración tributaria municipal, poderán ser provisionais ou definitivas.

*Artigo 43. Liquidacións definitivas.*

Terán a consideración de definitivas as liquidacións practicadas no procedemento inspector previa comprobación e investigación da totalidade dos elementos da obriga tributaria, agás o disposto no apartado 4, do artigo 101 da Lei Xeral Tributaria.

Consideraranse tamén definitivas, calquera que sexa o procedemento de aplicación de tributos do que resulten, as liquidacións que, previa comprobación da totalidade dos elementos que integran a débeda tributaria mediante o emprego de cantos datos e documentos sexan necesarios para a súa determinación, se notifiquen con expresión do seu carácter de definitiva.

*Artigo 44. Liquidacións provisionais.*

1.- Terán a consideración de provisionais, todas aquelas liquidacións que, segundo o establecido no artigo anterior, non teñan o carácter de definitivas.

2.- En particular, terán a consideración de provisionais:

a) as liquidacións tributarias practicadas pola Administración tributaria municipal de acordo coa cualificación, bases, valores ou cotas fixadas polo Estado, nos tributos de xestión compartida, cando ditos actos de cualificación ou fixación de bases, valores ou cotas foran ditados sen a previa comprobación do feito impositivo ou das circunstancias determinantes da respectiva cualificación, valoración ou fixación de cotas, pola Administración competente.

b) as liquidacións notificadas individualmente ou, no caso de tributos de cobro periódico por recibo, colectivamente, que conteñan o recoñecemento implícito de beneficios fiscais que estean condicionados ao cumprimento de certas condicións

*futuras ou á efectiva concorrencia de determinados requisitos non comprobados no procedemento en que se ditaron, podendo comprobarse nun posterior procedemento de comprobación ou investigación.*

*Artigo 45. As notificacións en materia tributaria.*

*1.- O réxime de notificacións será o previsto nas normas administrativas xerais, coas especialidades establecidas na Lei Xeral Tributaria e nas demais normas reguladoras dos tributos no ámbito local.*

*2.- Nos tributos de cobro periódico por recibo, unha vez notificada a liquidación correspondente a alta no respectivo rexistro, padrón ou matrícula, poderán notificarse colectivamente as sucesivas liquidacións, mediante edictos que así o advirtan.*

*A este efecto, os padróns ou matrículas someteranse, cada período, á aprobación da Concellaría delegada de Facenda e, unha vez aprobados, expóranse ao público durante un prazo de quince días, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. Tamén se publicará o anuncio en dous dos diarios de maior tirada, no taboleiro de edictos e na web municipal.*

*O aumento de base impoñible sobre a resultante das declaracións deberá notificarse ao contribuínte con expresión concreta dos feitos e elementos adicionais que o motiven, excepto nos supostos previstos no parágrafo 1 do artigo 21 desta Ordenanza.*

*CAPÍTULO III. Actuacións e procedementos de xestión tributaria.*

*Artigo 46. A xestión tributaria.*

*As actuacións e o exercicio das funcións propias da xestión tributaria, nos termos sinalados na Lei Xeral Tributaria, realizaranse de acordo co establecido en dita lei, coas especialidades propias do ámbito local contempladas na normativa tributaria local e nesta ordenanza.*

*CAPÍTULO IV. Actuacións e procedementos de inspección.*

*Artigo 47. A Inspección dos tributos*

*1.- A Administración tributaria municipal leva a cabo as actuacións de comprobación e, no seu caso, investigación da situación tributaria dos diferentes obrigados tributarios por calquera dos tributos que integran o sistema tributario local.*

*2.- No exercicio da inspección dos tributos lle corresponde realizar as funcións que recolle o artigo 141 da Lei Xeral Tributaria.*

3.- Cando as actuacións inspectoras o requiran, os funcionarios que desenvolvan funcións de inspección dos tributos poderán entrar nas fincas, locais de negocio e demais establecementos ou lugares nos que se realicen actividades ou explotacións sometidas a gravame, existan bens suxeitos a tributación, se produzan feitos impoñibles ou supostos de feito das obrigas tributarias, ou exista algunha proba dos mesmos.

Se a persoa que ten baixo a súa custodia os lugares mencionados no parágrafo anterior se opuxera á entrada dos funcionarios da Inspección dos Tributos, precisarase a autorización escrita do Alcalde.

4.- Se os órganos de inspección constatan no curso das súas actuacións que os obrigados tributarios son responsables de feitos constitutivos de infraccións tributarias, aplicarán o réxime sancionador establecido na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a desenvolven, especialmente o Regulamento Xeral do Réxime Sancionador Tributario, na medida que sexa de aplicación.

5.- Os funcionarios que desempeñen funcións de inspección serán considerados axentes da autoridade e deberán acreditar a súa condición, se son requiridos para elo, fora das oficinas públicas.

As autoridades públicas prestarán a protección e o auxilio necesario aos funcionarios para o exercicio das funcións de inspección.

#### *CAPÍTULO IV. Actuacións e procedementos de recadación.*

##### *Artigo 48. Órganos de xestión recadatoria.*

1.- A Administración tributaria municipal leva a cabo a xestión recadatoria dos tributos e doutros ingresos de dereito público do Concello de Santiago de Compostela.

2.- Son colaboradores do servizo de recadación as Entidades financeiras autorizadas para a apertura de contas restrinxidas de recadación.

3.- Os pagos de tributos periódicos que sexan obxecto de notificación colectiva, os pagos de liquidacións notificadas individualmente, así como os que resulten de autoliquidacións practicadas polos propios obrigados tributarios deberán realizarse en calquera das Entidades colaboradoras do servizo de recadación.

##### *Artigo 49. Recadación das débedas. Prazos de ingreso*

1.- A recadación das débedas tributarias e das sancións tributarias poderá realizarse en período voluntario ou en período executivo.



- 2.- Os prazos de ingreso consonte o disposto no artigo 62 da Lei xeral tributaria son:
- a) Para as débedas resultantes de liquidacións practicadas pola Administración, o pago en período voluntario deberá facerse nos seguintes prazos:
    - a.1.- Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes, desde a data de recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.
    - a.2.- Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes, desde a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.
  - b) Para as débedas correspondentes a tributos periódicos que son obxecto de notificación colectiva, que non teñan establecido outro prazo nas súas normas reguladoras, ou na presente Ordenanza xeral: do 1 de outubro ao 30 de novembro.
  - c) Para as débedas non tributarias: nos prazos que determinen as normas ou acordos consonte cos que ditas débedas se esixen, e, no seu defecto, nos prazos establecidos nos apartados a), ou b), segundo os casos.
  - d) Para as débedas resultantes de autoliquidacións -débedas liquidadas polo propio obrigado tributario-: deberán pagarse nos prazos que sinalan as normas reguladoras de cada tributo.
  - e) Unha vez iniciado o período executivo e notificada a providencia de constrinximento, o pago da débeda tributaria deberá efectuarse nos seguintes prazos:
    - e.1.- Se a notificación da providencia se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes, desde a data de recepción da notificación ata o día 20 de dito mes ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.
    - e.2.- Se a notificación da providencia se realiza entre os días 16 e último de cada mes, desde a data de recepción da notificación ata o día cinco do mes seguinte ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

#### *Artigo 50. Execución forzosa*

1.- Cando a contía total da débeda dun contribuínte sexa superior a 600 euros, ademais das actuacións de embargamento previstas con carácter obrigatorio nas letras b) e c) do apartado 2 do artigo 31, poderase ordenar o embargo dos restantes bens e dereitos aos que se refire o artigo 169 da Lei Xeral Tributaria, preservando a orde establecida no citado precepto.

2.- Previa solicitude do debedor poderase alterar a orde de embargo sempre que os bens que designe garantan coa mesma eficacia o cobro da débeda que aqueles outros bens que preferentemente deban ser trabados.

3.- A Administración tributaria municipal e o obrigado tributario poderán acordar unha orde de embargo de bens e dereitos diferente ao establecido no artigo 169 da Lei Xeral Tributaria.

4.- Embargaranse os bens dos debedores tendo en conta a facilidade na súa execución e que sexa menos oneroso para o debedor.

#### *Artigo 51. Custas do procedemento*

1.- Terán a consideración de custas do procedemento aqueles gastos que se orixinen durante o proceso de execución forzosa. As custas serán a cargo do debedor a quen lle serán esixidas.

2.- Como custas do procedemento estarán comprendidas, entre outras, as seguintes:

a) Os gastos orixinados polas notificacións que de maneira imprescindible teñan que realizarse no procedemento administrativo de constrinximento.

b) Os honorarios de empresas e profesionais, alleos á Administración, que interveñan na valoración dos bens trabados.

c) Os honorarios dos rexistradores e outros gastos que se abonen polas actuacións nos rexistros públicos.

d) Os gastos motivados polo depósito e administración dos bens embargados.

e) Os demais gastos que esixe a propia execución.

#### *Artigo 52. Anuncios e mesa de poxa. Particularidades*

1.- A mesa da poxa de bens estará integrada polo Tesoureiro, que será o Presidente, polo Secretario xeral do Pleno do Concello que será el Secretario e por un vocal que será a/o xefe da unidade de Recadación. Todos poderán ser substituídos.

2.- Os anuncios de poxa de bens publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios do Concello e optativamente, cando a natureza e valoración do ben o aconselle, mediante anuncios nos medios de comunicación de gran difusión e en publicacións especializadas, ou en calquera outro medio oportuno ao efecto.

Os anuncios de poxa de bens publicaranse no Boletín Oficial da comunidade Autónoma de Galicia e do Estado, cando o tipo de poxa exceda da cifra de 600.000 euros.

3.- Todo licitador, para ser admitido como tal, constituirá un depósito en metálico ou cheque conformado a favor do Concello de Santiago de Compostela de cando menos un 20% do tipo da poxa, agás que a Mesa de poxa, de forma motivada, o reduza ao 10%.

4.- Se a poxa é de bens inmobles e o tipo excede de 250.000 euros, o adxudicatario poderá exercitar a opción prevista no artigo 111 do Regulamento Xeral de Recadación

*e efectuar o pago do prezo do remate o mesmo día no que se produza o outorgamento da escritura pública de venda, debendo comunicar ao resultar adxudicatario o seu desexo de acollerse a esta forma de pago, podendo condicionar a Mesa de poxa esta opción á constitución dun depósito adicional no prazo improrrogable de dez días.*

#### **TÍTULO IV. A REVISIÓN EN VÍA ADMINISTRATIVA.**

##### **CAPÍTULO I. A revisión en vía administrativa.**

##### **Artigo 53. Recurso de reposición e reclamación económico - administrativa**

*1.- En tanto non este constituído o tribunal económico administrativo municipal:*

*a) Contra os actos de aplicación e efectividade dos ingresos de dereito público xestionados pola Administración tributaria municipal só poderá interpoñerse recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto administrativo que se reclama.*

*a.1.- Se o acto administrativo é a providencia de constrinximento ou o acordo de adxudicación dos bens trabados poderán ser impugnados mediante o correspondente recurso de reposición diante do Tesoureiro.*

*a.2.- Se o acto administrativo é a aprobación de padróns, ou das liquidacións incorporadas, pódese interpoñer recurso de reposición diante da Concellaría delegada de Facenda no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao de remate do período de exposición pública dos correspondentes padróns.*

*b) O recurso de reposición entenderase desestimado se non se resolveu no prazo dun mes contado desde a data de interposición.*

*c) Aos efectos da non esixencia de xuros de mora á que fai referencia o artigo 26.4 da Lei Xeral Tributaria, entenderase que a Administración tributaria municipal incumpriu o prazo máximo de resolución do recurso de reposición cando transcorrera o prazo dun ano desde a súa interposición sen que recaera resolución expresa. Este prazo establececese ao abeiro da Disposición adicional cuarta, apartado 3 da Lei Xeral Tributaria, e en paridade co que prevé dita Lei para a resolución das reclamacións económico - administrativas.*

*2.- Cando este constituído o tribunal económico administrativo municipal.*

*a) Contra os actos de xestión, liquidación, recadación e inspección de tributos e ingresos de dereito público, que sexan de competencia municipal os interesados deberán presentar, previamente ao recurso contencioso - administrativo, a reclamación económico administrativa, que será resolta polo tribunal económico administrativo do Concello de Santiago de Compostela.*

*b) Non obstante tamén poderán presentar, con carácter potestativo e previo a dita reclamación económico administrativa, o recurso de reposición regulado no artigo 14*

*do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.*

*c) A resolución do Xurado Tributario, pon fin á vía administrativa e contra esta resolución solo caberá a interposición do recurso contencioso - administrativo.*

*d) A citada reclamación se entende sen prexuízo dos supostos nos que la Lei prevé a reclamación económico-administrativa diante dos Tribunais Económico-Administrativos del Estado.*

*Artigo 54. Suspensión do acto impugnado.*

*1.- A interposición de calquera recurso administrativo non suspenderá a execución do acto impugnado, coas consecuencias legais conseguintes, incluso a recadación de cotas ou dereitos liquidados, xuros, recargas e custas. Os actos de imposición de sancións tributarias quedarán automaticamente suspendidos.*

*2.- Procederá a suspensión nos termos previstos na lexislación de aplicación, especialmente no disposto nos artigos 25 (recurso de reposición), e 39 a 47 (reclamacións económico – administrativas) do Real Decreto 520/2005, de 13 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, en materia de revisión en vía administrativa.*

*3.- As garantías necesarias para obter a suspensión automática, serán exclusivamente as seguintes:*

*a) Diñeiro efectivo ou valores públicos, que poderán depositarse na Tesourería Municipal.*

*b) Aval ou fianza de carácter solidario prestado por entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución.*

*c) Fianza persoal, solidaria e de vixencia indefinida con renuncia aos beneficios de excusión e división, ata que o Concello autorice a súa cancelación, prestada por dúas persoas residentes no termo municipal de Santiago de Compostela e que figuren como contribuíntes polo imposto sobre bens inmobles e ao corrente no pago de calquera tipo de débeda co Concello de Santiago de Compostela. Esta fianza estará formalizada en documento notarial ou ante persoal funcionario competente, quen, sen prexuízo do anterior, poderá requirir a presentación de declaración responsable dos bens que posúan e/ou certificado que acredite a dispoñibilidade periódica de ingresos fixos.*

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

*Única. Recadación doutros ingresos de dereito público.*

*O disposto nesta Ordenanza será de aplicación para a recadación de todos os ingresos de dereito público.*

### DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Sistema Especial de Pago (S.E.P.)

**Para o exercicio 2015 o deber de notificar formalmente á Administración tributaria municipal a adhesión a este sistema terá de prazo ata o 28 de febreiro de 2015.**

### DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Única. Derrogación da Ordenanza Fiscal Xeral anterior.

Queda derogada a Ordenanza Fiscal Xeral de Xestión, Liquidación, Recadación e Inspección na súa redacción vixente.

### DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA

**A presente Ordenanza foi aprobada de xeito provisorio polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día xxx de xxxx de dous mil catorce, quedando definitivamente aprobada por acordo do Pleno da Corporación na sesión de xxxx de dous mil catorce. Comezará a aplicarse a partir do primeiro de xaneiro do ano dous mil quince, e aplicarase mentres non se acorde a súa derogación ou modificación.**

CLASIFICACIÓN DAS VÍAS PÚBLICAS (ARTIGO 16,2 Ordenanza Xeral)						
COD. RÚA	SIG RÚA	NOME RÚA	INI TR	FIN TR	ZONA VALOR	COEF SIT
5278	PRAZA	8 DE MARZO (DO)				
5090	RUA	A ESMORGA	0	22	R54	Z-5
5090	RUA	A ESMORGA	1	23	R54	Z-5
5105	RUA	A FRONTEIRA INFINDA	0	38	R54	Z-5
5105	RUA	A FRONTEIRA INFINDA	1	37	R54	Z-5
5191	RUA	A SUNP20 AMAÑECIDA	0	0	R45	Z-5
5318	RUA	A SUP1	0	0	R31	Z-2
5280	RUA	ABELARDO MORALEJO LASO (DE)	0	0	R51	Z-5
4565	LG	ABETOS (OS)	1	13	U00	Z-5
4565	LG	ABETOS (OS)	2	28	U00	Z-5
10	RUA	ABRIL ARES (DE)	1	7	R39	Z-3
10	RUA	ABRIL ARES (DE)	6	6	R39	Z-3
15	RUA	ACIBECHERIA (DA)	1	31	R31	Z-1
15	RUA	ACIBECHERIA (DA)	2	20	R31	Z-1
4477	AVDA	AEROPORTO (DO)	3	5	Z00	Z-5
5209	RUA	AFONSO X O SABIO (DE)	2	12	R54	Z-5
20	RUA	AGRA DA GARRIDA (DA)	0	42	R54	Z-5
20	RUA	AGRA DA GARRIDA (DA)	1	7	R54	Z-5
4553	RUA	AGRA DAS LAMAS (DA)	1	19	R54	Z-5
4553	RUA	AGRA DAS LAMAS (DA)	2	14	R54	Z-5
5160	RUA	AGRA DAS PEDRAS (DA)				
25	RUA	AGRA DE ARRIBA (DA)	0	54	R54	Z-5
25	RUA	AGRA DE ARRIBA (DA)	1	35	R54	Z-5
30	RUA	AGRA DO VIEIRO (DA)	5	25	R51	Z-5
30	RUA	AGRA DO VIEIRO (DA)	6	12	R51	Z-5

4561	LG	AGRA DOS CAMPOS	0	8	R54	Z-5
4561	LG	AGRA DOS CAMPOS	1	5	U00	Z-5
4561	LG	AGRA DOS CAMPOS	12	18A	U00	Z-5
4561	LG	AGRA DOS CAMPOS	19	43	U00	Z-5
4561	LG	AGRA DOS CAMPOS	24	30	R54	Z-5
4561	LG	AGRA DOS CAMPOS	50	50	Z00	Z-5
4561	LG	AGRA DOS CAMPOS	5A	15	R54	Z-5
40	RUA	AGRIÑA DE AMIO (DA)	0	12	R51	Z-5
40	RUA	AGRIÑA DE AMIO (DA)	1	17	R51	Z-5
45	RUA	AGRIÑA DO MEIXONFRIO (DA)	1	17	R54	Z-5
45	RUA	AGRIÑA DO MEIXONFRIO (DA)	2	22	R54	Z-5
50	RUA	AGRO DA SENRA (DO)	0	12	R39	Z-3
50	RUA	AGRO DA SENRA (DO)	1-3	11	R39	Z-3
365	RUA	AGRO DAS BARREIRAS (DO)	22	34	R54	Z-5
365	RUA	AGRO DAS BARREIRAS (DO)	1-19	45	R54	Z-5
60	RUA	AGRO DOS MOZOS (DO)	1	23A	U00	Z-5
60	RUA	AGRO DOS MOZOS (DO)	4	22A	U00	Z-5
60	RUA	AGRO DOS MOZOS (DO)	35	47	R54	Z-5
60	RUA	AGRO DOS MOZOS (DO)	38	40	R54	Z-5
65	PQUE	AGROS DE RAMIREZ (DOS)				
70	LG	AGUALADA	1	31	U00	Z-5
70	LG	AGUALADA	2	30	U00	Z-5
5253	RUA	AGUSTIN SIXTO SECO (DE)	0	10	R51	Z-5
4950	RUA	AIRAS NUNES (DE)	1	11	R39	Z-4
4950	RUA	AIRAS NUNES (DE)	2	12	R39	Z-4
73	PASEO	ALAMEDA (DA)	0	0	R31	Z-2
75	LG	ALBARDE	1	7	U00	Z-5
75	LG	ALBARDE	2	6	U00	Z-5
4567	LG	ALBEANAS	1	37	Z00	Z-5
4567	LG	ALBEANAS	2	40	Z00	Z-5
80	LG	ALBUDIÑO	0	24	U00	Z-5
80	LG	ALBUDIÑO	1	35B	U00	Z-5
4900	RUA	ALCALDE RAIMUNDO LOPEZ POL (DO)	1	1	R45	Z-5
85	LG	ALDEA DE ABAIXO (A)	0	26	U00	Z-5
85	LG	ALDEA DE ABAIXO (A)	1	25A	U00	Z-5
90	LG	ALDREI	1	37A	U00	Z-5
90	LG	ALDREI	4	58	U00	Z-5
5259	RUA	ALEJANDRA MURGUIA CASTRO (DE)	2	2	R54	Z-5
4745	RUA	ALEJANDRO NOVO GONZALEZ (DE)	0	4	R39	Z-4
4745	RUA	ALEJANDRO NOVO GONZALEZ (DE)	1	1	R39	Z-4
5232	RUA	ALEJANDRO PEREZ LUGIN (DE)	0	16	R51	Z-5
5232	RUA	ALEJANDRO PEREZ LUGIN (DE)	18	20	R35	Z-3
5232	RUA	ALEJANDRO PEREZ LUGIN (DE)	1A	13	R51	Z-5
5210	RUA	ALEJANDRO PEREZ-LABARTA SALMONTE (DE)				
95	RUA	ALEXANDRE BOVEDA (DE)	1	19	R54	Z-5
105	RUA	ALFREDO BRAÑAS (DE)	2	24	R24	Z-1
105	RUA	ALFREDO BRAÑAS (DE)	7	33	R24	Z-1
5260	RUA	ALFREDO VICENTI (DE)	0	34	R51	Z-5
110	PRAZA	ALGALIA DE ABAIXO (DA)	1	3	R39	Z-3
110	PRAZA	ALGALIA DE ABAIXO (DA)	4	6	R39	Z-3

115	RUA	ALGALIA DE ABAIXO (DA)	5	35	R39	Z-3
110	PRAZA	ALGALIA DE ABAIXO (DA)	8	10	R35	Z-2
115	RUA	ALGALIA DE ABAIXO (DA)	8	30	R39	Z-3
115	RUA	ALGALIA DE ABAIXO (DA)	32	34	R35	Z-2
115	RUA	ALGALIA DE ABAIXO (DA)	37	39	R35	Z-2
125	RUA	ALGALIA DE ARRIBA (DA)	1	51	R39	Z-3
125	RUA	ALGALIA DE ARRIBA (DA)	2	46	R39	Z-3
120	PRAÑA	ALGALIA DE ARRIBA (DA)	3	5	R39	Z-3
120	PRAÑA	ALGALIA DE ARRIBA (DA)	4	6	R39	Z-3
130	RUA	ALLER ULLOA (DE)	3	9	R31	Z-2
130	RUA	ALLER ULLOA (DE)	4	8	R31	Z-2
4497	RUA	ALTA VISTA (DE)	0	26	U00	Z-5
4497	RUA	ALTA VISTA (DE)	1	25	U00	Z-5
135	RUA	ALTAMIRA (DE)	1	5	R39	Z-3
140	RUELA	ALTAMIRA (DE)	1	3	R39	Z-3
135	RUA	ALTAMIRA (DE)	2	18	R39	Z-3
140	RUELA	ALTAMIRA (DE)	2	2	R39	Z-3
140	RUELA	ALTAMIRA (DE)	4	4	R31	Z-2
150	RUA	ALTIBOIA (DA)	6	22	R39	Z-3
160	PRAZA	ALVARO CUNQUEIRO (DE)	2	2	R54	Z-5
160	PRAZA	ALVARO CUNQUEIRO (DE)	3	7	R54	Z-5
2142	PASEO	AMAIA (DA)	0	0	R45	Z-5
2142	PASEO	AMAIA (DA)	2	2	U00	Z-5
2142	PASEO	AMAIA (DA)	4	24	R45	Z-5
2142	PASEO	AMAIA (DA)	5	41	R45	Z-5
165	LG	AMAÑECIDA (A)	1	19	U00	Z-5
165	LG	AMAÑECIDA (A)	2	18A	U00	Z-5
170	LG	AMARELLE	0	4	U00	Z-5
170	LG	AMARELLE	1	5	U00	Z-5
5	RUA	AMEAS (DAS)	4	10	R39	Z-3
5	RUA	AMEAS (DAS)	5	7	R39	Z-3
175	CMÑO	AMEIXAGA (DA)	0	24	R45	Z-4
175	CMÑO	AMEIXAGA (DA)	1	13	R45	Z-4
180	RUA	AMENEIRAL DO VISO (DO)	0	28B	R54	Z-5
180	RUA	AMENEIRAL DO VISO (DO)	3	35	R54	Z-5
185	RUA	AMIO (DE)	0	70	R54	Z-5
185	RUA	AMIO (DE)	3	57	R54	Z-5
185	RUA	AMIO (DE)	71	71	R45	Z-5
185	RUA	AMIO (DE)	114	144	R45	Z-5
190	RUA	AMOR RUIBAL (DE)	4	32	R35	Z-3
190	RUA	AMOR RUIBAL (DE)	7	35	R35	Z-3
5311	RUA	ANDALUCIA (DE)	1	13	R45	Z-3
5311	RUA	ANDALUCIA (DE)	2	2	R45	Z-3
195	LG	ANDRADE	1	29	U00	Z-5
195	LG	ANDRADE	2	40	U00	Z-5
5220	PRAZA	ANDRES DO BARRO (DE)	0	8	R51	Z-5
5220	PRAZA	ANDRES DO BARRO (DE)	1	7	R51	Z-5
5281	RUA	ANGEL RODRIGUEZ GONZALEZ (DE)	0	44	R51	Z-5
5281	RUA	ANGEL RODRIGUEZ GONZALEZ (DE)	7	49	R51	Z-5
205	RUA	ANGROIS (DE)	0	60A	R54	Z-5

210	TRVA	ANGROIS (DE)	2	16	R54	Z-5
210	TRVA	ANGROIS (DE)	3	15	R54	Z-5
205	RUA	ANGROIS (DE)	7	83	R54	Z-5
225	RUA	ANGUSTIA (DA)	2	26	R39	Z-3
225	RUA	ANGUSTIA (DA)	3	17	R39	Z-3
225	RUA	ANGUSTIA (DA)	19	39	R54	Z-5
225	RUA	ANGUSTIA (DA)	28	60	R54	Z-5
230	RUELA	ANIMAS (DAS)	2	2	R51	Z-4
230	RUELA	ANIMAS (DAS)	3	3	R51	Z-4
5256	RUA	ANNE FRANK (DE)	0	40	R51	Z-5
4935	RUA	ANTOLIN FARALDO (DE)	1	17	R39	Z-4
5282	RUA	ANTON VILAR PONTE (DE)	0	8	R51	Z-5
235	RUA	ANTONIO CASARES (DE)	1	1	R24	Z-1
235	RUA	ANTONIO CASARES (DE)	4	10	R24	Z-1
237	AVDA	ANTONIO FRAGUAS (DE)	0	0	R54	Z-5
4597	RUA	ANTONIO GOMEZ VILASO (DE)	1	7	R35	Z-3
4597	RUA	ANTONIO GOMEZ VILASO (DE)	2	2	R35	Z-3
5207	RUA	ANTONIO MACHADO ALVAREZ (DEMOFILO) (DE)	1	1	R54	Z-5
1915	AVDA	ANTONIO RAIMUNDO IBAÑEZ (DE)	0	0	R45	Z-4
5165	RUA	ANTONIO RAMA SEOANE (DE)	1	1	R35	Z-3
5165	RUA	ANTONIO RAMA SEOANE (DE)	6	6	R35	Z-3
240	RUA	ANXEL BALTAR (DE)	2	6	R39	Z-4
240	RUA	ANXEL BALTAR (DE)	3	7	R35	Z-3
4518	RUA	ANXIL (DO)	1	29	U00	Z-5
4518	RUA	ANXIL (DO)	14	34	Z00	Z-5
245	RUA	ANXO CASAL (DE)	1	5	R39	Z-4
245	RUA	ANXO CASAL (DE)	2	2	R39	Z-4
5275	RUA	AQUILINO IGLESIAS ALVARIÑO (DE)	0	0	R45	Z-5
5275	RUA	AQUILINO IGLESIAS ALVARIÑO (DE)	1	43	R45	Z-5
250	LG	ARADAS	0	100	U00	Z-5
250	LG	ARADAS	1	71	U00	Z-5
5197	RUA	ARAGON	1	7	R54	Z-5
5197	RUA	ARAGON	2	8	R54	Z-5
255	LG	ARAMIO (O)	2	24	U00	Z-5
255	LG	ARAMIO (O)	3	25	U00	Z-5
265	LG	ARDAGAN	3	71	U00	Z-5
265	LG	ARDAGAN	6	72	U00	Z-5
4476	PASEO	AREA CENTRAL (DE)				
270	VIA	ARQUIMEDES (DE)	1	9	R45	Z-3
270	VIA	ARQUIMEDES (DE)	2	8	R45	Z-3
4683	RUA	ARREDULLO (DO)	1	15	U00	Z-5
4683	RUA	ARREDULLO (DO)	6	22	U00	Z-5
275	RUA	ARRIBADAS (DAS)	0	0	R51	Z-5
275	RUA	ARRIBADAS (DAS)	1	13	R51	Z-5
4980	RUA	ARTURO CUADRADO MOURE (DE)	1	37	R54	Z-5
4980	RUA	ARTURO CUADRADO MOURE (DE)	2	38	R54	Z-5
280	RUA	ARZUA (DE)	1	21	R51	Z-4
280	RUA	ARZUA (DE)	2	28	R51	Z-4
5269	RUA	AS TORRES NO AR	1	37	R45	Z-5



5269	RUA	AS TORRES NO AR	2	48	R45	Z-5
5224	RUA	AS TRECE ROSAS	0	10	R51	Z-5
5224	RUA	AS TRECE ROSAS	7	9	R51	Z-5
8589	RUA	ASIDROS (DOS)	0	40	U00	Z-5
8589	RUA	ASIDROS (DOS)	5	25	U00	Z-5
5201	RUA	ASIS (DE)	1	9	R54	Z-5
5201	RUA	ASIS (DE)	2	8	R54	Z-5
4465	RUA	ASTORGA (DE)	1	7	R39	Z-3
4465	RUA	ASTORGA (DE)	2	12	R39	Z-3
5075	AVDA	ASTURIAS (DE)				
4685	RUA	ASUBIO (DO)	1	5	Z00	Z-5
4685	RUA	ASUBIO (DO)	2	22	Z00	Z-5
285	PRAZA	ATALAIA (DA)	1	5	R39	Z-3
285	PRAZA	ATALAIA (DA)	2	4	R39	Z-3
290	RUA	ATALAIA (DA)	2	4	R39	Z-3
295	RUA	ATENAS (DE)	1	7	R45	Z-4
295	RUA	ATENAS (DE)	2B	8C	R45	Z-4
303	PRAZA	AURELIO AGUIRRE (DE)				
5293	RUA	AUTOS LOBELLE SANTIAGO (DE)	0	0	R54	Z-5
5293	RUA	AUTOS LOBELLE SANTIAGO (DE)	1	11	R54	Z-5
5293	RUA	AUTOS LOBELLE SANTIAGO (DE)	2	2	R54	Z-5
5246	RUA	AVELINO POUSA ANTELO (DE)	0	0	R51	Z-5
5246	RUA	AVELINO POUSA ANTELO (DE)	1	1	R45	Z-5
5246	RUA	AVELINO POUSA ANTELO (DE)	3	5	R51	Z-5
310	RUA	AVIO (DO)	1	15A	R51	Z-5
310	RUA	AVIO (DO)	2	22	R51	Z-5
310	RUA	AVIO (DO)	23	43	U00	Z-5
310	RUA	AVIO (DO)	32	42	U00	Z-5
305	RUA	AVIO DE ABAIXO (DO)	3	53	U00	Z-5
5192	RUA	B SUNP20 AMAÑECIDA	0	0	R45	Z-5
5319	RUA	B SUP1	0	0	R31	Z-2
4506	RUA	BALEIXAS (DAS)	2	26	Z00	Z-5
4506	RUA	BALEIXAS (DAS)	3	37	U00	Z-5
315	LG	BALSOMA	1	45C	U00	Z-5
315	LG	BALSOMA	2	42	U00	Z-5
320	LG	BANDO DE ABAIXO	13	31	U00	Z-5
320	LG	BANDO DE ABAIXO	14	36	U00	Z-5
325	LG	BANDO DE ARRIBA	10	38	U00	Z-5
325	LG	BANDO DE ARRIBA	15	53	U00	Z-5
5179	RUA	BANQUETE DE CONXO (DO)	1	9	R39	Z-4
5179	RUA	BANQUETE DE CONXO (DO)	2	10	R39	Z-4
330	LG	BAR DE ABAIXO	0	6	U00	Z-5
330	LG	BAR DE ABAIXO	1	15	U00	Z-5
335	LG	BAR DE ARRIBA	0	28	U00	Z-5
335	LG	BAR DE ARRIBA	1	27	U00	Z-5
340	LG	BARCAVELLA	1	1	U00	Z-5
340	LG	BARCAVELLA	2	2	U00	Z-5
5145	AVDA	BARCELONA (DE)	0	34	R35	Z-3
5145	AVDA	BARCELONA (DE)	7	7	R39	Z-4
5145	AVDA	BARCELONA (DE)	9	13	R45	Z-4

5145	AVDA	BARCELONA (DE)	15	35	R35	Z-3
345	LG	BARCIA (A)	1	79	Z00	Z-5
345	LG	BARCIA (A)	2	48	Z00	Z-5
345	LG	BARCIA (A)	56	56	R45	Z-5
345	LG	BARCIA (A)	78	78	Z00	Z-5
350	LG	BARCIELA (A)	0	24	U00	Z-5
350	LG	BARCIELA (A)	1	21	U00	Z-5
355	LG	BARGO (O)	0	44	U00	Z-5
355	LG	BARGO (O)	3	33	U00	Z-5
360	LG	BARRAL (O)	1	33	U00	Z-5
360	LG	BARRAL (O)	2	34A	U00	Z-5
55	RUA	BARREIRAS (DAS)	0	86	R54	Z-5
55	RUA	BARREIRAS (DAS)	1	99	R54	Z-5
55	RUA	BARREIRAS (DAS)	109	109	Z00	Z-5
370	LG	BARREIRO (O)	0	24	U00	Z-5
370	LG	BARREIRO (O)	1	35	U00	Z-5
4520	RUA	BARROSA (DA)	3	53C	U00	Z-5
4520	RUA	BARROSA (DA)	8	54	U00	Z-5
4520	RUA	BARROSA (DA)	55	61	U00	Z-5
4520	RUA	BARROSA (DA)	68	74	R45	Z-5
4520	RUA	BARROSA (DA)	53D	53D	R45	Z-5
4520	RUA	BARROSA (DA)	61A	97	R45	Z-5
385	TRVA	BASQUIÑOS (DOS)	0	16	R51	Z-4
380	RUA	BASQUIÑOS (DOS)	1	93	R39	Z-3
385	TRVA	BASQUIÑOS (DOS)	1	1	R39	Z-3
380	RUA	BASQUIÑOS (DOS)	2	54	R39	Z-3
385	TRVA	BASQUIÑOS (DOS)	3	11	R51	Z-4
380	RUA	BASQUIÑOS (DOS)	56	56	R51	Z-4
390	RUA	BATALLA DE CLAVIJO (DA)	1	21	R54	Z-5
390	RUA	BATALLA DE CLAVIJO (DA)	2	14	R54	Z-5
395	RUA	BAUTIZADOS (DOS)	1	13	R28	Z-1
395	RUA	BAUTIZADOS (DOS)	4	14	R28	Z-1
400	LG	BELEN	0	32	U00	Z-5
400	LG	BELEN	1	21	U00	Z-5
405	RUA	BELGRADO (DE)	1	3	R39	Z-3
405	RUA	BELGRADO (DE)	4	6	R39	Z-3
409	PQUE	BELVIS (DE)	0	0	R45	Z-4
409	PQUE	BELVIS (DE)	1	1	R45	Z-4
410	PRAZA	BELVIS (DE)	1	5	R54	Z-5
415	RUA	BELVIS (DE)	1	31	R54	Z-5
415	RUA	BELVIS (DE)	2	38	R54	Z-5
420	LG	BENAVENTE	0	24	U00	Z-5
420	LG	BENAVENTE	1	15	U00	Z-5
5287	RUA	XOSE COUSO (DE)	2	16	R51	Z-5
4442	AVDA	XOSE FILGUEIRA VALVERDE (DE)	0	0	R45	Z-5
4443	XDIN	XOSE MOSQUERA PEREZ (DE)	0	0	R51	Z-4
4750	RUA	XOSE PASIN (DE)	2	2	R35	Z-3
4750	RUA	XOSE PASIN (DE)	3	7	R39	Z-4
4750	RUA	XOSE PASIN (DE)	4	8	R39	Z-4
4687	RUA	XUBRIS (DE)	1	29	U00	Z-5
4687	RUA	XUBRIS (DE)	4	6	U00	Z-5
4445	LG	XULACASA	0	50	U00	Z-5
4445	LG	XULACASA	1	29	U00	Z-5
4526	RUA	XUNLLA (DA)	1	65	U00	Z-5
4526	RUA	XUNLLA (DA)	2	50	U00	Z-5
4850	RUA	ZARAGOZA (DE)	1	1	U00	Z-5
4850	RUA	ZARAGOZA (DE)	2	6	R45	Z-5
4450	LG	ZARAMACEDO	1	17B	U00	Z-5
4450	LG	ZARAMACEDO	2	32	U00	Z-5

### **ORDENANZA 1.01: IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES**

#### *Artigo 1º. Tipo impositivo*

*De conformidade co previsto no artigo 72 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais*

*a) O tipo de gravame do imposto sobre Bens Inmobles aplicable ós bens de natureza urbana fíxase no **0,54%**.*

*b) O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable aos bens de natureza rústica fíxase no **0,54%**.*

*c) O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable aos bens de características especiais fíxase no **1%***

#### *Artigo 2º. Exencions*

*1. Gozarán de exención ós inmobles previstos no artigo 62.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.*

*2. Gozarán tamén de exención, previa solicitude, os inmobles previstos no artigo 62.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. A solicitude, que deberá presentarse antes do 1 de marzo de cada exercicio, incluírá a acreditación do cumprimento dos requisitos esixibles para a aplicación da exención:*

*a) No caso dos centros docentes con concerto educativo:*

- Certificado da Administración educativa correspondente, acreditativa da calidade de centro concertado, asignable ós edificios e instalacións destinadas directa e exclusivamente ás actividades docentes obxecto de exención

- Informe da Dirección Xeral do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributaria, acreditativo das superficies dos edificios ou conxuntos urbanísticos, adscritos exclusivamente á actividade educativa ou a servizos complementarios da ensinanza e de asistencia docente de carácter necesario, coa indicación do valor catastral asignado a cada un dos elementos citados

b) No caso dos inmobles declarados expresa e individualizadamente monumento ou xardín histórico de interese cultural, a declaración do inmovible como ben de interese cultural.

c) No caso das superficies dos montes con repoboamento forestal ou rexeneración de masas arbóreas, certificación acreditativa emitida polo órgano competente da Administración Autonómica.

3. Gozarán asimesmo de exención os seguintes inmobles

a) Os de natureza urbana, sempre que a cota líquida, resultante da aplicación dos beneficios fiscais, sexa inferior a 6 euros.

b) Os de natureza rústica, no caso que, para cada suxeito pasivo, a cota líquida correspondente á totalidade de bens rústicos posuídos no Municipio sexa inferior, despois de ser aplicados os beneficios fiscais, a 8 euros.

Artigo 3º. Bonificacións

1. Gozarán dunha bonificación do **70 por 100** na cota do imposto os inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta, e que non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá dende o período impositivo seguinte a aquel en que comecen as obras ata o posterior ó remate das mesmas, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso, poida exceder de tres períodos impositivos. A solicitude da bonificación débese formular antes do comezo das obras, entendendo por tal o día seguinte á notificación do acordo de concesión da licenza, por parte da administración municipal.

Para disfrutar da citada bonificación, os interesados deberán presentar a documentación seguinte:

a) Acreditación de que a empresa se dedica á actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, mediante a presentación dos estatutos da sociedade.

b) Acreditación de que o inmovible obxecto da bonificación non forma parte do inmovilizado mediante certificación do Administrador da Sociedade

2. As vivendas de protección autonómica disfrutarán dunha bonificación do 50 por 100 durante o prazo de tres anos contados dende o exercicio seguinte ó do outorgamento da cualificación definitiva.

Ao longo dos **cinco** exercicios seguintes ao período citado, as vivendas de protección oficial disfrutarán dunha bonificación do 25% na cota íntegra do imposto, sempre que se manteña a titularidade do inmovible e este constitúa a residencia habitual do titular.

Esta bonificación terá que ser solicitada polo interesado durante o prazo de vixencia da mesma e terá efectos desde o período seguinte ao da solicitude.

Os solicitantes presentarán a cédula de cualificación definitiva como Vivenda de protección autonómica do inmovible e a documentación acreditativa da titularidade do devandito inmovible

3. Os suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa disfrutarán dunha bonificación na cota íntegra do inmovible de uso residencial que constitúa a súa residencia habitual, e na que esteñan empadronados os membros da unidade familiar, coas seguintes características:

Categoría de familia numerosa	Xeral	Especial
% bonificación si o valor catastral é menor ou igual de 100.000,00€	<b>45</b>	<b>60</b>
% bonificación si o valor catastral está entre 100.000,00 e 150.000,00€	<b>30</b>	<b>45</b>
% bonificación si o valor catastral é maior de 150.000,00€	<b>15</b>	<b>30</b>

Para a aplicación das bonificacións será requisito imprescindible a súa solicitude polo interesado, que deberá acreditar condición e categoría de familia numerosa, por medio do título oficial. O Concello constatará de oficio o empadramento dos membros da unidade familiar no inmovible obxecto da solicitude.

Terán efectos no padrón do imposto, as solicitudes presentadas antes do un de marzo de cada ano, sempre que nas mesmas se acredite que se reúnen os requisitos esixidos para o seu disfrute o día un de xaneiro.

Incluiránse así mesmo no padrón do imposto as bonificacións concedidas nos anos anteriores que o día un de xaneiro sigan reunindo as condicións esixidas para o seu disfrute.

Non se poderá aplicar a bonificación a mais dunha vivenda por titular

4. Os bens inmoables de natureza urbana ubicados nas áreas ou zonas do concello que, conforme ao establecido na lei de Ordenación Urbanística e protección do medio rural de Galicia e no planeamento urbanístico municipal vixente, correspondan a asentamentos de poboación singularizados pola súa vinculación ou preeminencia de



*actividades primarias de carácter agrícola, gandeira ou forestal, e que dispoñan dun insuficiente nivel de servicios básicos de titularidade municipal (agua, saneamento, alumado público) gozarán dunha bonificación nas condicións que a continuación se determinan:*

- a) Carencia dos tres servicios básicos, **60%**.*
- b) Carencia de dous dos tres servicios básicos, **40%**.*
- c) Carencia de ún dos tres servicios básicos, **20%**.*

*As áreas ou zonas indicadas son aquelas incluídas no ámbito do artigo 13 da LOUPMR e nas ordenanzas 13 e 14 do vixente PXOU. A bonificación incluíráse de oficio mediante comunicación previa do departamento de Licencias no momento de outorgar a licenza de primeira ocupación nos ámbitos das ordenanzas citadas e unha vez que se comprobe a carencia dos servizos básicos de titularidade municipal polo departamento ou departamentos municipais que xestionen aqueles servizos.*

*O beneficio permanecerá en tanto non se provea de servizos aos devanditos asentamentos de poboación singularizados.*

*O departamento ou departamentos municipais que xestionen os devanditos servizos comunicará ao servizo de Xestión, Recadación e Inspección cada actuación que dote de algún dos servizos básicos aos asentamentos singularizados de poboación definidos conforme aos criterios deste artigo.*

*O servizo de Xestión, Recadación e Inspección comunicará ao suxeito pasivo a perda ou modificación deste beneficio fiscal.*

*5. Gozarán dunha bonificación do 95 por 100 da cota os bens de natureza rústica das Cooperativas Agrarias e de Explotación Comunitaria da terra.*

*Os solicitantes presentarán o certificado sobre a condición de Cooperativas Agraria ou de Explotación Comunitaria da terra, emitido pola administración correspondente.*

*Terán efectos no padrón do imposto as solicitudes presentadas antes do un de marzo de cada ano que reunan os requisitos esixidos para o seu disfrute o día un de xaneiro.*

**6. Gozarán dunha bonificación do 75% da cota os inmobles de organismos públicos de investigación e os de ensinanza universitaria sempre que:**

- a) o solicitante acredite que están directamente afectados a esas finalidades**
- b) os inmobles teñan uso catastral cultural, deportivo ou de oficina**

**O cambio de uso dun inmovle só terá efectos na bonificación a partires do exercicio seguinte á data da resolución catastral correspondente.**

**Terán efectos no padrón do imposto as solicitudes presentadas antes do un de marzo de cada ano que reunan os requisitos esixidos para o seu disfrute o día un de xaneiro.**

**7. Gozarán dunha bonificación do 50% da cota os inmobles aos que non se lles aplica a exención do artigo 62.2 b) do Texto refundido da lei de facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, por estar afectados a unha actividade económica.**

**8.** As bonificacións, previo informe dos departamentos municipais que correspondan, serán concedidas ou denegadas pola Xunta de Goberno Local

**9.** As bonificacións contempladas nos puntos 2, 3 e 4 deste artigo serán compatibles, sen que en ningún caso poidan exceder do 75% da cota íntegra, de forma acumulativa.

*Artigo 4º. Infraccións e sancións*

*Para todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 178 e seguintes da L.X.T.*

**Disposición transitoria**

***O Concello rehabilitará de oficio no ano 2015 a bonificación das vivendas de protección autonómica que perderon a súa vixencia en aplicación da anterior normativa nos anos 2012, 2013 e 2014.***

***Verificarase o cumprimento da obriga de manter a titularidade do inmovible e que constitúa a residencia habitual do titular.***

*Disposición derradeira*

***A presente Ordenanza foi aprobada de xeito provisorio polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día xxx de xxxx de dous mil catorce, quedando definitivamente aprobada por acordo do Pleno da Corporación na sesión de xxxx de dous mil catorce. Comezará a aplicarse a partir do primeiro de xaneiro do ano dous mil quince, e aplicarase mentres non se acorde a súa derogación ou modificación.***

**ORDENANZA 1.02: IMPOSTO SOBRE VEHICULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA**

*Artigo 1º. Fundamento e natureza*

*De conformidade co previsto no artigo 59, en relación cos artigos 92 a 99 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLFL), o imposto sobre vehículos de tracción mecánica é un tributo directo, de carácter obrigatorio.*

*Artigo 2º. Feito imponible*

***1. O imposto sobre vehículos de tracción mecánica é un tributo directo que grava a titularidade dos vehículos desta natureza, aptos para circular polas vías públicas, calquera que sexa a súa clase e categoría.***

2. *Considérase vehículo apto para a circulación o que estea matriculado nos rexistros públicos correspondentes e mentras non cause baixa neles. Para os efectos deste imposto, tamén se considerarán aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrícula turística.*

3. *Non están suxeitos a este imposto:*

a) *os vehículos que, estando dados de baixa nos rexistros por antigüidade do seu modelo, poidan ser autorizados para circular excepcionalmente con ocasión de exhibicións, certames ou carreiras limitadas aos desta natureza.*

b) *os remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica de carga útil non superior a 750 kilogramos*

#### *Artigo 3º. Suxeito pasivo*

*Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, (LXT) que teñen ao seu nome o vehículo no permiso de circulación.*

#### *Artigo 4º. Exencións*

1. *Estarán exentos do imposto os vehículos incluídos no artigo 93.1 do TRLFL.*

2. *Para a concesión da exención dos tractores, remolques e semiremolques provistos da Cartilla de Inspección Agrícola, os interesados deberán presentar a solicitude de exención xunto coa Cartilla de Inspección Agrícola, permiso de circulación e ficha técnica do vehículo.*

3. *Para a concesión da exención dos vehículos para persoas de mobilidade limitada así como dos vehículos matriculados a nome de minusválidos para o seu uso exclusivo, os interesados deberán presentar a solicitude de exención xunto co certificado de minusvalidez emitido pola Consellería competente, permiso de circulación e a ficha técnica do vehículo. No caso de vehículos matriculados a nome de minusválidos para o seu uso exclusivo, deberá acreditarse ademais o destino do vehículo mediante declaración xurada do interesado.*

4. *Os interesados na concesión das exencións do artigo 93.1 e) e g) do TRLFL deberán presentar solicitude de exención con anterioridade ao un de febreiro ou, nos casos de primeira adquisición do vehículo, no momento da alta no padrón municipal.*

*En caso contrario, a concesión da exención terá efectos dende o período impositivo seguinte ao da solicitude.*

5. *A concesión ou denegación das exencións do artigo 93.1. apdos e) e g) do TRLFL será tramitada por acordo da Xunta de Goberno Local, previo informe do Servizo de Xestión, Recadación e Inspección.*

## Artigo 5º. Bonificacións

1. Gozarán dunha bonificación do 100% na cota os vehículos históricos, ou aqueles que teñan unha antigüidade mínima de vintecinco anos contados dende a data da súa fabricación, tomándose como tal, se ésta non se coñecera, a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data na que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar.

A bonificación será declarada de oficio pola Administración Tributaria municipal de acordo coa información obrante no rexistro de datos da Dirección Xeral de Tráfico respecto da antigüidade do vehículo.

2. Terán unha bonificación do 50% na cota do imposto os vehículos eléctricos, de biodiesel ou movidos por hidróxeno, durante cinco anos naturais contados dende a data de primeira matriculación do vehículo.

Os interesados deberán presentar solicitude de bonificación con anterioridade ao un de febreiro, ou nos casos de primeira adquisición do vehículo, no momento da alta no padrón municipal.

En caso contrario, a concesión da bonificación terá efectos dende o período impositivo seguinte ao da solicitude.

Os interesados deberán presentar a ficha técnica do vehículo que acredite a súa inclusión nalguna das categorías previstas neste apartado.

3. A concesión ou denegación das bonificacións será efectuada pola Xunta de Goberno Local previo informe do servizo de Xestión, Recadación e Inspección.

## Artigo 6º. Cota tributaria

1. A cota será o resultado de aplicar o coeficiente 1,686901870 aos turismos, e outros vehículos; e o coeficiente 1,754378110 aos autobuses, camións, tractores e remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica, segundo o cadro de tarifas do artigo 95.1 do TRLFL expresado en euros

A cota tributaria de acordo co cálculo citado será:

### A) Turismos:

De menos de 8 cabalos fiscais.....	21,30 €
De 8 ata 11.99 cabalos fiscais .....	57,50 €
De 12 ata 15.99 cabalos fiscais .....	121,40 €
De 16 ata 19.99 cabalos fiscais .....	151,20 €
De 20 cabalos fiscais en diante.....	188,90 €

### B) Autobuses:

De menos de 21 prazas .....	146,10 €
De 21 a 50 prazas .....	208,10 €
De máis de 50 prazas .....	260,20 €

*C) Camións:*

<i>De menos de 1.000 kgs. de carga útil.....</i>	<i>74,20 €</i>
<i>De 1.000 a 2.999 kgs. de carga útil. ....</i>	<i>146,10 €</i>
<i>De máis de 2.999 a 9.999 kgs. de carga útil.....</i>	<i>208,10 €</i>
<i>De máis de 9.999 kgs. de carga útil.....</i>	<i>260,20 €</i>

*D) Tractores:*

<i>De menos de 16 cabalos fiscais.....</i>	<i>31,00 €</i>
<i>De 16 a 25 cabalos fiscais .....</i>	<i>48,70 €</i>
<i>De máis de 25 cabalos fiscais.....</i>	<i>146,10 €</i>

*E) Remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica:*

<i>De menos de 1.000 kgs. y máis de 750 kgr. de carga útil .....</i>	<i>31,00 €</i>
<i>De 1.000 a 2.999 kgs. de carga útil .....</i>	<i>48,70 €</i>
<i>De máis de 2.999 kgs. de carga útil.....</i>	<i>146,10 €</i>

*F) Outros vehículos:*

<i>Ciclomotores.....</i>	<i>7,50 €</i>
<i>Motocicletas ata 125 cc.....</i>	<i>7,50 €</i>
<i>Motocicletas de máis de 125 cc. ata 250 cc. ....</i>	<i>12,80 €</i>
<i>Motocicletas de máis de 250 cc. ata 500 cc. ....</i>	<i>25,60 €</i>
<i>Motocicletas de máis de 500 cc. ata 1.000 cc. ....</i>	<i>51,10 €</i>
<i>Motocicletas de máis de 1.000 cc. ....</i>	<i>102,20 €</i>

*Ordenanzas fiscais Páxina 5*

*2. Para os efectos de facilitar a aplicación das tarifas, deberanse ter en conta as seguintes regras:*

***A) O concepto das diversas clases de vehículos será o recollido no anexo II do Real decreto 2822/1998 polo que se aproba o regulamento xeral de vehículos (RXV) ou disposición que a substitúa***

***B) Os datos censais dos vehículos serán os incluídos nos ficheiros da Dirección Xeral de Tráfico***

***C) Os vehículos definidos como todoterreos, mixtos e mixtos adaptables tributarán como turismo, pola súa potencia fiscal, agás nos seguintes casos:***

***- Se o vehículo está habilitado para o transporte de máis de nove persoas incluído o conductor, tributará como autobús.***

***- Se o vehículo estivese autorizado para transportar máis de 525 kg. de carga útil, tributará como camión.***

***D) Os vehículos especiais con código 70 tributarán en función do tipo de servizo:***

***a.- se o servizo é obra ou agrícola, tributarán como tractor***

***b.- noutro suposto tributarán como camión***

*Artigo 7º. Período impositivo e obriga de contribuír*

1. O período impositivo coincide co ano natural, agás no caso de primeira adquisición dos vehículos. Neste caso o período impositivo principiará o día en que se produza a adquisición.
2. A data de exhibidade do imposto é o primeiro día do período impositivo.
3. O importe da cota do imposto prorratearase por trimestres naturais nos casos de primeira adquisición do vehículo.  
Tamén procederá o prorrateo da cota, nos mesmos termos, nos supostos de baixa definitiva ou temporal por sustracción ou roubo do vehículo, dende o momento no que se produza a citada baixa no rexistro público correspondente.
4. No suposto de transferencia ou cambio de domicilio con trascendencia tributaria, a cota será irreducible e o obrigado ao pagamento de imposto será o que figure como titular do vehículo no permiso de circulación o día un de xaneiro.

#### *Artigo 8º. Normas de xestión*

1. A xestión, liquidación, inspección e recadación, así como a revisión dos actos administrativos dictados en vía de xestión tributaria corresponden ao Concello do enderezo que conste no permiso de circulación do vehículo.
2. No caso de primeira adquisición de vehículo ou reforma que altere a súa clasificación para os efectos deste imposto, o suxeito pasivo estará obrigado a practicar autoliquidación no prazo dos trinta días seguintes á adquisición ou reforma citadas debendo realizar o ingreso da débeda tributaria resultante nas entidades de crédito debidamente autorizadas:
  - a. No impreso habilitado para o efecto pola administración tributaria local acompañando a ficha técnica do vehículo.
  - b. A través da web municipal do Concello de Santiago de Compostela ([www.santiagodecompostela.org](http://www.santiagodecompostela.org)). Neste caso, a remisión da ficha técnica do vehículo deberá realizarse no prazo dos 10 días seguintes a presentación da autoliquidación en web.
3. Cando se trate de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación en exercicios anteriores, a recadación das correspondentes cotas tributarias realizarase mediante a expedición de recibos, en base a un padrón anual no que figurarán todos os vehículos suxeitos ao imposto, así como os suxeitos pasivos titulares dos devanditos vehículos.
4. O padrón do imposto exporase ao público por un prazo de quince días para que os interesados poidan examinalo e, de ser o caso, formular as reclamacións oportunas. Dita exposición ao público así como a indicación do prazo de pago das cotas -que será o establecido na ordenanza xeral-, comunicarase mediante a inserción de anuncios no taboleiro de edictos do Concello, no Boletín Oficial da Provincia, e nun xornal dos de

*maior tirada da provincia, e producirá os efectos de notificación colectiva á que se refire o art. 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria. (LXT)*

*Artigo 9º. Infraccións e sancións*

*Para todo o relativo á calificación de infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 178 e seguintes da LXT*

*Disposición derradeira*

***A presente Ordenanza foi aprobada de xeito provisorio polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 21 de outubro de dous mil catorce, quedando definitivamente aprobada por acordo do Pleno da Corporación na sesión de xxxx de dous mil catorce. Comezará a aplicarse a partir do primeiro de xaneiro do ano dous mil quince, e aplicarase mentres non se acorde a súa derogación ou modificación.***

### **ORDENANZA 1.03: IMPOSTO SOBRE O AUMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA**

*Artigo 1º. Fundamento e natureza*

*No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 y 142 da Constitución e 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e dos artigos 15.1 e 59.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, que se rexerá polo disposto na devandita Lei e pola presente Ordenanza fiscal.*

*Artigo 2º. Feito imponible*

*1. Constitúe o feito imponible deste imposto, o incremento do valor que experimenten os terreos de natureza urbana e de características especiais a efectos do IBI, e que se manifeste por mor da transmisión da propiedade dos mesmos por calquera título, ou da constitución ou transmisión de calquera dereito real de goce, limitativo do dominio, sobre os devanditos terreos.*

*Terán a consideración de terreos de natureza urbana e de características especiais os así cualificados polo artigo 7.2 e 8 do Real Decreto Legislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario. Non será preciso para a esixencia do imposto que os citados terreos estean contemplados como tales no Catastro ou Padrón do IBI.*

2. Non está suxeitos a este imposto:

a) O incremento do valor que experimenten os terreos que teñan a consideración de rústicos para os efectos do Imposto sobre bens inmobles.

b) As achegas de bens e dereitos realizadas polos membros á sociedade conxugal, as adxudicacións que ó seu favor e en pagamento delas se verifiquen e as transmisións que se fagan ós cónxuxes en pagamento dos seus haberes comúns

c) As transmisións de bens inmobles entre cónxuxes ou a favor dos seus fillos, como consecuencia do cumprimento de sentencias nos casos de nulidade, separación ou divorcio matrimonial, sexa cá sexa o réxime económico matrimonial.

**d) As achegas ou transmisións de bens inmobles efectuadas á ou realizadas pola Sociedad de Gestión de Activos procedentes de la Reestructuración Bancaria SA, nos termos regulados no artigo 104.4 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2014, de 5 de marzo.**

Artigo 3º. Exencións

1. Están exentos deste imposto os aumentos de valor que se produzan como consecuencia de:

a) A constitución e transmisión de calquera dereito de servidume.

b) As transmisións de bens que se encontren dentro do perímetro delimitado como Conxunto histórico-artístico, o teñan sido declarados individualmente de interese cultural, segundo o establecido na lei 16/1985 de 25 de xuño, do patrimonio histórico español cando seus propietarios ou titulares de dereitos reais acrediten que realizaron ó seu cargo obras de conservación, mellora ou rehabilitación en ditos inmobles.

Esta exención deberá solicitarse en calquera momento anterior á notificación ó suxeito pasivo do inicio de calquera procedemento de inspección ou comprobación tributaria, ou de verificación de datos relativo ó imposto.

Para estes efectos, as obras de conservación, mellora ou rehabilitación de inmobles deberán cumprir os seguintes requisitos:

1) Deben realizarse ó amparo do establecido nos capítulos un e dous do Título cuarto do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica

2) Débense ter realizadas con posterioridade á entrada en vigor do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica

3) As obras terán que ser finalizadas dentro do período comprendido nos vinte anos inmediatamente anteriores a data do devengo do imposto.

4) O importe das obras será como mínimo o 30% do valor de construción do inmovle a efectos do Imposto sobre bens inmobles de natureza urbana, correspondente ó ano de conclusión da obra

Esta exención terá carácter rogado, e á solicitude do interesado deberase de acompañar a seguinte documentación:



*(a) Licencia de obras*

*(b) Certificado final de obra*

*O departamento de Urbanismo emitirá informe sobre a adecuación das obras os requisitos esixidos para a concesión da exención. En base o mesmo, o servizo de xestión e inspección tributaria emitirá a proposta de resolución e a Comisión de Goberno resolverá a concesión ou denegación da mesma.*

***c) A dación en pago da vivenda habitual do debedor hipotecario ou garante do mesmo, para a cancelación das débedas garantidas con hipoteca que recaia sobre a mesma, contraídas con entidades de crédito ou calquera entidade que, de maneira profesional, realice a actividade de concesión de préstamos ou créditos hipotecarios. Tamén estarán exentas as transmisións da vivenda na que concorran os requisitos anteriores, realizadas en execucións hipotecarias xudiciais ou notariais.***

***Os requisitos para a concesión da exención son os establecidos no artigo 105.1 c) do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2014, de 5 de marzo.***

*2. Tamén están exentos deste imposto os incrementos de valor cando a obriga de satisfacerlo recaia sobre as persoas ou entidades indicadas no artigo 105.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.*

*3. Gozarán así mesmo de exención, os aumentos de valor nos que a cuota líquida sexa inferior a 6,00 euros*

*Artigo 4º. Bonificación*

*Nas transmisións dos terreos e nas transmisións ou constitucións de dereitos reais de goce limitativos de dominio a título lucrativo, por causa de morte, cando os suxeitos pasivos do imposto sexan descendentes e adoptados ou ascendentes e adoptantes, ou cónxuxe do causante, a cuota íntegra do imposto será bonificada en función do valor catastral do solo do conxunto de bens inmobles de natureza urbana de que sexa titular o causante no territorio nacional, mediante a aplicación das seguintes porcentaxes:*

*a) Bonificación do 95% da cuota do Imposto se o valor catastral do solo do conxunto de bens inmobles de natureza urbana de que sexa titular o causante no territorio nacional non supera os 75.000 €.*

*b) Bonificación do 75% da cuota do Imposto se o valor catastral do solo do conxunto de bens inmobles de natureza urbana de que sexa titular o causante no territorio nacional é maior de 75.000€ pero non supera os 150.000 €.*

*c) Bonificación do 50% da cuota do Imposto se o valor catastral do solo do conxunto de bens inmobles de natureza urbana de que sexa titular o causante no territorio nacional é maior de 150.000 €.*

*Para determinar a porcentaxe de bonificación aplicable en función do valor catastral do solo, se terá en conta a porcentaxe de propiedade do causante sobre o total do inmovible (ben ganancial, cota indivisa de prazas de garaxes, herdanzas...)*

*Esta bonificación deberá solicitarse en calquera momento anterior á notificación a calquera membro da comunidade hereditaria do inicio de calquera procedemento de inspección ou comprobación tributaria, ou de verificación de datos relativo ó imposto, e xunto coa solicitude os solicitantes deberán presentar:*

*1) Certificado de defunción.*

*2) Testamento ou declaración de herdeiros.*

*3) Certificado de últimas vontades do causante.*

*4) Libro de familia*

***5) Relación dos inmoables urbanos titularidade do causante no momento do falecemento, con indicación do valor catastral de cada un deles.***

*6) Documentación acreditativa da titularidade dos inmoables de natureza urbana propiedade do causante e da porcentaxe de titularidade dos devanditos bens.*

*En base a documentación aportada polo obrigado tributario, o servizo de xestión e inspección tributaria emitirá a proposta de resolución e a Xunta de Goberno Local resolverá a concesión ou denegación da bonificación.*

#### *Artigo 5. Suxeitos pasivos*

*1. Son suxeitos pasivos deste imposto a título de contribuínte:*

*a) Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio a título lucrativo, a persoa física ou xurídica, ou a entidade a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que adquira o terreo ou a cuio favor se constitúa o transmita o dereito real de que se trate.*

*b) Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio a título oneroso, o transmisor do terreo ou a persoa que constitúa ou transmita o dereito real de que se trate.*

*2. Nos supostos a que se refire a letra b do apartado anterior, terá a condición de suxeito pasivo substituto do contribuínte, a persoa física ou xurídica, ou a entidade a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que adquira o terreo ou a cuio favor se constitúa ou transmita o dereito real de que se trate, cando o contribuínte sexa unha persoa física non residente en España.*

#### *Artigo 6º. Base imponible*

*1. A base imponible deste imposto está constituída polo incremento real do valor dos terreos posto de manifesto no momento do devengo e experimentado ó longo dun período máximo de vinte anos.*

2. A efectos da determinación da base imponible, terase en conta o valor do terreo no momento do devengo, consonte co previsto no artigo 107 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais

3. Cando se modifiquen os valores catastrais como consecuencia dun procedemento de valoración colectiva de carácter xeral, se tomará como valor do terreo, ou da parte deste que corresponda segundo as regras contidas no apartado anterior, o importe que resulte de aplicar aos novos valores catastrais a redución do 60 por cento, durante os cinco primeiros anos de efectividade dos novos valores catastrais.

4. A porcentaxe a aplicar sobre o valor do terreo no momento do devengo será o resultado de multiplicar o porcentaxe do 2,5 anual polo número de anos ó longo dos cales se manifeste o incremento de valor.

5. Para determinar o porcentaxe anual aplicable e o número de anos polos que se multiplica Dito porcentaxe, só se considerarán os anos completos que integran o período de posta de manifesto do incremento do valor, sen que poidan considerarse as fraccións de anos de dito período

#### *Artigo 7. Cota tributaria*

*A cota tributaria íntegra será a que resulte de aplicar á base imponible o tipo do **22%**.*

#### *Artigo 8º. Obriga de contribuír*

*1. O imposto esíxese:*

*a) Cando se transmita a propiedade do terreo, a título oneroso ou gratuito, entre vivos ou por mor de morte, na data da transmisión.*

*b) Cando se constitúa ou transmita calquera dereito real de goce limitativo do dominio, na data na que aconteza a constitución ou transmisión.*

*2. Para os efectos do disposto no número anterior, considerarase como data da transmisión:*

*a) Nos actos ou contratos entre vivos, a do outorgamento do documento público e, cando se trate de documentos privados, a da súa incorporación ou inscrición nun Rexistro Público ou a da súa entrega a un funcionario público por razón do seu cargo.*

*b) Nas transmisión por morte, a do falecemento do causante.*

*3. De se declarar por resolución firme xudicial ou administrativa a nulidade, rescisión ou resolución do acto ou contrato determinante da transmisión do terreo ou dereito de goce limitativo do dominio, o suxeito pasivo poderá reclama-la devolución do importe pagado, sempre que aquel acto ou contrato non producira efectos lucrativos e que a reclamación da devolución se faga no prazo de cinco anos dende a firmeza da resolución. Entenderase que existe efecto lucrativo cando non se xustifique que os interesados deban efectua-las recíprocas devolucións a que se refire o artigo 1.295 do Código Civil. Mesmo no caso de que non se produciran efectos lucrativos, se a rescisión*

*ou resolución se declarase por incumprimento das obrigas do suxeito pasivo do Imposto, non haberá dereito a devolución.*

*4. Se o contrato queda sen efecto por acordo mutuo das partes, non se devolverá o importe pagado por se considerar como un acto novo que debe tributar. Para estes efectos, estimarase como mutuo acordo a avinza en acto de conciliación e a sinxela conformidade cá demanda.*

*5. A cualificación dos actos ou contratos en que medie algunha condición farase con amaño ás prescricións contidas no Código Civil. Se esta é suspensiva non se liquidará o Imposto en tanto non se cumpra. Se a condición fose resolutoria, esixirase o imposto dende aquela, a reserva, cando a condición se cumpra, de face-la oportuna devolución segundo a regra do apartado anterior.*

#### *Artigo 9º. Normas de xestión*

*1. Os suxeitos pasivos estarán obrigados a practicar autoliquidación do imposto e a ingresar o seu importe nas entidades bancarias colaboradoras nos seguintes prazos:*

*a) Nas transmisións inter vivos e na constitución de dereitos reais de goce , así como nas donacións, dentro dos trinta días hábiles seguintes a aquel no que tivera lugar o feito imponible.*

*b) Nas transmisións mortis causa, dentro do prazo de seis meses a contar desde a data do falecemento do causante. Con anterioridade o vencemento deste prazo, o suxeito pasivo poderá instar a prorroga do mesmo por outro prazo de ata seis meses de duración, que se entenderá tacitamente concedido polo tempo concreto solicitado.*

*2. A autoliquidación practicarase por calquera dos seguintes medios:*

*a) No impreso que ao efecto facilitará a administración tributaria local que será suscrito polo suxeito pasivo ou polo seu representante legal. Debe acompañarse con ela fotocopia do DNI ou NIF, tarxeta de residencia, pasaporte ou CIF do suxeito pasivo e copia simple do documento notarial xudicial ou administrativo en que conste o acto, feito ou contrato que orixina a imposición. Tratándose da transmisións por causa de morte, ademáis, o certificado de defunción do causante, e a declaración de herdeiros.*

*b) A través da Web municipal do Concello de Santiago de Compostela. Neste caso, a remisión da documentación a que se fai referencia no punto a) deberá presentarse no Concello no prazo de 15 días seguintes á presentación da autoliquidación na web.*

*3. A autoliquidación non poderá esixirse nos seguintes casos:*

*a) no suposto previsto no parágrafo terceiro da letra a do apartado 2 do artigo 107 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.*

*b) en calquera outro suposto no que non se dispoña de Valor Catastral.*

*c) cando se solicite un beneficio fiscal.*

*Nos supostos previstos neste apartado, a Administración practicará a liquidación no momento que dispoña do valor catastral, ou ben cando se resolva o beneficio fiscal solicitado.*

*Artigo 10º. Deber de colaboración*

*1. Con independencia do disposto no apartado 1 do artigo 110 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e no artigo 93 da Lei xeral tributaria, están igualmente obrigados a comunicar ó Concello a realización do feito imponible nos mesmos prazos que os suxeitos pasivos:*

*a) O doador ou persoa que transmita o dereito real, nos supostos do apartado a) do artigo 5.1 da presente Ordenanza.*

*b) O adquirente ou persoa á que se transmita o dereito, nos supostos do apartado b) do devandito artigo.*

*2. Os Notarios tamén estarán obrigados a remitir ó Concello, na primeira quincena de cada trimestre, relación ou índice de tódolos documentos que autorizaran no trimestre anterior, incluíndo feitos, actos ou negocios xurídicos que poñan de manifesto a realización do feito imponible deste imposto, fora os actos de derradeira vontade. Tamén estarán obrigados a remitir, na primeira quincena de cada trimestre, relación dos documentos privados dos mesmos feitos, actos ou negocios xurídicos que se lles presentaran para coñecemento ou lexitimación de sinaturas. Esta obriga non será esixida cando o Concello poida descargar do servidor web da Axencia Notarial de Certificación o índice trimestral no que se recolle a mencionada información. Todo isto sen prexuízo do deber xeral de colaboración establecido pola Lei Xeral Tributaria.*

*Artigo 11º. Infracción e sancións*

*Para todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e a cualificación das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.*

*Disposición derradeira*

***A presente Ordenanza foi aprobada de xeito provisorio polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 21 de outubro de dous mil catorce, quedando definitivamente aprobada por acordo do Pleno da Corporación na sesión de xxxx de dous mil catorce. Comezará a aplicarse a partir do primeiro de xaneiro do ano dous mil quince, e aplicarase mentres non se acorde a súa derogación ou modificación.***

**ORDENANZA 1.04: IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIONS, INSTALACIONES E OBRAS**

### *Artigo 1º. Fundamento e natureza*

*No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 y 142 da Constitución e 106 de la Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora de las bases do réxime local, e dos artigos 15.1 e 59.2 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLFL) aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece o Imposto sobre construcións, instalacións e obras, que se rexirá polo disposto no devandito TRLFL e pola presente Ordenanza fiscal.*

### *Artigo 2º. Feito imponible*

*1. Constitúeo a realización no termo municipal de Santiago de Compostela, de calquera construción, instalación u obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obras o urbanística, se houbese obtido ou non a devandita licenza, ou para a que se esixa a presentación de comunicación previa ou declaración responsable, se houbesen presentado ou non, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda a este Concello.*

*2. A estes efectos enténdese por construción, instalación ou obra as seguintes:*

*a) Construción de toda clase de edificacións e instalacións de nova planta.*

*b) Derrubamentos.*

*c) Obras que afecten ó interior ou exterior dos edificios.*

*d) Alineacións e rasantes.*

*e) As de fontanería e da rede de sumidoiros.*

*f) As que se realicen en cemiterios.*

*g) Calquera outra construción, instalación ou obra que precise licenza de obra o urbanística; ou a presentación de declaración responsable ou comunicación previa.*

*3. Quedan tamén incluídas no feito imponible do imposto, as construcións, instalacións e obras que se realicen en cumprimento dunha orde de execución municipal ou aquelas que requiran a previa existencia dun acordo aprobatorio ou dunha concesión. Nestes supostos a licenza aludida no apartado 1, considerarase outorgada unha vez dictada a orde de execución, adoptado o acordo ou adxudicada a concesión polos órganos municipais competentes, con cumprimento da tramitación preceptiva, e legalmente notificado o acto administrativo ó interesado.*

### *Artigo 3º. Suxeitos pasivos*

*1. Son suxeitos pasivos deste imposto a título de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que sexan donos das construcións, instalacións ou obras, sexan ou non propietarios do inmovible, sobre o que se realicen aquelas.*

*Ós efectos deste punto, terán a consideración de donos das construcións instalacións ou obras quen soporten os gastos ou custos que comporte a súa realización.*

*2. Teñen a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, no caso de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte, aqueles que presenten a comunicación previa ou declaración responsable ou que soliciten as correspondentes licenzas ou realicen as construcións, instalacións ou obras.*

*3. O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da cota tributaria satisfeita.*

#### *Artigo 4º. Exencións*

*Están exentas deste imposto as construcións, instalacións e obras das que sexa dono o Estado, as Comunidades Autónomas ou as Entidades Locais que, estando suxetas ó mesmo, vaian ser directamente destinadas a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por Organismos Autónomos, tanto se se trata de obras de inversión nova como de conservación.*

#### *Artigo 5º. Base imponible*

*A base imponible do imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, e se entende por tal, a estes efectos, o custo de execución material de aquela Non formarán parte de dita base o imposto sobre o valor engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre o custo de execución material.*

#### *Artigo 6º. Tipo de gravame e cota tributaria*

*1. A cota íntegra do imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame do 2 %.*

*2. A cota líquida do Imposto será, no seu caso, o resultado de aplicar á cota as bonificacións que se establecen no artigo 8º desta Ordenanza.*

#### *Artigo 7º. Obriga de contribuir*

1. A obriga de contribuír nace no intre de se escomeza-la construción, instalación ou obra, mesmo nos casos en que escomece sen ter presentado a comunicación previa ou declaración responsable ou obtido a licenza que proceda.

2. Ós efectos deste imposto, entenderánse iniciadas as construcións, instalacións ou obras, salvo proba en contrario:

a) no suposto de precisar licenza urbanística, cando fora concedida, no momento no que sexa retirada polo interesado ou polo seu representante ou, noutro caso, ó mes da data do decreto ou do acordo da Xunta de Goberno Local.

b) no suposto de precisar a presentación de declaración responsable ou comunicación previa, a data do seu rexistro de entrada

#### Artigo 8º. Bonificacións

1. Establécese unha bonificación **de ata o 95%** a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración a xuízo do Pleno da Corporación, co voto da maioría simple dos seus membros

**O acordo plenario de declaración de especial interese ou utilidade municipal fixará a porcentaxe a aplicar e se producirá mediante solicitude do interesado acompañando informe ou memoria motivadora do especial interese ou utilidade municipal**

2. Establécese unha bonificación do 30% a favor das construcións, instalacións ou obras declaradas como Vivendas de Protección Autonómica polo Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Para o **goce** da mesma, o suxeito pasivo deberá aportar a cédula de cualificación provisional como Vivenda de Protección Autonómica emitida polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, **no prazo de seis meses desde a concesión da licenza**

3. Establécese unha bonificación do 50% a favor das construcións, instalacións e obras de acondicionamento e adaptación necesarias para o acceso e habitabilidade das persoas discapacitadas.

1.- Requisitos para as obras:

a.- Entenderanse como construcións, instalacións e obras necesarias para o acceso e habitabilidade dos discapacitados as destinadas a: 1.- reforma interior da vivenda para a adecuación á discapacidade de calquera persoa que resida ou vaia residir habitualmente na mesma; 2.- modificación de elementos comúns do edificio que sexan paso necesario entre a vivenda do discapacitado e a vía pública, tales como escaleiras, ascensores, pasillos, portais ou calquera outro elemento arquitectónico; 3.- a aplicación



*de dispositivos electrónicos que sirvan para superar barreiras de comunicación sensorial ou de promoción da seguridade de calquera discapacitado que resida habitualmente nunha vivenda do edificio.*

*b. Non se entenderan como construcións, instalacións e obras necesarias para o acceso e habitabilidade dos discapacitados as que, calquera que sexa o seu destino, se realicen en inmobles que por prescripción normativa deban estar adaptados ou deban adaptarse obrigatoriamente.*

## *2.- Requisitos para as persoas*

*a.- No inmovible no que se van a realizar as obras bonificadas deberá estar empadroada, e formando parte da unidade de convivencia, a persoa con discapacidade física ou sensorial a longo prazo. A estes efectos o empadramento no inmovible deberá manterse, alomenos, desde a data de finalización das obras ata o remate do prazo para realizar a comprobación e/ou inspección fiscal correspondente.*

*b.- Entenderase que teñen a condición de discapacitados as persoas cun grado de minusvalía igual ou superior ao 33 por cento. O grado de minusvalía deberá acreditarse mediante certificado do órgano competente da Xunta de Galicia.*

## *3.- Requisitos mixtos:*

*A valoración da adecuación das obras a mellora do acceso e habitabilidade do discapacitado será realizada polo servizo municipal de benestar social.*

*A valoración de que as obras teñen como destino ou finalidade favorecer as condicións de acceso e habitabilidade do discapacitado, e que as construcións, instalacións e obras necesarias non afectan a inmobles que por prescripción normativa deban estar adaptados ou deban adaptarse obrigatoriamente, será realizada polo servizo de licenzas e disciplina urbanística.*

*4.- Para o disfrute da mesma, o suxeito pasivo deberá aportar, xunto coa solicitude de bonificación o certificado acreditativo da minusvalía que xustifica a realización das obras de acceso e habitabilidade.*

*5.- A bonificación prevista neste apartado esixirá, con carácter específico, os informes do Servizo de Benestar Social e do Servizo de licenzas e disciplina.*

*4. As bonificacións previstas nos **apartados 2 e 3** deste artigo, ademais dos informes que en cada paragrafo se sinalan, esixirán:*

*a) Solicitude do interesado*

*b) Informe da Tesourería do Concello*

*c) Acordo da Xunta de Goberno Local*

*5. As solicitudes de bonificacións dos apartados 1, 2 e 3 deste artigo deberán presentarse coincidindo coa solicitude da correspondente licenza ou coa presentación da comunicación previa ou declaración responsable*

**6. As bonificacións dos apartados 1, 2 e 3 deste artigo son incompatibles**

*Artigo 9. Normas de xestión*

*1. Os suxeitos pasivos están obrigados a presentar autoliquidación polo imposto no impreso habilitado ao efecto pola Administración municipal, determinándose a base impositiva en función do orzamento declarado polo interesado, e a ingresala nas entidades bancarias colaboradoras ao presentar a comunicación previa, a declaración responsable ou ao solicitar a licenza preceptiva, sen que o pago realizado conleve ningún tipo de presunción ou acto declarativo de dereitos a favor daqueles.*

*2. O pago da autoliquidación presentada será a conta da liquidación provisional e, no seu caso, da liquidación definitiva que se practique unha vez rematadas as construcións, instalacións ou obras.*

*3. A autoliquidación non poderá esixirse no suposto de que se presente solicitude de beneficio fiscal, practicándose, de ser o caso, liquidación de ingreso directo que se notificará unha vez tramitado o expediente.*

*4. Cando se modifique o proxecto da construción, instalación ou obra e houbese incremento do seu orzamento, unha vez aceptada a modificación pola Administración municipal, os suxeitos pasivos deberán presentar autoliquidación complementaria pola diferenza entre o orzamento inicial e o declarado.*

*5. Unha vez rematadas as construcións, instalacións ou obras, os suxeitos pasivos deberán ingresar a autoliquidación complementaria da taxa polo outorgamento da licenza de obras no caso de que o coste real e efectivo da obra sexa superior ao declarado.*

*A autoliquidación ingresarase no prazo dun mes a contar desde a data de finalización das obras e xunto coa solicitude da licenza de primeira utilización ou ocupación si ésta se presenta antes do cumprimento do citado prazo.*

*6. Á vista da documentación aportada ou de calquera outra relativa ás construcións, instalacións ou obras e das efectivamente realizadas realizadas así como do seu coste real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, modificará, no seu caso, a base impositiva practicando a correspondente liquidación definitiva e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, segundo proceda, a cantidade que resulte.*

*7. No caso de que non se executen as construcións, instalacións ou obras, o interesado terá dereito á devolución do ingresado nos seguintes supostos:*

a) unha vez que formule renuncia expresa á licencia ou exista declaración de caducidade.

b) unha vez que formule renuncia expresa á declaración responsable ou á comunicación previa, sempre que se realice no prazo de tres meses dende a súa presentación

*Artigo 10º. Infraccións e sancións*

*Para todo o relativo á calificación de infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.*

**Disposición transitoria**

***Durante os exercicios 2015 e 2016 o tipo de gravame regulado no artigo 6.1 desta ordenanza fiscal será o 1,9%.***

*Disposición derradeira*

***A presente Ordenanza foi aprobada de xeito provisorio polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 21 de outubro de dous mil catorce, quedando definitivamente aprobada por acordo do Pleno da Corporación na sesión de xxxx de dous mil catorce. Comezará a aplicarse a partir do primeiro de xaneiro do ano dous mil quince, e aplicarase mentres non se acorde a súa derogación ou modificación.***

**ORDENANZA 1.05: IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS**

*Artigo 1. Natureza e feito impoñible*

*De conformidade co previsto nos artigos 78 e seguintes do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLFL), o imposto de actividades económicas é un tributo obrigatorio, directo e de carácter real, que grava o mero exercicio, en territorio nacional, de actividades empresariais, profesionais ou artísticas, que se ejerzan ou non nun local determinado e se atopen ou non especificadas nas tarifas do imposto.*

*Artigo 2. Exencións*

- 1. Están exentos do imposto os suxeitos pasivos previstos no artigo 82.1 do TRLFL.*
- 2. As exencións especificadas nas letras e), f) do devandito artigo 82.1 terán carácter rogado, debendo presentar coa declaración de alta, a seguinte documentación:*

- No suposto da letra e) de organismos públicos de investigación e establecementos de ensinanza: certificación da administración correspondente acreditativa do financiamento da entidade

- No caso da letra f) de asociacións sen ánimo de lucro de diminuídos: certificación do órgano do que dependan, acreditativo da natureza e fins da entidade.

### Artigo 3. Bonificacións

1 Os suxeitos pasivos terán dereito ás bonificacións previstas no art. 88.1 do TRLFL.

2 Os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que teñan incrementado o promedio da súa plantilla de traballadores con contrato indefinido durante o período impositivo inmediato anterior ao da aplicación da bonificación, en relación co período anterior a aquel, disfrutarán da seguinte bonificación sobre a cota tributaria:

<i>Incremento no nº empregados con contrato indefinido</i>	<i>Bonificación</i>
<i>Entre o 5 e 10%</i>	<b>15%</b>
<i>Máis de 10% e ata o 20 %</i>	<b>30 %</b>
<i>Máis de 20 %</i>	<b>45 %</b>

A documentación acreditativa será a seguinte:

- Certificado/s da Tesourería Xeral da Seguridade Social da vida laboral da empresa acreditativo dos extremos especificados no punto dous deste artigo.

- Fotocopia dos contratos laborais dos traballadores contratados no período impositivo inmediato anterior ao de aplicación da bonificación.

### Artigo 4. Procedemento de concesión dos beneficios fiscais

1. Para o recoñecemento dos beneficios fiscais de carácter rogado, os interesados deberán presentar solicitude acompañando a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos esixidos.

2. A concesión ou denegación dos beneficios fiscais resolveranse por acordo da Xunta de Goberno Local previo informe do Servizo de xestión, inspección e recadación do Concello.

### Artigo 5. Coeficientes de situación

1. Para os efectos do previsto no artigo 87 do TRLFL, as vías públicas do Concello de Santiago de Compostela clasificaranse de acordo co disposto no artigo 16 e no Anexo de categoría das vías da Ordenanza Xeral de Xestión, Recadación e Inspección dos

*tributos e doutros ingresos de dereito público local do Concello de Santiago de Compostela.*

*2. Sobre as cotas incrementadas por aplicación do coeficiente sinalado no artigo 86 do TRLFL, e atendendo á categoría fiscal da vía pública onde radica fisicamente o local en que se realiza a actividade económica, aplicaránse os coeficientes de situación fixados no citado Anexo*

#### *Artigo 6. Período impositivo e data de esixibilidade do imposto*

*1. O período impositivo coincide co ano natural, agás cando se trate de declaracións de alta. Neste caso abranguerá dende a data de comezo da actividade ata o final do ano natural.*

*2. O imposto será esixible dende o primeiro día do período impositivo e as cotas serán irreductibles, agás cando, nos casos de declaración de alta, o día de comezo da actividade non coincida co ano natural. Neste suposto, as cotas calcularanse proporcionalmente ao número de trimestres naturais que resten para finalizar o ano, incluído o do comezo do exercicio da actividade.*

*3. Así mesmo, e en caso de baixa por cesamento no exercicio da actividade, as cotas serán prorrateables por trimestres naturais, excluído aquel en que se produza o dito cesamento. Para este fin, os suxeitos pasivos poderán solicitar a devolución da parte da cota correspondente aos trimestres naturais en que non se exercera a actividade.*

*4. Malia o disposto nos parágrafos anteriores, nos supostos de fusións, escisións e achega doutras ramas de actividade regulados no Capítulo VIII do Título VII do Real Decreto legislativo 4/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Imposto sobre Sociedades, as declaracións de alta e baixa que presenten respectivamente as entidades que inicien ou cesen o exercicio da actividade, producirán efectos a partires do 1 de xaneiro do ano seguinte a aquel no que se produza a fusión, escisión ou achega de rama da actividade de que se trate. En consecuencia, respecto ao ano en que teña lugar a operación non procederá a devolución ou ingreso ningún derivados do prorrateo das cotas polos trimestres durante os cales estas actividades realizaran efectivamente a actividade.*

*5. Nas actividades de servizos de espectáculos e de promoción inmobiliaria, a parte da cota correspondente aos espectáculos celebrados e aos metros cadrados de terreo ou edificación vendidos será esixible cando se celebren os espectáculos ou se formalicen os alleamentos, respectivamente.*

#### *Artigo 7º. Infraccións e sancións*

*Para todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.*

*Disposición derradeira*

*A presente Ordenanza foi aprobada de xeito provisorio polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 21 de outubro de dous mil catorce, quedando definitivamente aprobada por acordo do Pleno da Corporación na sesión de xxxx de dous mil catorce. Comezará a aplicarse a partir do primeiro de xaneiro do ano dous mil quince, e aplicarase mentres non se acorde a súa derogación ou modificación”.*

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros do contido da proposta e aberto o primeiro turno de intevencións teñen lugar as seguintes:

O Sr. **Quiroga Limia, concelleiro do grupo municipal popular e Delegado da Área de Facenda**, en primeiro lugar agradece aos seus compañeiros Francisco Reyes e Rubén Cela, voceiros do PSdeG-PSOE e BNG respectivamente, a vontade de consenso para sacar adiante o plan de medidas fiscais e de orde social para o 2015. Tralas negociacións previas, agarda chegar cando menos a un principio de acordo no presente pleno.

Entrando en materia, indica que hoxe trae o expediente de modificación de ordenanzas fiscais, do plan de medidas fiscais e do orde social para o ano 2015.

O plan contempla 14 medidas e realizouse nos primeiros cen días de goberno. Afirmo que supón unha conxelación de taxas, unha baixada de impostos, un establecemento de novas bonificacións e un aumento doutras de carácter social. Di que é a primeira vez en case dez anos, a excepción do anterior, que se realiza un plan deste calado xa que a última baixada de impostos data do ano 2005. Indica que se trata de catorce medidas beneficiosas tanto para os cidadáns como para a cidade, pois trata de relanzala e contempla unha rebaixa fiscal. É importante sinalar que a situación de superávit do Concello propicia que o plan se poida realizar neste momento.

Indica que o primeiro bloque está adicado a medidas de baixada de impostos. A diminución do imposto de bens inmobles do 0,57 ao 0,54 é unha baixada de 6 puntos xa acumulada dende o ano 2014, que estaba no 0,6 e agora pasa ao 0,54, o imposto de construcións durante dous anos que pasa do 2% ao 1,9%; e a baixada do imposto de plusvalías diminúe 4 puntos, do 26% ao 22%.

Tendo en conta o anterior, afirma que o goberno acomete esta redución do IBI para que, na maior parte dos casos, o recibo baixe lixeira e ponderamente para os contribuíntes. Clarexa que, de non facelo, o importe aumentaría.

Ó mesmo tempo apunta que a revalorización dos inmobles efectuada na última ponencia catastral supuxo unha subida considerable do importe do recibo do IBI, o que

se traduce nun promedio dun aumento do 60% distribuido durante dez anos, de 2009 a 2019.

En canto á segunda medida, a baixada do imposto de construción, di que o obxectivo é reactivar un sector que rebaixou enormemente a súa actividade, e incentivar a economía da cidade intentando xerar emprego. Polo tanto, o tipo actualmente do 2% baixará ao 1,9 durante dous anos. Nese sentido sinala que aqueles anos nos que se orzamentaban seis, cinco e catro millóns de ingresos en ICIO e taxas, quedaron atrás.

No tocante ao imposto de plusvalías indica que baixa catro puntos, pasando do 26% ao 22%, para reactivar un sector e favorecer a creación de emprego.

Ata aí, sinala, está todo o relativo ao primeiro bloque adicado á rebaixa xeral de impostos.

Focalizando no segundo bloque, destaca que inclúe medidas de impulso dos sectores estratéxicos. Di que se crean dúas novas bonificacións no imposto de bens inmobles. A primeira adicouse aos inmobles con actividade económica, monumentos ou xardíns históricos que, dende o seu punto de vista, son sectores estratéxicos da cidade. Neste caso, manifesta que a bonificación pode chegar ata o 50%.

A segunda nova bonificación, tamén no imposto de bens inmobles, podería cegar ata o 75%. Di que está adicado aos inmobles de organismos públicos de investigación e de ensino universitario, tamén considerados estratéxicos na cidade.

En canto ao terceiro bloque, incorpora medidas de impulso da economía e do emprego. Sinala que se está a producir un aumento das bonificacións de maneira significativa en sectores que xa estiveron en crise e que intentan recuperar para que xeren emprego. Así, aumentarase a bonificación ata o 70% para as empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria que realicen unha obra ou a rehabilitación dunha obra.

Afirma que tamén se produce un incremento ata o 95% do imposto de construcións naqueles supostos de especial interese para a cidade e que creen emprego. Deste xeito, considera que a cidade podería competir con outras que teñen esta bonificación fiscal.

Á súa vez, manifesta que tamén se produce un aumento da bonificación no imposto de actividades económicas para aquelas empresas que creen emprego estable, onde se establecen tres tramos: entre o 5 e o 10% de creación de emprego estable a

bonificación será do 15%; entre o tramo do 10 ao 20% de creación de emprego estable a bonificación será do 30%; e cando se cree máis do 20% de emprego estable, a bonificación será do 45%.

Polo tanto neste bloque de medidas de impulso da economía e do emprego, considera que se está tanto reactivando sectores estratéxicos como revitalizando a economía e o emprego.

O cuarto bloque, apunta, está adicado a medidas de orde social como poden ser as vivendas de protección autonómica. Considera que é de xustiza social e agarda que se beneficien 1400 vivendas e familias. Polo tanto, indica que se aumenta a bonificación a oito anos e o aumento da bonificación será do 25% cada ano. Ademais anuncia que recuperarán a bonificación os que a perderon nos anos 2008, 2009, 2010 2012, 2013 e 2014.

En base á medida dez, para as familias numerosas, esperan que se poidan beneficiar máis de duascenas familias. Di que a bonificación aumenta segundo o valor catastral do inmovible no que residan de xeito que as familias numerosas catalogadas de carácter xeral e as familias numerosas de carácter especial poderán ter unha bonificación de ata o 45% e o 60% respectivamente.

Polo tanto, manifesta que é de xustiza social que o goberno faga este recoñecemento.

A medida nove está dedicada aos núcleos rurais. O obxectivo é que se poidan beneficiar unhas catro mil vivendas e inmovibles no rural. Indica que para poder beneficiarse un total de 110 núcleos, é necesario rebaixarlles máis o recibo do IBI e aumentar a bonificación ata o 60%. Deste xeito, cando a carencia dos tres servizos sexa deste calado, a bonificación será do 60%, cando careza de dous servizos do 40, e cando careza dun só servizo do 20%.

Di que este é o bloque adicado a medidas fiscais e de orde social, pero tamén teñen outro un bloque baseado en medidas administrativas.

Clarexa que se continuará co fraccionamento como medida de carácter social no ano 2014 e indica que xa un total de 5000 persoas puideron beneficiarse fraccionando o pagamento do IBI en tres prazos.

Ademais, informa sobre as modificacións nos prazos, que pasan a ser o 5 de xullo, o 5 de setembro e o 5 de novembro. Di que se trata dunha nova aposta por separar máis o pagamento do imposto de vehículos e por unificar o calendario de voluntaria. O feito



de escoller eses meses responde a criterios de capacidade económica xa que se fai entre os meses de xullo e preto de decembro, ademais non coincide nin en agosto, nin co pago do imposto da renda das persoas físicas.

En canto ao calendario do IBI para o 2015, sinala que tamén se cambia o calendario de período voluntario para facelo coincidir co do fraccionado. Consecuentemente, será do 5 de xullo ao 5 de setembro. Tendo en conta as vantaxes da unificación de calendarios, sinala que deste xeito non coincide co pago de vehículos, o mes de maiores capacidades económicas co pagamento da paga extra en xullo, e ademais tampouco coincide co IRPF, que se pode pagar ata o 25 de xullo.

Apunta, tamén, a outra medida de carácter administrativo que trata de fomentar a domiciliación. Di que para aqueles que teñan o recibo domiciliado, o pagamento será o último día do período voluntario. Considera que así haberá unha maior planificación económica para o contribuínte, un maior prazo para o pago do imposto, e poderíanse evitar desprazamentos, maiores xuros bancarios para o contribuínte, e recargos e xuros, en moitas ocasións, por mero despiste.

En conclusión, afirma que este plan favorecerá tanto aos contribuíntes como á cidade, relanzando a economía. Pensa que é de xustiza social, neste momento no que as finanzas o permiten, fomentar un aforro para todos os veciños. Polo tanto, propón aprobar en bloque o plan de medidas fiscais para o ano 2015.

**O Sr. Cela Díaz, concelleiro voceiro do grupo municipal do BNG**, expresa a súa intención de empregar esta primeira quenda de intervención para explicar o sentido do voto do seu grupo que, tal e como adianta, será de abstención.

Esto débese, afirma, ao momento no que se está a plantexar e ao texto que se plantexa. Expresa o seu desexo por que no proceso que segue a esta aprobación inicial, o período de alegacións, se puideran recoller outras propostas que ao seu modo de ver mellorarían substancialmente as ordenanzas. Di que serían positivas tanto para o conxunto da veciñanza como para os sectores de poboación máis vulnerabeis, máis desprotexidos, e que máis están a pagar as consecuencias da actual situación económica.

Asegura que de haber motivos sólidos durante este período de alegacións, o BNG podería mudar o seu voto favorablemente na aprobación definitiva destas ordenanzas.

Nese sentido di que non é un mal punto de partida algúns dos cambios recollidos na actual proposta pero sobre todo, non é un mal comezo a predisposición por parte do

Sr. Quiroga a chegar puntos de encontros sobre algunha das cuestións esenciais para o Bloque Nacionalista Galego.

Pensa que a partir de aí comezará a fase de comprobar como se verifican esas propostas no plano concreto.

Para o grupo municipal do BNG esta proposta que hoxe se somete a votación contén cambios positivos e outros moito máis cuestionables.

Di que baixar de xeito lineal os impostos non ten que ser, por definición, algo positivo. Evidentemente, manifesta, trátase dunha diferenza ideolóxica de fondo que distingue claramente ao BNG e ao Partido Popular. Considera que os impostos son necesarios, pero existe un claro problema cando os pagan ou defraudan sempre os mesmos, cando son inxustos, ou cando se fai un mal uso deles.

Nese sentido, apunta que a actual situación de extrema gravidade social é o único motivo polo que pode estar de acordo cunha baixada puntual do tramo municipal do imposto de bens inmobles do 0,57 ao 0,54.

Cando nun concello de menos de 100.000 habitantes como é o de Santiago, hai máis de vinte e dúas mil persoas en risco de exclusión social das cales máis de catro mil se atopan nunha situación de pobreza extrema, e onde máis de sete mil persoas poden e queren traballar pero non atopan un posto de traballo, está claro que unha baixada lineal do IBI beneficiará a algunhas persoas que non teñen necesidade ningunha de que se baixen os impostos, máis ben o contrario. Sen embargo, di que estará a aliviar, aínda que sexa moi levemente, a unha inmensa maioría de veciños e veciñas que pasan momentos difíciles. En consecuencia apunta que o BNG, nesta ocasión, apoia a medida.

Di que tamén lle parecen positivas outro tipo de modificacións xa recollidas, algunhas propostas en reiteradas ocasións aínda que con pouco éxito para o grupo nacionalista. Un exemplo son as novas datas para o fraccionamento do pagamento, referidas con anterioridade polo señor concelleiro, as bonificacións do 75% a inmobles de organismos públicos de investigación e ensino universitario, o aumento da bonificación do IAE a aquelas empresas que teñan incrementado o seu cadro de persoal con contratos indefinidos, ou o aumento de tres anos máis de bonificación do 25% de IBI para vivendas de protección autonómica. Manifesta que esas son, entre outras, medidas coas que o Bloque Nacionalista Galego está de acordo.

Outras das medidas propostas parécenlle moito máis discutibles, como a baixada en determinados casos do ICIO, ou do imposto de plusvalías por venda de inmobles que pasa do 26 ao 22%. Di que hai que ter en conta que este imposto grava o incremento de valor dun inmovle froito da actividade urbanística levada a cabo polo concello, polo tanto, o espírito último deste imposto é o de recuperar para o conxunto da veciñanza parte do esforzo inversor do concello do que se beneficiou un particular.

Tal e como expuxo con anterioridade, pensa que é positiva a predisposición do goberno a incorporar no período de alegacións propostas dos grupos da oposición, como a bonificación de taxas por licenzas de apertura, bonificacións no IBI e no ICIO para vivendas nas que se instalen sistemas de aproveitamentos térmicos ou eléctricos de enerxía solar, ou bonificacións de ben inmobles urbanos adscritos a explotacións agrarias, gandeiras e forestais.

Ao mesmo tempo, clarexa que eran e seguen sendo tres os aspectos que dende o BNG máis botan en falta nesta proposta de ordenanza: as bonificacións no IBI para os sectores sociais máis desfavorecidos, a posibilidade de establecer un recargo sobre os inmobles desocupados e o aumento das facilidades de pagamento ao contribuínte mediante un verdadeiro sistema de impostos á carta.

Con respecto ás bonificacións de tipo social no IBI, considera que é o aspecto máis importante para o seu grupo.

Apunta que o IBI o único que ten en conta, son as características da vivenda. Deste xeito, con vivendas en similares condicións paga o mesmo IBI un multimillonario que unha pensionista. Por este motivo, considera que se o obxectivo do concello é axudar máis a quen máis o precisa, a baixada lineal do tipo impositivo do tramo municipal do IBI é unha medida que fica coxa se non vai acompañada doutras que sexan bonificacións moito máis intensas e centradas exclusivamente naqueles sectores de poboación que realmente precisan máis axuda, como poden ser os parados e paradas de longa duración ou os xubilados con pensións mínimas.

Por outra banda, recoñece que unha lectura restrictiva da normativa actual podería levar a pensar que ditas bonificacións non se poden realizar porque non veñen reollidas específica e nominalmente no artigo 74 da Lei de Facendas Locais, onde se recollen as bonificacións potestativas.

Di que dende o BNG consideran que é unha interpretación errada da lei entender a enumeración recollida neste artigo como números clausus. Pensan que non se trata dunha lista pechada e que calquera proposta de bonificación que non estea

expresamente prohibida que non atente contra o espírito da norma, como é o caso da que nos plantexamos, ten perfecta cabida. Así o consideran, segundo apunta, multitude de concellos de todo o estado español. A modo de exemplo, Torrejón de Ardoz, maioría absoluta do Partido Popular, ten até un 90% de bonificación no IBI para as familias con todos os seus membros desempregados; Motril maioría do Partido Popular ten recollida unha rebaixa do 50% do IBI para parados de longa duración e ademais ata un 100% en función da renda. Béjar, Partido Popular, ata un 50% para quen leve máis de doce meses en paro. Sinceramente resúltalle difícil de crer que todos estes concellos e moitos outros se estean a saltar a lei, e se o fan, dende logo, dende o seu punto de vista, ben feito esta.

En segundo lugar, fala da posibilidade de establecer un recargo sobre inmobles desocupados. Afirma que neste caso a medida non ten ningún problema respecto da súa legalidade, porque ven recollida expresamente na lei de facendas locais, concretamente no seu artigo 72. Recorda que foi o BNG o grupo que o propuxo nos dous últimos exercicios, que dende o goberno se comprometeron a estudalo en dúas ocasións, pero novamente non se inclúe.

Afirma que a medida sería boa por tres razóns: porque permitiría recadar máis e con iso sufragar parte das novas bonificacións de tipo social que estamos a propor, porque introduciría certa progresividade que pague máis quen máis ten a un imposto que como xa dixemos grava a vivenda con independencia da situación socio-económica de quen a habita, e porque posibilitaría unha maior dinamización do mercado de vivenda, que tal e como teñen cifrado dende o goberno neste mesmo pleno en varios ocasións, é de máis de oito mil vivendas baleiras hoxe en día en Santiago de Compostela, é posible facelo, e fundamentalmente é unha cuestión de vontade política.

Di que concellos como Eibar, Oviedo así o veñen demostrando fai tempo, ou Móstoles, gobernado polo Partido Popular, máis recentemente.

Por último, é partidario de avanzar cara un verdadeiro sistema de impostos á carta. Resulta evidente que foi un paso positivo que no seu día se aprobase a posibilidade de fraccionar o pagamento do IBI en tres prazos, tamén é certo que a proposta de ordenanzas presentada inclúe varias demandas plantexadas polo BNG nos pasados anos. Polo tanto considera positivo que se modificara o calendario de cobro fraccionado, tendo en conta as pagas extras, e a non coincidencia con outras obrigas tributarias, como o imposto de vehículos, ou o IRPF, como aconteceu en anos anteriores. Tamén considera favorable que a data de cargo en conta dos recibos domiciliados sexa o último día do período voluntario. Recoñece que houbo avances nese sentido, pero pensa que é insuficiente. Dende o seu punto de vista, faltan cando

menos dúas cousas: unha bonificación por domiciliación, que ven recollida expresamente na lei, polo tanto, non tería problema, e a posibilidade de escoller, non só para o IBI senón para o conxunto dos impostos, que modalidade de pagamento (anual, cuatrimestral, mensual) é máis acaída para quen.

Concellos moi importantes en poboación como pode ser o caso do Concello de Bilbao, levan anos ofrecendo con total normalidade ese servizo.

En definitiva, di que a abstención do BNG reflexa a posición dun grupo que entende que a proposta de ordenanzas que hoxe se somete a consideración deste pleno inclúe medidas positivas, pero ao mesmo tempo pensan que aínda faltan por recoller as máis importantes, e as máis urxentes. Nese sentido, agarda que se poidan ter en conta no período de alegacións.

**O Sr. Reyes Santiás, concelleiro voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE,** primeiramente clarexa que a proposta do grupo popular difire en determinados aspectos das dos anos anteriores. Tamén, a colación dunhas declaracións do delegado de facenda, quere agradecerlle que asumise verdades que o Partido Socialista leva expresando dende fai tempo.

Efectivamente, di que nunha rolda de prensa que deron conxuntamente o concelleiro de facenda e o alcalde actual, terceiro do Partido Popular neste mandato, os datos económicos dan a razón ao Partido Socialista porque recoñeceron que a débeda do Concello non era a quen teñen dito durante toda a lexislatura anterior mentres estiveron na oposición, de que o Concello estaba nunha situación de quebra, e que herdaron unha débeda de cen millóns de euros, o que por fín, recoñecen que non é certo.

Sostén que a situación que herdou o Partido Popular foi de solvencia económica tal e como quedou evidenciado nestes meses.

Do mesmo xeito valora que recoñezan un superávit de 5,5 millóns de euros de forma que non é necesario endebedar o concello aínda máis en seis millóns de euros, cun tipo de xuro altísimo, dos máis altos dos últimos quince anos.

Por último, amosa a súa sorpresa por mor do informe da intervención, xa que non fai ningunha referencia ao contexto que esta proposta da afectación vai ter no plan de axuste. É dicir, aprobando estas propostas de ordenanzas fiscais, non se vai cumprir o plan de axuste. Isto, segundo di, tamén lle dá a razón ao partido socialista, pois afirmaron que o Plan de Axuste non era necesario para este concello porque existía

unha situación de solvencia económica e, polo tanto, o único que tiña sentido era xustificar un endebedamento de case trece millóns de euros máis. Ademais, apunta que contaba co xuro máis alto dos últimos quince anos, e que o único que facía era darlle negocio á banca e non resolver ningún problema económico que tivera o concello.

Indica que as propostas das ordenanzas presentadas polo goberno son necesarias, de feito recollen propostas plantexadas polo seu grupo nos anos 2013 e 2014. Ó mesmo tempo considera que son tardías e pregúntase por que hoxe o grupo popular aproba o que negaron e votaron en contra nos anos 2012, 2013 e 2014.

Entende que son insuficientes, pois non recollen as cuestións sociais que deberían e que coñecen perfectamente. Di que cabe plantexar a posibilidade de establecer un beneficio no IBI ás familias en paro ou con escasos recursos. Isto, dende o punto de vista técnico e dende lecturas estrictas e restritivas da normativa da lei de facendas locais, entende que non se pode axudar a esta xente en base aos ingresos pero sí dende o punto de vista dos gastos. Deste xeito considera que se deben establecer subvencións que terían que estar aprobadas e executadas nos orzamentos deste concello no 2015.

Respecto ao IBI, recoñece que se trata dunha baixada lineal, pero apunta que afectará do mesmo xeito a quen non está a padecer unha situación económica difícil e aos que sí a están a padecer. Recorda que o Partido Socialista aposta por avanzar nun conxunto de medidas para acadar un sistema impositivo local que sexa progresivo aplicando o artigo 24.4 para as taxas e o artigo 72.4 para o IBI. Tamén apunta que unha baixada lineal neste momento, coa situación difícil na que se atopa esta cidade, con preto de oito mil persoas que buscan un emprego e non o atopan en Santiago de Compostela, segundo datos oficiais do servizo público de emprego, e coa xente, fundamentalmente os menores de trinta anos, que segundo os datos de afiliación á Seguridade Social están a marchar da nosa cidade, porque non atopan futuro en Compostela e teñen que buscalo fora, evidentemente, vai ser unha axuda á economía destas familias.

Con respecto á baixada do imposto da plusvalía, aclara que a súa crítica atemperase con respecto ao que supoñen as plusvalías, porque o que se pretende é que o imposto revista á sociedade o que a cidade ten feito e os beneficios que ten xenerado para as propiedades. En base ó anterior di que para compensar o término de redución de base, habería que baixar ata o 17% e non ao 22% .

Con respecto aos inmobles de organismos públicos, de investigación e de ensino universitario, di que é un resultado que remata o vigor do convenio que se tiña asinado polo concello e a Universidade de Santiago. Entende que ese 75% é positivo, pero que sería mellor o 95% que permite a lei.

Do mesmo xeito valora positivamente as bonificacións por fomento de ocupación, por xeración de emprego e por promoción da actividade económica que a súa vez ten que xerar emprego, pero pide que se inclúa na ordenanza que esa xeración de emprego sexa nos centros de traballo que estean radicados en Compostela, porque senón a empresa pode xerar postos de traballo fora do concello.

Bota en falta dúas cousas fundamentalmente, unha delas sociais, xa que non se pode ir pola vía de ingresos hai que ir pola vía de gastos, é dicir, as subvencións.

Entende que hai que facer unha bonificación das taxas pola licenza de apertura, para aquelas persoas que sexan demandantes de emprego, beneficiarios do subsidio de desemprego ou parados de longa duración.

Diante do plantexamento di que falta unha memoria económico-financeira para poder aprobar esa taxa, ou esa modificación da taxa, que xa tería que estar feita. Lembra que o ano pasado se fixo unha modificación da taxa de utilización de espazo público para actividades cinematográficas, plantexada polo Partido Socialista porque non existía esa memoria económico-financeira tan necesaria, e que, naquel entón, díxose que non. Polo tanto plantexa que se o artigo 20 do Real Decreto que regula a reformas das taxas, se aplica exactamente igual independentemente de se a proposta é do goberno ou da oposición, está de acordo e di que se debería recorrer a ese estudo económico para poder resolver.

Considera que faltan propostas de política medio ambiental, e propón a bonificación no IBI para vivendas e edificios con sistemas de aproveitamento de enerxía solar, e tamén bonificacións no icio nos mesmos termos.

Entende que existe unha realidade rústica no concello, relacionada e adscrita a explotacións agrarias, gandeiras e forestais. Así, di que hai que buscarlle unha solución de bonificación do IBI a estas empresas.

Por outra banda, entende que é necesario devolverlle á sociedade o que a sociedade lle ten dado, neste caso, ás entidades financeiras, de xeito que se debe incrementar no 100% a taxa de ocupación da vía pública pola instalación de caixeiros automáticos de entidades financieras. Clarexa que a posición do seu grupo con respecto á aprobación

ou non da proposta de ordenanzas fiscais que fai o goberno, vai depender da resposta do pleno a todas estas cuestións plantexadas.

Rematado o primeiro turno de intervencións e aberto o segundo teñen lugar as seguintes:

O Sr.**Quiroga Limia, concelleiro do grupo municipal popular e Delegado da Área de Facenda**, manifesta que en canto ás alegacións realizadas polo Bloque Nacionalista Galego, resposta que o IBI tal e como está estipulado na Lei de Facendas Locais, contempla esa equidistribución social de xeito que non paga o mesmo unha persoa que ten un valor de inmovible, que a que ten outro valor de inmovible. Polo tanto, di que o pagamento do recibo é en función do valor do inmovible.

Indica que dito valor ten aínda unha serie de correccións, como as bonificacións que existen nas vivendas de protección autonómica, nos núcleos rurais, nas familias numerosas, etc. Do mesmo xeito, informa de que non paga o mesmo o que ten unha vivenda que o que ten dúas ou tres.

En canto o que é o establecemento do beneficio para os inmobles, apunta que o feito de establecer unha situación de bonificación entorno á capacidade económica, alegación presentada no ano 2012 e informada polos técnicos como que non era posible debido ao establecido na Lei de Facendas Locais, non é un empecinamento do Partido Popular.

Por último, en base ao mencionado no tema de vivendas desocupadas, di que existen sentenzas que establecen que tampouco é posible ese tipo de gravame nas vivendas desocupadas. En concreto, a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña do ano 2011, e no mesmo sentido, o propio Consello Consultivo de Andalucía nun ditame efectuado no ano 2008.

Por outra parte, en canto ao que son outras propostas de facer un estudo sobre a posibilidade de un maior fraccionamento para o pagamento do IBI, recorda que tamén foi o Partido Popular o que introduciu o sistema de pagamento fraccionado, do que xa se benefician 5000 persoas. Ó mesmo tempo di que que están abertos a esa situación de estudar a posibilidade de ampliar eses prazos fraccionados, pero é posible neste momento polas datas nas que estamos. Tamén se amosa disposto a establecer un sistema de pagamento á carta. Na bonificación por domiciliación, di que este ano levan a proposta de que os recibos domiciliados se paguen o último día, co cal ten unhas ventaxas importantes para o contribuínte, e non obstante tamén está aberto a estudar esa posibilidade de establecer unha bonificación nos recibos domiciliados para, ao mellor, introducilos o próximo ano.



En suma, reitera a súa disposición para proceder a calquera tipo de negociación, e chegar aos acordos necesarios.

No referente ás alegacións realizadas polo voceiro socialista, retruca que as débedas aínda non están pagadas, aínda se deben 48 millóns de euros, e máis de 6 millóns de devolucións de participacións nos ingresos do estado. Di que unha cousa é que neste momento haxa unha situación financeira saneada, derivada do superávit do ano 2013, que permite acometer estas medidas fiscais, e outra cousa distinta, é que as débedas estean pagadas, porque non o están.

Polo tanto insiste no mesmo, di que a propia lei establece os sistemas de equidistribución que permite a lexislación actual, evidentemente o IBI se paga en función da capacidade económica de cada persoa, porque está vinculado ao valor catastral de cada vivenda e ás correccións das bonificacións que se establecen na lei e nas propias ordenanzas como as vivendas de promoción autonómica, os núcleos rurais, etc.

En base ás outras propostas formuladas, insiste en que o Partido Popular está aberto a ese consenso, e que se creará esa comisión no período de alegacións para establecer as propostas formuladas no día de onte, como estudar a renovación da taxa de licenza de aperturas, a bonificación do IBI en materia de vivendas que teñan instalada a enerxía solar ou o aproveitamento térmico, no que se incluírá a posibilidade da biomasa e a posibilidade de establecer no marco dos orzamentos unha subvención de carácter social para aquelas familias que teñan os seus membros en paro. Polo tanto, parécelle que están todas as propostas que formula o partido socialista. Insiste que no período de alegacións establecerán unha comisión coa representatividade dos grupos do pleno para poder cegar a un acordo beneficioso para toda a cidade.

**O Sr.Cela Diaz, concelleiro voceiro do grupo municipal do BNG,** comeza reiterando a súa disposición de falar absolutamente todo para buscar puntos de encontro, porque considera que están a falar de cousas moi importantes que condicionan o día a día da vida de moitos veciños e veciñas.

Agora ben, di que a expresión “estamos abertos a estudar”, non é a primeira vez que a escoita neste pleno polo que lle concede o beneficio da dúbida á vez que agarda que neste período de alegacións, se poidan por en común medidas que, dende o seu punto de vista, son razoables e razoadas.

Nese sentido, quere matizar, tres cuestións comentadas polo Sr.Quiroga anteriormente.

A primeira, a imposibilidade material legal de poder establecer bonificacións de tipo social no imposto de bens inmobles. Pensa que se trata dun criterio cando menos discutible, porque non considera que intencionadamente o Partido Popular neses concellos referidos na súa intervención anterior ademais doutros se estea a saltar intencionadamente e a sabendas a lexislación vixente. Di que se trata dunha cuestión interpretativa en base á Lei de Facendas Locais que non contempla ningún impedimento expreso a unha medida dese tipo.

Apunta a que algo parecido acontece co tema de recargo en vivendas baleiras de carácter permanente, retrúcalle ao concelleiro do grupo popular que non é que non se poida facer xa que se fai e en moitísimos sitios. Por exemplo na provincia de Guipuzcoa hai 55 concellos que xa aplican ese recargo, e de focalizar sobre outros ámbitos xeográficos, é posible nomear concellos de certa magnitude como pode ser o Concello de Oviedo. O Sr. Cela considera que se trata dunha de vontade política que se poida facer. Ao mesmo tempo recoñece que isto non está exento de problemas e contradicións á hora da súa aplicación practica pero di de aprobarse unha ordenanza nese sentido, sería posible atoparse con moitas casuísticas particulares que habería que analizar porque non é lóxico, por exemplo, que a unha persoa que se vexa obrigada a emigrar porque non atopa un posto de traballo na súa terra, se lle recargue o IBI da súa vivenda porque non está ocupada. Di que tampouco é lóxico que se maña unha persoa maior, por problemas de mobilidade, se ten que desprazar da súa vivenda habitual a unha residencia de persoas maiores, aínda se lle recargue aínda máis a vivenda porque non está ocupada. Tampouco ten sentido, apunta, que a alguén que pon a súa vivenda nunha axencia para intentar alugalo e non o consegue tamén se lle recargue no imposto de bens inmobles.

En calquera caso, di que ese non é o impedimento, e esa non debe ser a excusa para non avanzar en procesos deste tipo, porque tería varias cuestións positivas.

En terceiro lugar, recorda que o Sr. Quiroga amosou a súa dispoñibilidade a falar diso, pero certamente a súa antecesora, a señora Cecilia Sierra, xa lle manifestou na sesión do ano pasado e na de fai dous anos que a vontade dende logo sería aceptar unha proposta do BNG encamiñada a ese fraccionamento en doceavas partes para aquelas persoas que o necesitaran. Di que no seu día recoñeceu que foi un acerto incluír a posibilidade de fraccionar o imposto de bens inmobles en tres prazos, pois non é o mesmo pagar 500 euros de golpe que pagalo en tres prazos, e para determinado tipo de persoas non é o mesmo pagalo en tres prazos que poder pagalo mes a mes, e quen

fala do imposto de bens inmobles, fala do imposto de vehículos ou doutro tipo de impostos e taxas, polo tanto, tecnicamente di que é posible. Entende que iso require modificacións dos sistemas informáticos ou dos protocolos de actuación do concello, pero iso non pode ser escusa para non poñelo en marcha nunca. Recoñece que posiblemente de aprobarse hoxe, habería dificultades para aplicarse o día 1 de xaneiro de 2015, pero iso non pode ser escusa para que non se tome a decisión política de camiñar nesa dirección, e se tomen as medidas oportunas para que iso se poida efectivizar, e se non pode ser, certamente, a comezos de 2015 será máis adiante, o importante di que é tomar a decisión política.

Polo tanto, anuncia de novo a abstención do seu grupo na votación do día de hoxe e agarda que no período de negociacións desas alegacións, poidan plantexar por escrito unha vez máis as súas propostas para atopar puntos de encontro polo ben da cidade.

**O Sr. Reyes Santiás, concelleiro voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE**, con respecto ao tema da débeda, di que o PP era coñecedor de que estaba dentro dos marxes legais e que se podía pagar perfectamente por mor dun plan de saneamento financeiro aprobado polo goberno anterior. A situación situación real afirma que é perfectamente coñecida porque ten que estar nunha auditoría contratada polo actual goberno e pola que todos os veciños e veciñas pagaron catrocentos mil euros. Sen embargo, ningún a ten visto, agás o grupo popular.

No tema das ordenanzas, agradece que na proposta actual, que recolle algunhas das alegacións do PSdeG-PSOE dos últimos anos, e o que ten manifestado o Sr. Quiroga no presente pleno, se incorpore o 80% das súas alegacións e asumen o compromiso de levar unha comisión técnica na que participen os grupos para debater as solucións técnicas e resolver o outro 20% das nosas alegacións.

De feito, valora moi positivamente que entendan que se tecnicamente se poñen problemas para resolver o tema das familias que están nunha situación difícil economicamente porque teñen todos os membros en paro e esgotaron calquera tipo de prestación, ou familias monoparentais que non superan o Iprem, o goberno asuma a necesidade dunha subvención para esas familias nos próximos orzamentos de 2015. En consecuencia, considera que é positivo, porque os orzamentos deste ano son de carácter social tal e como o grupo socialista leva reivindicando todo este mandato.

Di que vai existir unha clara diferenza entre o grupo popular e o grupo socialista no caso de aprobar conxuntamente estas propostas de ordenanzas. Mentres o PSOE a fai porque sempre mantiveron que había que levar unha política socialdemócrata para sacar adiante esta cidade e axudar dende o concello, a superar unha situación de crise

económica na que estamos, o PP o fai por motivos electoralistas. Con todo, o importante é que beneficiará aos veciños e veciñas de Santiago de Compostela.

Por outra banda, anuncia que o seu grupo plantexará diante da asunción por parte do goberno do Partido Popular as propostas que levan facendo dende o principio do presente mandato. Di que o Partido Socialista votará a favor da aprobación inicial destas ordenanzas, entendendo que aínda falta moito para ter unhas ordenanzas fiscais progresivas, pero ten a clara convición de que hoxe se ten dado un paso aínda que sexa pequeno. Así, reitera o voto a favor do seu grupo en base á aprobación inicial das ordenanzas fiscais para o 2015.

**O Sr. Quiroga Irmia, concelleiro do grupo municipal do Partido Popular e Delegado da Área de Facenda**, fai uso da facultade prevista no artigo 73.1.c do Regulamento Orgánico do Pleno da Cidade de Santiago de Compostela, e comeza agradecendo tanto o voto de confianza do voceiro do grupo socialista como a súa vontade de consenso. Tamén a do voceiro do BNG aínda que se absteñan, por recoñecer a disposición do goberno de poder chegar a acordos. Di que dende o goberno continuarán traballando na posibilidade de aumentar o fraccionamento do pagamento dos impostos. Afirma que o ideal sería poder puidesen chegar a un pagamento á carta, pero neste momento resulta totalmente imposible. Sen embargo, apunta que continuarán traballando no vindeiro ano. En canto ás propostas principais recoñece que teñen problemas e contradicións e por seguridade xurídica non se poden adoptar polo de agora.

Aludindo á última manifestación do Sr. Francisco Reyes, insiste no seu agradecemento polo seu voto a favor das ordenanzas municipais e apunta que se neste momento resulta posible acometer estas medidas é grazas ao superávit que no ano 2013 tivo o concello. En suma, anuncia que se fará unha votación en bloque de aprobación do plan fiscal para o ano 2015.

Rematados os turnos de intervención e sometido o punto da orde do día a votación ordinaria ten lugar o seguinte resultado:

**Votos a favor: 21 (13 PP, 8 PSdeG-PSOE)**

**Votos en contra: 0**

**Abstencións: 3 (BNG)**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por 21 votos a favor correspondentes aos membros do grupo municipal do Partido Popular e aos membros do grupo municipal

do PSdeG-PSOE, e 3 abstencións correspondentes aos membros do grupo municipal do BNG, **aprobar a Modificación Inicial de Ordenanzas Fiscais para o ano 2015 nos termos transcritos.**

E non sendo outro o obxecto da sesión o Sr. alcalde-presidente deuna por finalizada sendo as **9 horas e 50 minutos** do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente

O secretario

Agustín Hernández Fernández de Rojas

Juan Manuel Salguero del Valle.